

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2015.**

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as dez horas e cinco minutos do día 18 de setembro de 2015, reuniuse o Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Ilustre Sr. Don Jorge Juan Suárez Fernández, coa asistencia dos seguintes señores/as: Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Francisco Javier Breijo Devesa, Don Diego Calvo Pouso, Dona Verónica María Casal Míguez, Don Bruno José Díaz Doce, Dona Eva Espiñeira González, Don Guillermo Ramón Evia Pérez, Dona María de la Luz Fernández Lemos, Dona María Eugenia Freire Fajardo, Dona María del Carmen García Fraga, Don Alejandro Langtry Caínzos, Dona María Esther Leira Penabad, Dona María Susana Martínez Galdós, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona Rosa María de las Nieves Méndez Fonte, Dona José Álvaro Montes Celeiro, Don José Manuel Rey Varela, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona María Teresa Riveira Roca, Dona Ana María Rodríguez Masafret, Don Felipe Sas Río, Dona Beatriz Sestayo Doce e Don José Tomé López. INCIDENCIAS: Cando se estaba tratando o punto 4 se fixo un receso de 12:00 h. ata ás 12:15 h. polo acto en repulsa dun asasinato de violencia machista e despois da votación deste punto, tratouse o punto 9 e entrevistou a sra. Lorena Dapena Merlán en representación da Asociación de Nais e Pais do CEIP Recimil. Despois na lectura do punto 5 ausentouse o sr. Montes Celeiro e non se reincorporou ata despois da lectura do punto seguinte. Asistidos polo Secretario Xeral Don Leopoldo Moure García e polo Interventor Municipal Don Manuel Vázquez Fernández, ó obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

-----

SR. REY VARELA: Moitas gracias. Unha cuestión de orde sobre a orde do día do Pleno. Isto trátase dun Pleno extraordinario. O artigo 91.4 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais establece que nos Plenos extraordinarios non se poden debatir mocións, nós non vamos entrar nunha cuestión de orde, no fondo obviamente da moción, pero é para solicitarlle como grupo político que se cumpran as regras establecidas nos regulamentos. Hai que cumprir a normativa, nos guste ou non nos guste, nós temos que velar porque se cumpla esa normativa. Polo tanto, témoslle que solicitar, xa digo, sen entrar no fondo do asunto, que retire esa moción da orde do día do Pleno.

SR. ALCALDE: Pois tomamos en consideración a proposta da cuestión de orde. Eu creo que a urxencia do tema a tratar non procede tomala en consideración, continuamos adiante coa orde do día.

SR. REY VARELA: -Sr. alcalde, permíteme. Vamos a ver, é que non é cuestión de tomalo en consideración, é unha norma. Polo tanto, eu pido que se dictamine de legalidade se se pode, sen unanimidade de todos os grupos plantexar a inclusión dunha moción nun Pleno extraordinario e, polo tanto, pediría que os servizos de asesoramento

xurídico que temos a disposición todos os membros da Corporación se pronuncien.

SR. ALCALDE: Ben, pois que se pronuncien.

SR. SECRETARIO: El Reglamento es claro. Las mociones quedan reservadas a los Plenos ordinarios.

SR. RIVAS RICO: -Sr. alcalde. Eu, en todo caso, pediríalle que o someta a votación do resto dos grupos municipais que están nesta Corporación.

SR. ALCALDE: Ben, pois tomando en consideración a posición do Sr. Rivas sometemos a votación.

SR. REY VARELA: -Sr. alcalde, non se pode votar a legalidade. Ou é legal ou non é legal.

SRA. SESTAYO DOCE: Unha cuestión de orde. A pesares de que, efectivamente, está previsto no Regulamento que con cotidianidade nos Plenos extraordinarios non se sustancien mocions, considera este grupo que tamén a soberanía popular que reside no concello e que reside nesta agrupación ... -Lles dará risa, entendo que dende a posición autoritaria que mantén o Partido Popular, pero eu escoitei con respecto, supoño que vostedes, a pesar de que lles costa, poden facer o mesmo-. O certo é que os acordos do Pleno e os acordos plenarios son soberanos e son vinculantes, polo tanto tamén manteño a posición do Bloque Nacionalista Galego e que se vote esta moción, que tanto parece afectarlle ó Partido Popular, que ten que defender os intereses da Xunta de Galicia de Feijoo.

SR. ALCALDE: Ben, pois considerando que non imos ser nós os que imos cortar a palabra a un grupo de veciños e veciñas sometémolo a votación, quedando aberta despois a vía legal que consideren oportuna.

1. PROPOSTA DA DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO, DE 30 DE XULLO DE 2015, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL EVENTUAL APROBADA CO ORZAMENTO DE 2015. Examinada a proposta que eleva a Presidenta da Comisión, que textualmente di:

"Con data 28 de agosto de 2015, o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Ferrol, interpón reclamación contra o Acordo do Pleno do Concello de Ferrol, adoptado en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2015, polo que se aprobou inicialmente a modificación do anexo de persoal eventual aprobado xunto co orzamento xeral municipal.

A Intervención Municipal emite informe con data 1 de setembro de 2015 no que conclue:

"(...) estímase que a actuación da Administración Pública está suxeita a unha presunción de validez, polo que as reclamacións que se presenten contra a mesma deben demostrar o contrario. Aínda incorrendo a Administración nalgunha infracción, débese valorar a

trascendencia da mesma e non se pode afirmar por iso a nulidade de todas as actuacións realizadas. No caso de haber algunha infracción menos grave, será posible, frecuentemente a corrección da mesma. No expediente actual, a única irregularidade observada é a diferenza observada entre o informe-proposta do Departamento de Recursos Humanos e o acordo adoptado finalmente polo Pleno. Esta irregularidade pode emendarse mediante un novo informe-proposta que coincida co acordo do Pleno e que sexa fiscalizado favorablemente pola Intervención municipal. A reclamación presentada deberá ser levada ao Pleno para a aprobación definitiva do Anexo de Persoal conforme á base 20 das Bases de Execución do Orzamento"

A comisión informativa de Economía, Facenda, Emprego e RRHH en sesión extraordinaria de 14 de setembro do actual dictaminou favorablemente a "desestimación da reclamación presentada contra o acordo do Pleno do Concello de Ferrol, adoptado en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2015, polo que se aprobou inicialmente a modificación do anexo de persoal eventual aprobado xunto co orzamento municipal de 2015" cos votos dos grupos Ferrol en común, PSOE, a reserva dos grupos BNG e Ciudadanos, e o voto en contra do PP.

Á vista do anterior

PROPOÑO

A desestimación da reclamación presentada contra o acordo do Pleno do Concello de Ferrol, adoptado en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2015, polo que se aprobou inicialmente a modificación do anexo de persoal eventual aprobado xunto co orzamento municipal de 2015".

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e co voto de calidade do Alcalde, aprobou a proposta anteriormente transcrita, trala repetición da votación de once votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común e Socialistas, fronte a once votos en contra correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular e tres abstencións, correspondentes ós sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos.

DELIBERACIÓN

SR. SAS RÍO: Sobre la estimación o desestimación de las alegaciones del Partido Popular sobre el acuerdo plenario celebrado el 30 de julio, simplemente reflejar un poco lo que nos transmite el informe de Intervención. Voy a intentar ser lo más breve posible, porque considero que en este Pleno hai cosas bastante más importantes que hablar que esto. Según las alegaciones del Partido Popular, nos hablan de los créditos de personal, que no están incluidos en el presupuesto y que no saben la relación que existe entre los gastos que vamos a ejecutar en este gobierno con respecto a los presupuestos realizados en el 2014, creo que es evidente que el presupuesto está totalmente cubierto, desde el momento que hemos reducido el número de asesores y hemos rebajado los salarios de dichos asesores. No entiendo muy bien, hemos rebajado de una manera bastante grande,

hemos bajado incluso los salarios de 48.000 euros brutos a 33.000. Es cierto que vamos a hacer un nombramiento en el que se eleva algo la cantidad, pero que, bueno, en el cómputo global está absolutamente claro que no nos vamos a sobrepasar en el presupuesto. De hecho hay meses que han estado presupuestados y que no se han ejecutado, debido a que precisamente por este problema burocrático hemos tenido ciertos problemas en el nombramiento de algunos eventuales.

En un segundo punto, donde se habla de los conceptos retributivos salariales de los eventuales, considero que está mal planteada esa distribución salarial, pero, de todas maneras, si lo que queremos analizar es exactamente el coste que tienen estos salarios, nos dá un poco igual que esos 33.000 euros que hemos dado de salarios estén en un concepto o en otro, porque como todos ustedes saben, el salario base y cualquier otro concepto que esté en la nómina de los eventuales va a cotizar de la misma manera. Entonces da un poco igual. Da un poco igual que haya un complemento de destino con 15.000 euros que un salario base con 15.000 euros. Al final el coste va a ser absolutamente el mismo.

En cuanto a que acusan al gobierno municipal a llevar a Comisión o a Pleno una propuesta no dictaminada por la xefa de sección pertinente. Bueno, puede que haya habido unha infracción leve que habría que demostrar, pero que mediante el informe de Intervención su subsanación está perfectamente arreglada, mediante un informe que está aquí, que es un informe hecho por la Jefa de Servicio de Recursos Humanos el 8 de septiembre de 2015 y ratificada por Intervención el 9 de septiembre de 2015, con lo cual ese problema queda absolutamente subsanado.

Y en cuanto a la modificación de la RPT, ya que han presentado un recurso de reposición pues, bueno, lo contestaremos en el momento adecuado y en los plazos legales acordados.

Yo creo que las alegaciones no tienen mucha base y creo que desde el gobierno pues vamos a desestimarlas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias, Sr. alcalde. Ciudadanos, ya en el Pleno del 30 de julio, manifestó su oposición frente a alguno de los puestos de personal eventual fijados por el gobierno municipal, concretamente por el Gerente de Urbanismo, al entender que este puesto necesitaba del asesoramiento profesional concreto sobre unas materias concretas y ni tan siquiera servía siquiera que fuera desempeñada por cualquiera Al, sino por una persona especializada en Urbanismo. Hoy en el Pleno esta reclamación se nos trae por defectos formales, que quizá puedan ser atendidas, se decidirá quizá más bien en un Juzgado por el recurso de reposición que ya se ha formulado. En todo caso vamos a abstenernos en este planteamiento por entender que un defecto de forma no suple un acuerdo que sí está toma aún en contra de nuestro voto en un principio, porque entendemos, efectivamente, que con razones de peso y de fondo, no de forma, sino de fondo, sí sería exigible que algunos puestos se hubieran concretado de otra manera en este Pleno. Gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Muy buenos días y muchas gracias, Sr. alcalde. Bueno, en primer lugar decir que se comenta en este primer punto del orden del día de un Pleno extraordinario como el de hoy que este no es un punto importante. La verdad es que, bueno, esa es una

valoración que hace el gobierno. Lo que nosotros nos preguntamos es que si no es importante por qué no se incluye en el Pleno ordinario que se celebra o que se va a celebrar la semana que viene y que se convoca dentro de dos días y se incluye en un Pleno extraordinario, que precisamente se llama extraordinario por algo. Pero, bueno, en cualquier caso y dicho lo cual, quisiera comenzar mi intervención sobre este punto destacando lo curioso, lo curioso que está resultando para este gobierno municipal el nombramiento del personal eventual en este concello y creo que en este mandato ya han conseguido pasar a la historia del concello por lo que está ocurriendo con el personal eventual. Nunca, en ningún gobierno, ha sucedido lo que en éste. Desde el primer Pleno, Pleno celebrado el pasado día 2 de julio, en todos y cada uno de los Plenos posteriores desde entonces ha habido algún punto relacionado con el personal, en todos, con el personal eventual; incluso, como vemos, en el de hoy, en un Pleno extraordinario y, ojo, tenemos claro que éste no será el último, porque tenemos claro también que vendrán otros Plenos y en otros Plenos volveremos a traer a este debate al personal eventual.

Pues bien, el primer capítulo de esta historia se remonta, como decía antes, a ese Pleno del 2 de julio, el famoso Pleno de organización y en ese Pleno el gobierno consigue sacar adelante la propuesta de personal eventual definiendo el número de asesores y sus retribuciones. Por cierto, consigue sacar adelante esa propuesta con un acuerdo in extremis, fruto de un receso que se celebra en la propia sesión plenaria y que le cuesta reducir uno de esos puestos de personal eventual, inicialmente propuestos, quedando de esa manera con el mismo número de asesores que el que había en el anterior gobierno. Y una vez aprobada esa relación de personal eventual y una vez aprobadas sus retribuciones, lo normal, lo habitual en este concello y en cualquier concello, es que a partir de ese Pleno se proceda al nombramiento de todos y cada una de esas personas a ocupar esos puestos eventuales. Aquí nada más lejos de la realidad, a partir de ahí empiezan los despropósitos. En el Pleno siguiente, 30 de julio, el mismo mes. Incluyen, no uno, dos puntos relativos al personal eventual. Puntos que, por cierto, también van y vienen, se modifican, presentan una propuesta a la Comisión Informativa, modifican en la Comisión esa propuesta inicial antes de la celebración del Pleno con rectificaciones de errores, vuelven a introducir modificaciones, improvisación absoluta, llegando incluso a proponerse al Pleno adoptar acuerdos que no coinciden con las propuestas informadas por los técnicos municipales, tal y como se reconoce en el informe de Intervención vinculado a esta reclamación interpuesta por nuestro grupo municipal. Y esos dos acuerdos de ese Pleno del 30 de julio son los siguientes: Primero, la aprobación de una RPT, de una Relación de Puestos de Trabajo de personal eventual. Una RPT que nunca hasta ahora había existido en este concello, pero que incluso podríamos considerar que se trata de un documento oportuno. Podríamos considerar que sería o que puede ser un documento oportuno si fuera una RPT como exige la normativa, una RPT completa, con una descripción de puestos y no una RPT como la que se aprobó, vacía totalmente de contenido. Una RPT como la que se aprobó, que recoge únicamente las retribuciones económicas de los puestos, una

cuestión que ni haría falta, porque ya se había aprobado en el primer Pleno de organización. Y una RPT que ha sido, efectivamente, recurrida por este grupo municipal, por una serie de cuestiones legales que se recogen en ese recurso y que próximamente tendremos ocasión de debatir, pero en todo caso una RPT en la que no se hace la más mínima mención al grupo que se le debe exigir a la persona que vaya a ocupar cada puesto. Es decir, una RPT que recoge puestos como, por ejemplo, puesto de Gerente de Urbanismo, o puesto de Asesor Jurídico de Medio Ambiente y Urbanismo y lo cierto es que a pesar de que es una RPT, Relación de Puestos de Trabajo, no se exige ningún grupo, ninguna formación profesional a puestos como los que acabo de citar. Pues lo cierto es que el puesto de Gerente de Urbanismo podría ocuparse por una persona que careciera totalmente de conocimientos urbanísticos o que el puesto de Asesor Jurídico podría ser ocupado por una persona que ni siquiera tuviera la licenciatura en Derecho. Por poder podrían ser puestos ocupados por personas que ni siquiera tuvieran el Bachillerato. Y la verdad es que creo que no podemos olvidar que los sueldos del personal eventual son sueldos que salen de las arcas municipales y que las retribuciones que se fijan presuponen una profesionalidad suficiente como para desarrollar unas determinadas funciones que razonablemente exigirían una formación mínima para el puesto, porque la cuestión es, si esto no se hizo con esa RPT, para qué queremos una RPT si no la dotamos de ese contenido mínimo. Y junto a esa RPT -en ese Pleno de 30 de julio- también aprueban una modificación del anexo de personal. Del anexo de personal que se acompañaba al presupuesto municipal para el 2015 y que en el mismo sentido que la RPT obvia recoger los grupos de cada uno de esos puestos de personal eventual. Lo cierto es que en el presupuesto municipal para el 2015 existía un anexo de personal. Y un anexo de personal en el que se recogía de una forma desglosada lo que eran las características económicas de cada puesto y no sólo eso, sino que se recogía de forma desglosada el grupo correspondiente a cada puesto, A1, A2, C, etc. Pues bien, este gobierno, con esta modificación, lo que pretende también es esquivar este requisito, al igual que con la RPT. Es decir, sortear los requisitos de titulación exigibles a las personas que vengán a ocupar un puesto público de carácter eventual. Y por eso se presentó esta reclamación y por eso, desde luego, ustedes la desestiman porque no entra dentro -entendiendo de sus objetivos. Con estos dos acuerdos ustedes lo que han pretendido es adaptar los puestos eventuales a las personas, a las personas que ustedes quieren que ocupen esos puestos. Nosotros opinamos lo contrario. Nosotros opinamos que son las personas las que tienen que adaptarse a los puestos y las que tienen que adaptarse a las funciones que deben desarrollar, porque van a trabajar para todos, porque van a cobrar de las arcas municipales y porque deben tener la formación y los conocimientos mínimos necesarios para desarrollar las funciones de cada puesto con profesionalidad. Y eso se debe de cumplir al margen de cuestiones políticas, al margen de quien gobierne en cada momento. Esa es una cuestión objetiva que hasta ahora siempre se respetó, pero que ahora pues este gobierno quiere eludir y para ello recurre a este tipo de acuerdos que desde luego hasta ahora no habían sido necesarios. Y por eso, y por

coherencia, como se imaginarán, no podemos votar a favor de la propuesta.

Y para continuar con los capítulos siguientes de la historia tampoco podemos olvidar algún extremo que me gustaría citar. Modificación del anexo de personal. La modificación del anexo de personal tiene una tramitación determinada, concretamente la misma que la del presupuesto municipal: Aprobación inicial, exposición pública para resolución de reclamaciones, resolución de reclamaciones y aprobación definitiva. Evidentemente, con la aprobación definitiva entra en vigor esa modificación. ¿Qué ha pasado en el presente caso? Efectivamente, se llevó a cabo esa aprobación inicial y hoy se trae la desestimación de la reclamación que ha presentado este grupo municipal. Por tanto falta la aprobación definitiva para que entre en vigor, pero, sin embargo, lo que nos encontramos es que ya en este momento se han ocupado determinados puestos eventuales que necesitaban de esta modificación y que ese nombramiento se ha producido incluso antes de que esa modificación haya entrado en vigor. Me gustaría que se aclarase cómo esto ha sido posible. Y, por cierto, en la Comisión Informativa de este lunes se lleva a dictaminar la aprobación definitiva de esa modificación del anexo de personal y en cambio hoy no se trae a Pleno. También me gustaría que nos explicasen o nos aclarasen cuál es el motivo.

Y para ir finalizando, creo que tampoco puedo terminar sin concluir que el nombramiento de eventuales en este mandato creo que no se puede calificar de otra manera que no sea como una nefasta gestión de este gobierno municipal. Y es que si ni siquiera han sido capaces en tres meses de nombrar debidamente a su personal eventual, yo me pregunto cómo van a poder gestionar el resto de cuestiones de este ayuntamiento. Algo que se resuelve en un único Pleno, en el Pleno de organización se está convirtiendo en una historia sin final y que desde luego todavía no ha acabado. Una historia en la que está claro que las personas que ocupan o que vayan a ocupar esos puestos no tienen culpa, sino que es responsabilidad del gobierno. Pero una historia que además se agrava por una circunstancia. Y se agrava por la situación que se ha generado en este concello y que creo que nunca se ha dado. Y me refiero a la existencia de una figura nueva en esta entidad local. La figura del cooperante. Y es que tal y como hemos venido denunciando, han sido varias las personas que durante días, meses, han ocupado esos puestos, han realizado trabajos calificados, incluso por el propio alcalde, como de cooperación. Y lo cierto es que han estado prestándose servicios laborales sin coberturas legales, sin coberturas laborales, sin altas en la Seguridad Social, sin cotizaciones, sin retribuciones y desde luego creo que esta es una situación que no tiene ningún tipo de justificación. Ninguna. Ni recurriendo a la figura de la cooperación. Y nos alegramos. Nos alegramos de que no haya ocurrido ningún incidente que podría tener graves consecuencias para esta Administración. Y desde luego decir también que no nos consta que se haya regularizado, y todo apunta a que todavía hoy, más de tres meses después de la constitución de esta Corporación, aún existe alguna persona que sigue cooperando en estas condiciones para este gobierno. Una situación que no compartimos. Una situación que denunciamos públicamente y que exigimos que se

regularice de forma inmediata, por el bien de los trabajadores y por el bien de nuestros vecinos. Es realmente curioso, curioso, que un gobierno, con un discurso como el suyo y con unos miembros tan vinculados a los sindicatos, incluso el alcalde, permitan estas situaciones y las justifiquen recurriendo a estas figuras. Pero esta es la coherencia de este gobierno, una coherencia que la verdad es que no solamente les falta en este punto del orden del día, sino que como veremos a lo largo de este Pleno, en la mayoría de puntos de este Pleno se pone de manifiesto la permanente incongruencia y la permanente incoherencia de este gobierno. Incoherencia y nula gestión. Ese es el resumen de este punto y lamentablemente creo poder anunciar que ese será el resumen de todo este Pleno. Nada más.

SRA. FREIRE FAJARDO: Bos días a todos e a todas. Vou ser breve. Porque, Sra. Aneiros, ten razón nunha cousa, que o desenvolvemento deste tema é ben curioso. Pero é ben curioso polo tratamento que o PP lle está dando. E é ben curioso que ante este tema no que como máximo pode demostrarse, se se pode demostrar e se demostrará, se se pode, no seu momento, non neste, pode existir un erro no procedemento administrativo. Se pidan tantas explicacións e nembargantes sobre o presunto fraude da Edar non se pide ningún tipo de explicación sobre o que alí se facía ou mellor dito neste caso o que non se facía e que se supón que era un engano absoluto para o conxunto da cidadanía. Se eso é exemplo de boa xestión, pois moi ben.

Unha vez máis, se amosa que ó grupo Popular non lle importa nin a diminución dos asesores, nin a diminución dos salarios de ditos asesores, tal e como se desprende do seu intento frustrado de negociación co goberno municipal no que a cambio dun segundo secretario para o seu grupo aceptaban o número de asesores que foran, os nomes que foran e os salarios que foran. Ademais tamén sería interesante que desen conta nalgún momento no que lles está a costar ós cidadáns as obras que están a realizar no seu novo local do concello, ocupando ademais o tempo da cuadrilla municipal. Estamos seguros que este punto non estaría a tratarse agora se o goberno municipal actual non se houbera negado á chantaxe explícita do grupo Popular. Gracias.

SR. SAS RÍO: Todo lo incluido en un Pleno, Martina, es importante. Yo lo único que he dicho es que este tema creo que es el menos importante de todos.

En cuanto a la ineficacia en la gestión que estamos haciendo con el nombramiento de los eventuales, pues simplemente refrendar lo que está diciendo Eugenia. Creo que si pudiésemos haber llegado a un acuerdo hubiésemos llegado a un acuerdo, pero creo que lo que estamos haciendo es un ejercicio jurídico, que está muy bien, que al ciudadano creo que no le interesa demasiado y no lo va a entender demasiado bien. Es algo que creo que deberíamos de tratar en el Colegio de Abogados mejor, para definir lo que es un acto administrativo, lo que es un procedimiento. Lo que hay que dejar claro desde el primer punto es que el nombramiento de los asesores, está absolutamente claro que todos los gobiernos pueden nombrar a los asesores que les parezca. Un número determinado que se acuerda en Pleno, un salario determinado que se acuerda en Pleno, pero lo que estamos hablando aquí de las titulaciones y de la formación y de todo



lo que necesita tener un asesor, por ley no veo yo dónde lo especifique. El otro día Rosa me decía que actuaba con demagogia en el aspecto de que si yo quiero contratar a Amancio Ortega como Asesor de Promoción Económica yo no podría, porque según la teoría del Partido Popular sólo podrá hacerlo alguien que tenga la titulación suficiente, cuando la ley dice totalmente lo contrario y creo que estamos en un debate totalmente legalista, donde estamos discutiendo lo que marca la ley o no. El punto de partida del nombramiento de los eventuales, que creo que es la gran diferencia que tenemos con el Partido Popular, es la formación de los asesores. Cuando el primer punto de partida para el nombramiento de los asesores, se especifica claramente en la ley, que no hace falta formación definida para los puestos que se adjudican.

En lo que respecta a lo que decías de un receso, pues se llegó a un acuerdo, creo que es un procedimiento normal, ¿no?, si estamos abordando un tema jurídico y estamos hablando de democracia y estamos hablando de que vaya todo por el libro, pues un receso creo que es una cosa normal que se puede hacer. Se hace un receso, se arreglan las cosas y punto y final.

Y luego un punto que me parece que es un tema candente en los últimos tres meses, que es el tema del Asesor de Urbanismo. Estamos exigiendo una profesionalidad absoluta, estamos hablando del Gerente de Urbanismo. Yo no sé qué titulación tenía el Gerente de Urbanismo en el gobierno anterior. No lo sé. Nada más en principio.

SR. RIVAS RICO: Únicamente para explicar a nosa posición e explicar que nós queremos insistir no que debe ser a competencia dun goberno para designar o personal de apoio que consideren en función das súas necesidades adaptándose a uns criterios que neste caso nós decidimos que debería axustarse á cuestión económica do anterior mandato. Pero insistir tamén na necesidade de que se faga con responsabilidade e que se faga adaptándose á norma e ó procedemento. O que si, tamén nos gustaría que se aplicase o mesmo rigor na aplicación desta norma e destes procedementos, como demanda o Partido Popular, coa intención de impedir que se poida debatir un tema fundamental para esta cidade, como é a falta de persoal docente nun centro como o centro de Recimil. Como digo, gustaríanos que se aplicase o mesmo rigor no cumprimento doutra norma e dunha Ordenanza de Normalización Lingüística, que aquí todo o mundo asume que non ten que cumprila e non só o Partido Popular. Polo tanto agardo que ese rigor que se pretende aplicar se faga con todas as normas que se desenvolven e que se teñan aprobado neste Pleno municipal. Moitas grazas.

SRA. ANEIROS BARROS: Brevemente. Decía, yo creo que no es muy apropiado el tono que por parte del gobierno se hace de la defensa de este punto y me refiero en este caso a la intervención de la Sra. Freire. La verdad es que, bueno, en cuanto al número de asesores me parece mentira que usted diga que no estamos a favor de la disminución de asesores, cuando, efectivamente, nosotros lo solicitamos y nosotros dimos ejemplo en nuestro gobierno, en el mandato anterior, reduciendo considerablemente con respecto a los asesores que había en el anterior gobierno socialista. Y me parece curioso que hoy cuestiones como el número de asesores, pues el

gobierno actual cuenta, dentro de lo que es el personal asesor de los grupos, con dos miembros, con dos asesores, cuando el gobierno anterior contaba solamente con uno. En cualquier caso, creo que este ha sido un debate al que ya nos hemos referido en el primer Pleno, pero, bueno, siguen insistiendo, igual que siguen insistiendo en echarnos en cara que tuvieran que dotarnos de un local mayor al que teníamos, un local de 15 metros cuadrados como el que teníamos y en el que creo que debo recordar que hoy el grupo municipal del Partido Popular en la oposición está constituido por once concejales, un número de concejales pues que anteriormente no había existido en la oposición, y creo que dotar a un grupo municipal de las condiciones mínimas, creo que es una cuestión legal que está prevista en el propio Reglamento Orgánico de este concello. No sé si ustedes ahora se arrepienten o piensan echárnoslo en cara durante el resto del mandato. Pero creo que este grupo municipal pueda desarrollar su trabajo de fiscalización de oposición en unas condiciones mínimas y dignas, creo que es lo menos que se puede hacer por parte de un gobierno. Y en cuanto a lo demás, la verdad es que es curioso que a este gobierno le cueste tanto defender sus propuestas, sus decisiones y sus ideas si no es atacando a los que están enfrente. Realmente es curioso porque cuando ustedes, venimos aquí, se trata un tema, es difícil que no se reconduzcan hacia otros temas distintos. Vamos a tener ocasión de hablar de la Edar, de la depuración y de la tasa, vamos a tener ocasión de hablarlo posteriormente. No hace falta que ustedes se defiendan en este punto del personal eventual recurriendo a este tipo de argumentos, porque realmente lo que hacen es demostrar que no tienen razón de defensa. Y simplemente por puntualizar, como creo que no debemos de poner en tela de juicio cuestiones personales que afectan pues en este caso a personas que formaron parte de anteriores Corporaciones, simplemente puntualizar, el Gerente de Medio Ambiente en el gobierno anterior era licenciado, A1.

SR. ALCALDE: Antes de darlle a palabra á Sra. Freire.

Cando vostede se refire a que o goberno anterior contaba cun asesor e o goberno actual con dous, estase referindo, para que quede expresamente explicitado, que estamos falando de secretarios de grupo.

SRA. FREIRE FAJARDO: Penso que non temos que dar demasiadas explicacións sobre a razón, é evidente que a temos. A razón nola dá o informe presentado pola Intervención neste caso e que fala punto por punto desestimando as vosas alegacións. Ademais estamos a falar da falta de título da persoa que está cubrindo a Xerencia de Urbanismo, cando todos sabemos que aquí non existe tal Xerencia de Urbanismo, polo tanto as titulacións dun xerente, pois non existe tal xerente porque non existe Xerencia.

SR. SAS RÍO: Simplemente decir que no era ningún tipo de alegación personal al anterior Gerente de Urbanismo al cual me une bastante amistad, pero quiero decir que, bueno, Martina me dice que era licenciado. Era licenciado, y si es licenciado en matemáticas quizás no sepa nada de urbanismo. Quiero decir, esta es un guerra que me parece que es que desde el punto de partida de la ley, donde se dice explícitamente que a los asesores no se les exige ningún tipo de titulación, creo que es una guerra. Es que no entiendo muy bien cuál

es la guerra. Podemos poner, resulta que preferimos a un matemático de Gerente de Urbanismo a un aparejador, por exemplo. No sé, no entiendo muy bien esta disquisición, esta lucha por la defensa de la titulación en ese caso, cuando desde el punto de partida, que es lo que marca la ley inicialmente, es que no se marca la titulación. Simplemente eso.

SR. ALCALDE: Antes de proceder á votación, tamén quería facer unha consideración formal. Facía referencia a Sra. Aneiros do nomeamento durante a aprobación inicial. Quero dicir que eso ten dictame favorable da Intervención e por eso se fixo así.

Por último, unha consideración xa a título persoal. Que a estimación desta reclamación por motivos formais, dada a situación do organismo en Ferrol -creo que é importante telo en conta- pois bloquearía o nomeamento dunha xornalista que teña un contrato de traballo estable, por este tipo de recursos, como digo, na miña opinión, por motivos exclusivamente formais.

Entón, bueno, imos proceder á votación.

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 26/2015, SUBEXPEDIENTE N° 12/2015 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di:

"Ante a necesidade de facer fronte a diversos gastos de competencia municipal, a Concelleira de Economía, Facenda e RRHH (por delegación de 29/06/2015) solicita a tramitación de unha modificación presupostaria que permita dotar de crédito as partidas orzamentarias oportunas.

Consonte o disposto no RD 500/90, no artigo 179 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da *Lei reguladora das facendas locais*, e nas *Bases de execución do Orzamento*, poderán transferirse créditos sempre que non se vulneren os límites do artigo 180 do TRLFL.

De conformidade coa dita normativa, propóñolle ao Excmo. Concello Pleno:

**Primeiro.**-Aprobar o expediente de modificación de créditos n° 26/2015, subexpediente 12/2015 de transferencia de créditos, segundo o seguinte detalle:

#### **TRANSFERENCIAS NEGATIVAS**

01001-9121-23000	Dietas membros da Corporación	648,02
01001-9121-23100	locomoción membros da corporación	1.220,17
02001-9311-48000	transferencias correntes	14.000,00
02002-9202-20000	arrendamento de terreos e bens naturais	280.000,00

02002-9202-22603	publicación en diarios oficiais	6.000,00
02002-9334-21200	Edificios	5.966,91
02002-9323-48000	transferencias correntes	17.000,00
02104-2413-22699	outros gastos diversos	15.000,00
02104-2412-74000	transferencias de capital	200.000,00
03211-1331-21500	mobiliario	3.000,00
03211-1321-63300	maquinaria instalacións técnicas e ferramenta	6.000,00
03213-1331-62900	outros investimentos	17.474,73
03214-1361-22104	vestuario bombeiros	10.000,00
04102-3342-21200	mantemento edificios	1.000,00
04102-3342-62500	mobiliario	1.000,00
05003-3263-62300	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	1.500,00
05003-3332-22110	productos de limpeza	1.300,00
05003-3332-22199	outros subministros	1.300,00
01002-9121-22699	gastos diversos	3.000,00
01002-9121-16205	Seguros	776,51
01104-9232-22200	Servizo de telecomunicacións	8.006,04
<b>TOTAL</b>		<b>594.192,38</b>

#### TRANSFERENCIAS POSITIVAS

03106-4412-22799	Traballos realizados por outras empresas	23.659,99
03106-1623-22799	Traballos realizados por outras empresas	5.473,99
03318-4141-21200	Reparación edificios e outras construcións	35.000,00
03008-1522-21200	Reparación edificios e outras construcións	91.200,00
03008-1522-21400	Elementos de transporte	16.700,00
03008-1522-22199	Outros subministros	3.300,00
03008-1522-63300	Investimento en maquinaria e instalacións técnicas	33.500,00
03007-1533-21000	Reparacións infraestructura e bens naturais	67.100,00
03007-1533-60900	Outros investimentos	67.100,00
03007-1533-22199	Outros subministros	16.800,00
03106-1722-22799	Traballos realizados por outras empresas	4.000,00
03004-1512-60900	Outros investimentos	13.358,40
03004-1501-22799	Traballos realizados por outras empresas	50.000,00
03004-1512-22706	Estudos e traballos técnicos	18.000,00
03106-1623-22799	Traballos realizados por outras empresas	72.000,00
04102-3342-22699	Outros gastos diversos	2.000,00
04001-2311-22799	Traballos realizados por outras empresas	2.000,00
04203-2313-22699	Outros gastos diversos	55.000,00
02104-2413-22706	Estudos e traballos técnicos	18.000,00
<b>TOTAL</b>		<b>594.192,38</b>

**Segundo.-** Este acordo será obxecto de exposición pública durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

**Terceiro.-** No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase definitivamente aprobada a modificación".

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos de Ferrol en Común, Socialista e Ciudadanos, acordou REXEITAR a anterior proposta.

#### DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Os puntos 2 e 3, dado que están directamente vinculados, se non teñen inconveniente imos facer un debate conxunto e unha votación por separado.

SRA. FREIRE FAJARDO: Propoñemos un modificativo por valor de 774.192,38 euros, co obxecto de axeitar un orzamento aprobado por un goberno anterior, as prioridades de gasto deste novo goberno, cubrindo partidas como a de Benestar, a de Obras, a de Urbanismo, a de Igualdade ou a de Xuventude e algunhas outras, que se atopaban realizadas en máis dun 90%. Aínda que todos os grupos municipais penso que tiveron tempo para coñecer e preguntar calquera dúbida sobre esta modificación, tal vez non estea de máis indicar aquí algúns puntos. As tres partidas que absorven a maior parte deste millón de euros, aquí este millón de euros, tendo en conta unha transferencia directa que se vai facer dende a Alcaldía, que se fará ó mesmo tempo, da que non é necesario dar conta ó Pleno, pero que por transparencia non temos ningún problema en por encima da mesa. As tres partidas, como dicía que absorven a maior parte deste millón de euros, se reparten da seguinte forma: O 30,5% adicarase a vivenda, obras e rehabilitación, un total de case 300.000 euros, donde máis de 134.200 adicarase ó mantemento dos viais. O 26,7% adicarase a Benestar, como creo que non podería ser doutra forma, cun total de 263.000 euros adicados a becas de comedor, á área da infancia, familia e adolescencia e a dinamización social dirixida a persoas maiores. Neste punto quero facer fincapé na transferencia da Alcaldía da que falei antes. Esta transferencia, da que non temos que dar conta ó Pleno, pero que por coherencia e transparencia, repito, nos parece importante que se coñeza, ten como partida de orixe 200.000 euros que están destinados ó tan necesario plan de mobilidade. A xustificación de dar utilidade a estes cartos en actividades distintas a esta, explícase por que este plan, tal e como estaba concebido polo PP, non se axeitaba á normativa estatal e nin tan siquera contemplaba a sinalización vertical nin os pasos peonís necesarios. Neste momento o técnico está a axeitar este plan para adaptalo á normativa vixente. Como xa lle comunicamos ó colectivo de minusválidos, o grupo do goberno comprométese a desenvolver este plan no ano que vén. Por suposto actualizado e mellorado. O 25% adicarase a Urbanismo. Destinaranse un total de 246.000 euros, que irán destinados a arranxar a cuberta da Sociedade Galega de Historia Natural, as expropiacións de Basanta e Espiño, o equipamento da cafetería do novo local social de Canido e a inclusión nel dun novo comedor senior, bueno, para as persoas maiores, sen esquecer a realización dos proxectos e memorias necesarios para poder solicitar para a cidade un novo Plan Urban. O resto do destino deste modificativo se reparte entre partidas adicadas ós arranxos urxentes

no Castelo de San Felipe, a realización de aquí a fin de ano de actividades coa mocidade, para pagar á Mancomunidade a nosa parte do servizo da canceira municipal, para solucionar a situación dos cans que se atopan en Terracán e para diversos proxectos de promoción económica e para pagar determinadas facturas relacionadas co convenio de bicicletas co Concello de Narón e do punto limpo.

As partidas que se minoran manteñen o crédito necesario para o correcto funcionamento do servizo do Concello ou ben estaban adicadas a fins non compartidos por este goberno. É unha modificación, pensamos que axeitada á situación actual do orzamento e que de non poder levarse a cabo non será culpa nosa, que non se podan levar a cabo e realizar actuacións tan necesarias como o arranxo de viais ou a construción dun novo comedor senior. Gracias.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias, Sr. alcalde. Los expedientes para la modificación de créditos por transferencia, así como los créditos extraordinarios de suplemento de crédito son, entendemos, frecuentes en la gestión de los recursos municipales. El hecho de que se pretendan habilitar nuevas partidas o implementar algunas existentes ya por no resultar suficientes entra dentro del ejercicio político y la normalidad política y así lo entendemos. La preocupación de Ciudadanos, en todo caso, en estas modificaciones que se han planteado y están hoy en Pleno, es fundamentalmente en observar si las partidas que se implementan se encontraban dentro de la coherencia, y así lo entendemos, y si existía algún colectivo perjudicado en las partidas que se detraían. En este caso la preocupación pudo entenderse u observarse así en un principio, quizás, con las ayudas a emprendedores con un importe de 150.000 euros, que se encuentran en el expediente nº 27. Sin embargo, y visto desde la perspectiva también de que entendíamos que podía ser una subvención a fondo perdido en principio, como se estaba planteando por el anterior gobierno, y siendo una filosofía distinta a la de Ciudadanos, que es la de entender, en todo caso, que los emprendedores necesitan un asesoramiento integral y que debe realizarse a través de un seguimiento y una cesión de espacios públicos y un apoyo incluso de empresarios con experiencia y solvencia y una manera distinta a la subvención, entendemos que ese colectivo tampoco podría resultar perjudicado. En todo caso, también sentimos y decimos e instamos con carácter urgente a este gobierno que a la mayor celeridad inicien unas políticas para emprendedores en el sentido y en la línea de las que estamos comentando, no tanto de la subvención, pero sí en cuanto al apoyo a los emprendedores, muy necesarios para crear tejido industrial en esta ciudad.

Por lo demás, en cuanto a la partida por importe también de 208.000 euros para poner en marcha los planes de accesibilidad, creo entender que va a ser votada en el siguiente Pleno y en principio entonces no iba a entrar. De todas maneras también manifestar, por así también dejarlo claro, que Ciudadanos ha tenido una reunión con esta asociación que, efectivamente, sería un colectivo que no resultaría en todo caso perjudicado, con lo cual y por todo lo expuesto votaremos a favor de estas modificaciones. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Eu, en primeiro lugar, dicir que aquí non teñen que dar conta nin explicar as súas decisións

ós grupos municipais. Para iso están as Comisións. Aquí teñen que dar conta das súas decisións ós veciños e veciñas desta cidade e por eso eu hoxe o primeiro que quería facer era felicitalos. Felicitalos pola súa capacidade de negociación, é impresionante. Despois de anunciar en diferentes rodas de prensa esta modificación de crédito, agardaron hasta este luns desta semana para nunha Comisión extraordinaria, por suposto, porque as ordinarias non existen, comentar co resto dos grupos municipais o contido de dita modificación. Como xa lle dixen noutras ocasións, no anterior Pleno, parece que o debate e a democracia non se levan ben coas organizacións estatais e que vostedes teñen un talento especial. Mesmo a Concelleira de Facenda tivo que admitir na Comisión do luns que a documentación non estaba a disposición dos grupos para a súa análise ata días despois da convocatoria desa Comisión. Como lle digo, isto é todo un exemplo de desprezo, autoritarismo, mentras en varias ocasións leva anunciando que esta modificación sería consensuada co resto de grupos municipais. E isto para nós non é máis que a confirmación do feito de que na realidade o que están a facer é dar continuidade ó comportamento que desenvolvía o anterior goberno municipal do Partido Popular. Eu insisto, sinceramente, felicidades, eh, son vostedes marabillosos e se comportan dunha maneira exquisita.

En segundo lugar quixera saber se o que traen hoxe aquí a debate é unha broma ou realmente pretenden aprobar esta modificación de crédito. Eu dígollo porque están a incluír nesta modificación dúas asesorías técnicas de promoción económica, que teñen un valor total de 40.000 euros. E como lembrará foron vostedes os que decidiron eliminar un dos asesores que en principio propoñían para non incrementar o gasto respecto do ano anterior. E xustamente ese asesor era o de Promoción Económica. Como lle explicamos, e llo explicamos no anterior punto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que os asesores que vostedes contraten deben ser os que vostedes precisen en función das súas necesidades. Como non, nós no seu momento esixímoslles que non incrementasen o gasto neste concepto, pero, en todo caso, suxerímoslles que se vostedes tiñan necesidade deses asesores propostos para levar a bo termo ese traballo, parecería lóxico axustar o custe total e non suprimir eses postos. Foi unha decisión que non cuestionamos nin valoramos. É unha decisión súa. Vostedes saberán. Pero é que agora, despois de eliminar o posto de Asesor de Promoción Económica, pretendan contratar dous estudos de promoción económica mediante contratos externos, incluídos nesta modificación, que no seu conxunto son 40.000 euros e dos que 18.000 euros se están incluíndo nesta modificación que traen hoxe a debate, porque vostedes deben pensar que isto é unha broma. Eliminan 30.000 euros na contratación de asesores e pretenden incrementar o gasto do concello en 40.000 para contratar a unha empresa de traballos de promoción económica. E ademais disto outro estudo por valor de 10.000 euros, dos que 4.000 euros os inclúen nesta modificación para o asesoramento e a implantación ISO 18091, da que se nos dixo que era unha norma moi importante, cando basicamente non é máis que un cuestionario con trinta e nove indicadores sobre o bon ou mal funcionamento dun concello. E para isto contratan unha asesoría por 10.000 euros, dos cales 4.000 os inclúen nesta modificación.

Pregúntolle tamén se esta modificación é unha broma, porque nela inclúen gastar 50.000 euros nunha edificación que non é nosa, que non é municipal. Vostedes pretenden seguir gastando diñeiro en edificacións propiedade do Ministerio de Defensa sen demandarlles, como a calquera veciño ou veciña, que as manteña en bon estado de conservación e uso. Acaban de aprobar no Pleno anterior a inspección técnica de edificios para esixirlles ós veciños e veciñas da cidade que manteñan as súas edificacións en bon estado, pero hoxe o que pretenden é gastar novamente, como facía o anterior goberno do Partido Popular, 50.000 euros nunha edificación que non é súa. E o que lle digo e o que lle pregunto é por que non gastan ese diñeiro no edificio de Aduanas, que lle acaba e pedir ó Sr. De Mesa ou xa postos na vivenda dun veciño ou dunha veciña particular. Unha que vexan por aí que estea en estado ruinoso. Hai moitas. Porque ademais a casa esa, a Casa do Coronel, na que pretenden investir 50.000 euros, forma parte do plan do Sánchez Aguilera, que a realidade é que sigue no mesmo estado que hai tres meses. Non sabemos nada, nada, respecto do Plan do Sánchez Aguilera.

E finalmente, dicirlle que no Bloque Nacionalista Galego pretendemos ser coherentes e se consideramos que un Plan Especial é perxudicial para a cidade votamos en contra, co PP ou con vostedes. Se a política económica dun concello significa austeridade para os veciños e veciñas votamos en contra, co PP e con vostedes e, por tanto, se no anterior mandato asumimos compromisos como de dotar con 200.000 euros a un proxecto de accesibilidade para a cidade, que se aprobou por unanimidade neste concello a iniciativa do grupo de diversidade funcional e que lles supuxo un grande esforzo de negociación con todos os grupos municipais, non imos mudar de opinión por razóns electoralistas como pretenden facer vostedes. Non imos seguir asumindo esta política económica criminal na que o gasto en prestación de servizos cada vez se reduce máis e parece que se trata dunha lotería saber a quen lle toca cada vez. Non imos quitarlle a uns para darlle ós outros, nin para facer clientelismo e menos para gastar os cartos en chapapote como fixo o goberno anterior. Se queren arreglar as rúas da cidade desboten o contrato que teñen coa empresa que xestiona este servizo, desenvolvan proxectos específicos que resolvan os problemas de maneira definitiva para cada unha das rúas da cidade e deixen de gastar os cartos en arreglos que ó pouco volven a estar como sempre. E se non hai diñeiro pidan un préstamo para gastar nos veciños e veciñas, non para pagar ós bancos. Se os contratos das empresas non cubren as necesidades da cidade como a de reparacións de viais, asuman a prestación dese servizo e deixen de facer modificacións dee crédito que son absurdas. Se queren facer política fágana e cando a queiran facer para dar servizo e solucións ós veciños e veciñas da cidade e non para desenvolver os seus intereses propios, veñan a falar con nós, co Bloque Nacionalista Galego, mentras imos a opoñernos a este tipo de cambalaches e por suposto a esta modificación de crédito. Moitas grazas.

SR. REY VARELA: Moitas gracias, Sr. Presidente. A verdade é que non podo estar de acordo co que di o Sr. Rivas, non podo estar de acordo. Vostedes si que negocian. Si que negocian e si que debaten. Negocian e debaten hasta a extenuación, pero entre vostedes, entre os



integrantes do goberno e olvídanse que despois de negociar entre os integrantes do goberno suman só once e como mínimo terían que sumar trece e senón teñen a obriga de seguir debatindo, de seguir negociando. A verdade é que os membros desta Corporación nos enteramos pola prensa de que existía unha gran modificación de crédito na que estaban traballando. Deron varias rodas de prensa para falar da modificación de crédito e a verdade que nós preguntámonos entre nós: "Pero falaron contigo?". A verdade é que non falaron. Co Sr. Rivas aínda tivo sorte, que falaron o luns, pero con nós levan un mes falando na prensa da modificación de crédito. Con nós ata o día de hoxe non falaron nada, ata que chega ó Pleno esa modificación de crédito e a verdade que o terían ben fácil. Poderían telo falado, nós temos once, con outros once pois xa tiñan vinte e dous. Digo pola aritmética. Pero non, o seu é falar ante a prensa, explicar que están cunha gran modificación de crédito. A verdade que chamarlle unha gran modificación de crédito. Bueno, en fin. Son tres modificacións de crédito. Entre xaneiro e maio se fixeron vinte e cinco. Polo tanto este non é un acontecemento planetario para estar todos os días reducindo a xestión da Concellería de Facenda a unha modificación de crédito. Pero tamén quero dicirlle dúas cousas máis. A primeira é que benvidas as limitacións económicas, benvidas. Este é un concello que ten os recursos limitados e polo tanto é responsabilidade do goberno xestionar para que eses recursos limitados permítannos a todos seguir prestando uns servizos que son moi importantes.

E, Sra. concelleira, eu tamén quérolle recriminar unha cousa. Se isto non se aproba non é culpa nosa. Mire, non pretenderá transmitirnos a nós a responsabilidade á oposición, a responsabilidade de que as cousas non saian adiante, porque se isto non se aproba non será cousa nosa, pois en fin, nós é que temos un parecer sobre algunha das cousas que veñen aquí a modificación de crédito. Intentámolo explicar en Comisión. Non nos fixeron moito caso. Dixeron: "No, lleva los informes y esto va". Dixemos: "Bueno, pois terán os votos para que vaia", porque nin siquiera un mínimo debate. Lles advertimos de varias cousas. Primeira, arrendamento de terreos e bens naturais, 280.000 euros. Hai uns compromisos asociados a esa partida e por eso está aí. Advertimos de que querían suprimir outra partida, que era unha aportación ó plan de FIMO, que se puxo a principios de ano, precisamente porque era unha prioridade do conxunto da Corporación anterior. A verdade é que neste tamén a publicidade mediática é maior que a xestión. Digo publicidade mediática porque quedaron de traer a liquidación a Pleno no mes de xullo, no mes de xullo non veu o tema de FIMO, no mes de agosto non veu o tema de FIMO e nos tememos que para a próxima semana, que é o último Pleno de setembro, tampouco vai vir absolutamente nada de FIMO.

En terceiro lugar, plan de accesibilidade que suprimen. Non? Un acordo plenario do conxunto da Corporación. E o suprimen porque se os informes, etc. Mire, unha cousa son os informes, outra cousa son os proxectos e outra cousa son os recursos económicos que se decidiron por unha Corporación destinalos a unha determinada finalidade. A quen lle corresponde completar esa finalidade que determinou o Pleno é o goberno municipal, non é ó Pleno. Polo tanto fagan os deberes para

que ese plan de accesibilidade se poida desenvolver xa e non teñamos que seguir esperando, porque desgraciadamente teríamolo que ter empezado moito antes. Se faltan informes, pois xa me dirán se teñen os informes concretos dalgunhas das actuacións que propoñen, da rehabilitación da cuberta da Casa do Coronel. Teño que coincidir co Sr. Rivas. É que é unha propiedade privada que non é do concello. Polo tanto hai que ter as autorizacións pertinentes para facer esa actuación e dígollo porque se van acabar encontrando con esta dificultade, eh?, eu non lla vou a poñer, pero os técnicos municipais van acabar pedíndolle a dispoñibilidade para facer esa actuación. Ou a tan anunciada actuación en San Felipe. Contan vostedes co informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia para facer esa actuación de conservación nun edificio que é ben de interese cultural da Comunidade Autónoma? E, despois, a aposta tamén polo emprego. Agora parece que os concellos xa practicamente antes: "O emprego", "o emprego", "as taxas de emprego de Ferrol son insoportables". Eso era o que dicía o actual goberno constantemente. Agora parece que xa esa non é unha prioridade, "eso é culpa da Xunta", "culpa do Goberno Central", "culpa de outros"; e o que pode facer un concello, que é un plan de aportación a emprendedores de 150.000 euros, que estaba incluído nos orzamentos, esa xa non é unha prioridade e a quitamos do orzamento, cunha particularidade. Isto trátase dunha incorporación. As incorporacións, ademais de crédito, están suxeitas a unhas finalidades establecidas polo Estado e ten que haber a oportuna memoria de sustentabilidade de adaptación ás finalidades previstas. Por iso, xa lle digo, non falamos con nós, non coincidimos en algúns aspectos, non consideramos que a xestión estea suficientemente áxil como para ir respostando ás necesidades que esa cidade precisa e, polo tanto, non lles podemos acompañar nesta votación.

SRA. SESTAYO DOCE: Para algunhas aclaracións. Primeiro, estou segura que non queren mentir, entón imaxino que teñen fráxil a memoria, porque, primeiro, 208.000 de modificación de crédito, que nin era necesario, como ben dixo a Concelleira de Facenda, toda vez que é unha partida interna. 208.000, modificación, que pasan -e agora direi por que-, de Obras para Benestar. Se levaron á Comisión de Benestar dúas veces, mesmo recordará, estou segura, Sr. Langtry, que dixo que, efectivamente, incluso so se podería votar por puntos esa cuestión no Pleno. Algo que dixen que naquel momento non coñecía. Polo tanto, supoño que cando se di que non se informou sobre as modificacións, evidentemente non teñen memoria, porque non queren mentir, quero dicir. Entón, toda vez que existe un groso de modificación de crédito que afecta a políticas sociais, que xa sei que non é a prioridade do Partido Popular -nunca o foi- pero que, en todo caso, se levaron dúas veces a Comisión, bueno, pois é evidente que están mentindo ou teñen fráxil a memoria, que agora vou recordar.

Tamén se criticou precisamente que existira falta de fondos. Esa falta de fondos que se certificaba, se deixaba claro por parte tanto de Intervención como da Xefa do Negociado de Muller, que quedaban 74 euros dispoñibles na Concellería de Muller, -o sea, quedaban 50, non eran nin 74, eran 50-, pero á vez saía a ex Concelleira de Muller e outras concelleiras queixándose de que non se podían facer actividades. Supoño que ó mellor con eses 50 euros que

deixaron en dispoñibilidade na Concellería de Muller se poderían comprar aquelas galletas coas que amenizaban a campaña contra a violencia de xénero, nese feminismo tan característico do Partido Popular. Pois ben, evidentemente existe unha modificación de crédito para que se poidan facer actividades na Casa da Muller, que se se votan en contra irán, obviamente, en contra do que vostedes mesmos dixeron.

Respecto ó Museo da Sociedade Galega de Historia Natural, porque o edificio do que se fala, externo, do Museo Galego de Historia Natural, da Sociedade Galega de Historia Natural, a través do convenio, mesmo firmado polo PP, temos obrigación do mantemento. Polo tanto vostedes votarán en contra desa obriga de mantemento por parte do concello, que vostedes mesmos asinaron nun convenio. Un convenio no que o grupo municipal Socialista non está de acordo con que vostedes pagaran dos fondos públicos, dos fondos das arcas do concello, que, efectivamente, lles estaban restrinxindo a política social e as políticas para os cidadáns e as políticas de emprego e que vostedes en cambio, ó Ministerio de Defensa, non lle doen prendas en pasarllo, porque, claro, porque aí goberna tamén o Partido Popular, pero sen embargo non queren cumprir despois ese convenio. Vostedes, que empezaban este Pleno cunha cuestión de orde para que non se debatera a cuestión de Recimil, a cuestión do ensino do Centro educativo de Recimil, sen dúbida prioritario, pero votan en contra de cumprir un convenio que vostedes mesmos fixeron.

Respecto de San Felipe, xa existe autorización dende febreiro. En febreiro gobernaban vostedes. Unha e outra, unha e outra vez, vez nos atopamos con que vostedes non tiñan idea do que estaba entre mans. E aquí, dentro desa lista, hai algunha persoa nova que non estaba no goberno anterior, pero a inmensa maioría estaba. Estaban vostedes. Polo tanto en febreiro xa tiñan autorización para proceder á reparación do muro de San Felipe, pero vostedes nono fixeron porque non quixeron, e está documentado. Polo tanto, a verdade é que o que é penoso é que catro anos, catro anos sen enterarse do que tiñan entre mans, non sabían o orzamento que tiñan, non sabían que xestionaban, non sabían para que tiñan autorización, non sabían para que tiñan licencia e non sabía que a Edar, sobre a que cobraban unha taxa, non funcionaba e estafaban ós cidadáns. Pero bueno, esa é a magnífica xestión dun grupo municipal do Partido Popular, que impoñen deberes ós outros, simplemente cando falan de asesores, simplemente pola única razón e que non se lles dá un secretario máis para o seu grupo, porque nese caso... Entón, bueno, pois sobran todas as razóns como consta nun escrito entregado por Rey Varela.

Ademais, respecto da modificación dos pasos e que aceptaba e que estaba consensuada coa Asociación Diversec, por certo, con quen está consensuado o paso respecto a políticas sociais, porque donde hai sensibilidade hai sensibilidade, existe no proxecto deixado polo Partido Popular en campaña electoral un informe desfavorable de enxeñería. Dicir que o proxecto está incompleto. Polo tanto, non é que non exista informe, simplemente que vostedes non se len os informes nin se len a documentación. Veñen aquí, sen ningún tipo de información, a criticar ó goberno. O certo é que existía un proxecto desfavorable, porque está o proxecto incompleto e polo tanto hai que

completalo e mentras tanto existen necesidades perentorias en política social. Perentorias. Por exemplo, como tamén se informou en Comisión e alí estaba todo o mundo de acordo, existe un déficit de máis de 50.000 euros para pagar as becas comedor. Como saben, becas comedor para que nenos e nenas coman todos os días no comedor escolar. Nenos e nenas sen recursos. E vostedes saen a prensa, bueno, pois en Comisión sempre está todo por unanimidade apoiando as políticas sociais e despois todos os días en prensa, por suposto están no seu dereito, criticando o contrario. Pero, efectivamente, onte mesmo a Técnica de Servizos Sociais volvía a informar ante todas as que estábamos na Comisión de Benestar, que non existían fondos suficientes para as becas comedor, porque existen este ano ademais moitos máis nenos e máis nenas favorecidos por esas becas comedor e, polo tanto, se vostedes votan en contra tamén será responsabilidade súa, só faltaría, que non exista diñeiro para esas becas comedor. Nada máis e moitas gracias.

SRA. FREIRE FAJARDO: Yo estoy perpleja. Reconozco mi poca experiencia, mi escasa capacidad de negociación, reconozco todo lo que tenga que reconocer, pero que aquí se esté negando una modificación del presupuesto, donde no se está sacando dinero de ningún lado, se está simplemente haciendo un cambio de dinero de un sitio para otro y que lo único en lo que se basan es que no fuimos a negociar. ¿Ese es el único problema que tiene esta modificación de créditos? Yo pienso que, como dijo el Sr. Rivas, a quien tenemos que dar cuenta es a los ciudadanos y pienso que los ciudadanos se han enterado por activa y por pasiva lo que queremos hacer con este dinero. No nos lo vamos a llevar para nuestras casas, vamos a ocuparlo en cuestiones importantísimas para los ciudadanos. Discutamos qué partidas quitamos y qué partidas ponemos. Eso es lo que se tenía que estar discutiendo hoy aquí. En la Comisión que tuvo lugar el lunes todo el mundo tuvo su oportunidad de preguntar por qué sacábamos y por qué metíamos. ¿Vale? Y allí nadie dijo absolutamente nada. Perdón, la Sra. Masafret, porque no tenía los datos, con lo cual me reuní yo después y le contesté a todo lo que me necesitó preguntar. Y el grupo Popular del PP, lo único que hizo, como está en el acta, fue dos preguntas de carácter técnico al viceinterventor, es decir si se podía minorar esta partida técnicamente hablando o si no se podía minorar. Allí no se habló en ningún momento de FIMO.

-¿Se habló de FIMO? Bueno, pues ya sacaremos el acta. Porque yo saco el acta y me leo el acta aquí y no hay problema ninguno.

Como evidentemente nadie me está preguntando sobre la cuestión del asunto, pues tampoco voy a dar demasiadas explicaciones más. De todas formas, el Sr. Rivas dirá que la documentación la tenía el lunes, pero el viernes la documentación estaba a disposición de todos los grupos. Tarde, lo reconozco, tardísimo, pero antes de las dos de la tarde estaba y yo con el Sr. Iván Rivas estuve hablando el viernes. Por lo tanto vamos a ser un poquito serios y si queréis entramos en el asunto de la modificación. Podemos discutir y podemos estar de acuerdo o no estar de acuerdo en de dónde sacamos dinero o en dónde lo metemos, pero no me vengan a decir a mí que no aprueban un modificativo simplemente porque no negociamos. Es que me parece de un infantilismo absoluto. Gracias.

SR. REY VARELA: Sí, Sr. alcalde, la verdad es que me pierdo un poco en el orden de intervenciones. Estoy viendo que por el gobierno hablan dos para defender ...

SR. RIVAS RICO: En todo caso eu penso que esto habería que ordenalo dalgunha maneira.

SR. ALCALDE: Un momentíño, por favor. Como saben, cada grupo político ten un turno de intervención. Entón non falan dous polo goberno, que fala un por cada grupo. Como vostede é tan firme defensor da legalidade, pois eso contempla a legalidade. Espero que o asuma.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. En primeiro lugar, eu insistir no cumprimento da Ordenanza de normalización lingüística por todos os membros desta Corporación. Non só polos representantes do Partido Popular, que xa sabemos cal é o seu criterio ó respecto, senón por todos os membros desta Corporación municipal, incluídos os membros do goberno.

En segundo lugar, eu creo que non entenderon ben cales son as razóns polas que desde o Bloque Nacionalista Galego nos opoñemos a esta modificación de crédito. É obvio que entregaron a documentación tarde. Como vostedes ben dixeron, tardísimo. É obvio que o fixeron a través dunha Comisión extraordinaria, cando deixaron de convocar Comisións ordinarias ó longo de todo o mes de agosto. Por tanto, a súa falla de vontade negociadora e de levar esto a aprobación nunha Comisión na mesma semana en que pretenden aprobalo en Pleno evidencia que non teñen ningún tipo de intención de que ninguén fixera ningunha aportación a esta documentación. En todo caso, o feito de que vostedes actúen da mesma maneira en que o facía o Partido Popular no anterior mandato, non implica que nós nos posicionemos en contra deste documento. Como xa lle dixen, nos opoñemos por tres razóns fundamentais, porque non vamos a seguir asumindo esta política económica na que vostedes lles quitan a uns para darlles a outros, como facía o anterior goberno do Partido Popular. Se queren, se teñen necesidade de diñeiro soliciten un préstamo. Este concello ten posibilidades de facelo, fágano. Hai moitas necesidades perentorias e non perentorias, o que non vamos facer é quitarlle diñeiro á xente ou a colectivos que xa tiñan asignada unha dotación económica para cubrir outras necesidades que existen neste concello e, en todo caso, se ese proxecto ten eivas, hai que modificalo ou hai que arranxalo, aumenten a dotación económica para que esto se poida facer, non veñan reducindo e eliminando unha partida que estaba destinada a cubrir un servizo e a resolver uns problemas que levan padecendo todo este colectivo ó longo de tantos anos.

En segundo lugar, dicírlle que, como lle comentaba, o feito de que vostedes estean a contratar constantemente asesorías externas para facer traballos, como facía o Partido Popular no anterior mandato, cando suprimen asesores para que desenvolvan este traballo por decisión súa, ninguén lles obrigou a facelo, fixérono vostede. Isto é unha contradicción evidente e nós non vamos asumir as súas contradiccións.

E, en terceiro lugar, querer invertir, como xa se dixo aquí, 50.000 euros nun edificio, que temos que asumir a súa posta en valor, a súa conservación, por un convenio que poden romper mañá, tampouco

vai ser algo que vaiamos a asumir desde o Bloque Nacionalista Galego. Rompan ese convenio, esíxanlle ó Ministerio de Defensa que manteña as súas edificacións como as ten que manter, neste caso a Casa do Coronel, e fagan o mesmo que pretenden facer co resto de veciños e veciñas desta cidade. Por certo, o resto de veciños e veciñas desta cidade ós que non lles prestan a mínima axuda, a mínima subvención, para que poidan desenvolver estes traballos nin desenvolver estas inspeccións técnicas.

Como lle digo, se queren facer modificacións, se queren facer política, fágano, pero fágano en función das necesidades do concello, non en función das súas necesidades. Moitas grazas.

SR. REY VARELA: Si, Sr. presidente. Cando lle dixen antes de que falaban dous polo goberno, é que falan dous polo goberno, porque do contrario o grupo maioritario este non falaría despois do grupo maioritario dous. Nós estamos de acordo que o goberno peche as rondas, pero o goberno é un. Todo o mundo sabe que non, pero bueno, o goberno é un. O digo porque se o goberno non fora un supoño que non enviaría á Sra. Sestayo a negociar despois do que nos dixon, non. Esa foi a súa forma de pedirnos que apoiáramos esa proposta? O que vostede dixon na súa intervención era a forma de pedirlle a este grupo que lles apoiara unha proposta?

Creemos que cando hai que negociar hai que facelo dunha maneira un pouco razoable, porque lle vou a matizar dúas cousas das que dixon, con independencia das formas, dúas cousas. Primeira, que se debateu en Comisión de Benestar. Non é verdade. Vostede dixon en Comisión de Benestar xenericamente que se iba facer unha modificación e lle preguntaron: "E hai algo sobre a modificación?" Como non había nada dixon: "Xa falarei coa Concelleira de Facenda e para informar á Concelleira de Facenda desto que vamos a facer"; e lle dixemos: "Pois entón esto haberá que levalo á Concellería de Facenda, que é a que se encarga das modificacións de crédito, non á Concellería de Benestar". Pero eso foi o que pasou na Comisión.

En segundo lugar, segunda matización, pero moi importante. Só vou a facer dúas, porque non quero estenderme demasiado. Segunda, becas de comedores escolares. Mire, non faga demagogia, por favor. Nesta modificación de crédito que vén a Pleno non hai nin un só euro para becas de comedores escolares. Nin un só euro para becas de comedores escolares. Polo tanto, que non se nos acuse de deixar ós nenos sen comedor escolar, porque non votamos a modificación de crédito. Por favor, eh? Creo que temos que ser un pouco serios cando falamos.

E á Concelleira de Facenda dicirlle que isto mesmo que dixemos aquí sobre as dúbidas que tiñamos sobre algunhas partidas, eh?, sobre a de FIMO, sobre a de arrendamento de terreos, sobre a do plan de accesibilidade, sobre axudas a emprendedores, o dixemos na Comisión. O dixemos na Comisión, vale? O dixemos na Comisión. Hai varios testigos aquí desa Comisión. Se quere que a partir de agora nos tamén levantemos acta das Comisións pois o faremos, pero que saiban vostedes que nunca se recolle todo nas actas. Eso ben o sabe, pero en todo caso non existe acta porque non está aprobada. Había seis concelleiros do Partido Popular nesa Comisión, seis concelleiros que lle poden dicir que eses temas os falamos, pero como vostedes

entenderon que xa tiñan os votos, supoño que con nós non quixeron seguir falando desta cuestión e eso, de verdade, é un problema. Hai un problema serio de xestión. Xa digo, propoñer tres modificacións de crédito en tres meses nos parece un ritmo moi pouco adecuado para as moitas necesidades que ten este concello. Primeiro problema, un serio problema de xestión e, segundo problema, un serio problema de que vostedes non entenden que para quitar temas adiante, que necesitan pasar polo Pleno, precisan vostedes trece votos.

SRA. SESTAYO DOCE: Por alusións. Primeiro, non entendín ben, seguramente pola miña incapacidade, o que quere dicir negociar. O que clarexei claramente é que na Comisión e ante afirmacións que se dixeron, que a primeira información que se tiña sobre modificacións de crédito era hoxe, era na Comisión, é falso, radicalmente falso como consta nas actas, por certo aprobadas por unanimidade de todos os partidos políticos. Polo tanto é radicalmente falso. Informei claramente de que iba existir unha modificación de 208.000 na Comisión de Benestar e para que iban destinadas esas partidas. E despois informei, onte precisamente, por que era insuficiente o crédito cara ós comedores escolares, que dos 208 unha parte tiña que ir destinada dentro da partida de infancia ás becas de comedor, porque eran insuficientes e porque había máis persoas, máis nenos e nenas e necesidade de acudir ás becas de comedor, seguramente pola magnífica situación, a magnífica situación económico-social en que deixou o goberno do Partido Popular de Ferrol a esta cidade e que, polo tanto, se sacarían desa partida. Eso é o que aconteceu. Creo e vou propoñer, a verdade, que existan cámaras nas Comisións porque certamente vostedes realmente, bueno, o de fallar a verdade, non vou utilizar partidas máis grosas, nos deixan atónitos, certamente.

Polo tanto, é evidente que existiu esa modificación e o que quedou é a aprobación, loxicamente, porque non se pode aprobar na Comisión de Benestar, simplemente na Comisión de Benestar se informa e a aprobación posteriormente sería na Comisión de Facenda, como non pode ser doutro xeito. E eso é o que aconteceu e vostedes o saben. Vostedes o saben e está nas actas e non sei por que non fixeron, entón, protesta contra esas declaracións das actas porque ben que fan modificacións cada unha das Comisións de Benestar sobre o que se dixo para que queda en cada un dos matices do Partido Popular nesa Comisión. Pero resulta que eso non está corrixido. Polo tanto, saben vostedes que están informados debidamente. Se agora queren votar en contra é unha cuestión política por votar en contra do goberno. Por suposto están, só faltaría, no seu lexítimo dereito de votar o que queiran. É evidente que temos prioridades diferentes. É evidente que as prioridades sociais non é unha política, nunca foi prioritaria para o Partido Popular. É evidente que vostedes estaban máis ocupados en impoñer taxas ós cidadáns para defraudar coa Edar, é evidente. Pero non digan, nin mintan, porque consta nun acta asignada e aprobada por todos os partidos políticos, incluído o Partido Popular, onde existen varios membros na Comisión de Benestar na que vostedes se dan por informados da modificación de crédito e para que vai. Nada máis e moitas grazas.

SRA. FREIRE FAJARDO: -Sr.Rivas, me parece una absoluta..., no sé cómo decirlo. Es igual. Pedir un préstamo y dejar dinero del que

dispone este concello ahí tirado porque no se puede quitar y poner, yo no digo nada más. Todas aquellas partidas minoradas tienen su justificación por parte de este gobierno. Puede gustar o no, totalmente de acuerdo, pero a mí, quitando un grupo, nadie me preguntó y, a pesar de estar explicando aquí algunas de ellas, parece ser que no quieren oír lo que estamos explicando como el tema de la diversidad funcional, pero vale.

Y en cuanto a los asesores, que dice que vamos a contratar. No sé, explíqueme mejor a qué se refiere, porque no entiendo ninguna partida de 40.000 euros que vayamos a dedicar a asesores. Las únicas asistencias técnicas que vamos a necesitar, a no ser que el grupo del BNG nos la quiera hacer porque se encuentre capacitado para ello, son todas aquellas memorias necesarias para que esta ciudad pueda participar en un nuevo Plan Urban y poder llevar a cabo pues pienso que actividades, actuaciones muy importantes para esta ciudad. Pero bueno, repito, si el Bloque Nacionalista es capaz de hacerlas ellos pues que nos las hagan y es el dinero que nos ahorramos.

Ya sé que el acta no está aprobada, pero es lo que escribió el secretario que estaba allí y la pena es que no esté aquí el viceinterventor, que era el que estaba presente. Pero lo único que hace referencia en el acta a lo que preguntó el Partido Popular sobre el modificativo, leo literalmente: "Fai uso da palabra o Sr. Rey Varela para manifestar as súas dúbidas en relación a algunha das partidas minoradas para levar a cabo o dito financiamento, informándolle sobre a situación das ditas partidas o interventor accidental e o xefe da Sección de Facenda e Patrimonio". De feito, no tardaron ni unha hora al acabar la Comisión en salir en prensa hablando de FIMO, hablando de los 150.000 euros de los emprendedores y hablando de los 208.000 euros de diversidad funcional, pero en Comisión no se nos ha pedido absolutamente ninguna explicación del tema, como bien puede confirmar el resto de grupos políticos que aquí había. Sigo diciendo que el nivel de los políticos de esta ciudad se está demostrando, y así nos va a Ferrol, cuando lo único importante en esta modificación es si hemos negociado o no con la oposición. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas. Eu, en todo caso, quixera, non por nada, senón para que nos aclaremos como é a orde de intervencións, cantas temos e quen remata as intervencións. Estableza un criterio, o asumimos todos e non hai ningún problema.

Un par de puntualizacións. A asesoría técnica de promoción económica, proxecto social media 9.000 euros, coste total 20.000 euros. Asesoría técnica proxecto axencia municipal de promoción económica e emprego 9.000 euros. Coste total 20.000 euros. En total suman 40.000 euros. A asesoría técnica diagnóstico da implantación da norma ISO 18091:2014, 4.000 euros. Coste total 10.000 euros.

Cando me deixen intervir podo continuar. Vostede se quere despois replicar pode facelo no seu turno e así nos podemos entender todos dunha maneira máis limpa e clara. Eso por un lado. Por outra parte insistir en que o feito de que vostedes non pretendan nin teñan ningún tipo de interés en negociar as súas decisións de goberno é decisión súa. Nós estamos acostumados. Levamos soportando catro anos este tipo de comportamentos, por tanto, sígano facendo. Pero este non



é o principal problema. Se fomos capaces de soportar catro anos de maioría absoluta do Partido Popular, estou seguro que aguantaremos os seus. En todo caso, eu o que lle quero dicir é que á parte da súa falta de interese polo debate público, esta modificación que pretenden traer aquí a aprobación supón tres grandes problemas. Llo repito. En primeiro lugar, asumen a política económica do Partido Popular. Non desenvolven ningún tipo de política destinada a aumentar a prestación de servizos no Concello de Ferrol. Existen recursos para poder desenvolver e aumentar os ingresos deste concello. Non pretenderá que lle digamos nós como o teñen que facer. Se o temos que facer tamén teremos que facelo, pero cando menos agardamos e temos a confianza en que esto si o poidan facer.

En segundo lugar, dicírlle que para nós é absurdo que pretendan desenvolver gastos e investimentos que non teñen ningún tipo de finalidade absoluta. Refírome á cuestión do incremento económico para resolver problemas nas rúas de Ferrol que non se vai resolver da mesma maneira que o fixo o Partido Popular, gastando o diñeiro en chapapote. Non se vai resolver así, por moitos 50.000 euros que lle pretendan meter a esta cidade, dentro de un ano volverán a ter que metelos. E pretender seguir gastando diñeiro noutras Administracións, coma o Estado, que está a ter con nós un comportamento absolutamente despiadado, non pagando un só euro pola ocupación de máis do 20% do solo urbano do concello, é un comportamento absolutamente sumiso e cómplice, da mesma maneira que facía o Partido Popular. Estanse a comportar do mesmo modo. E son estas as razóns polas que nós non vamos a aceptar nin asumir modificacións de crédito deste modo. Moitas grazas.

SR. REY VARELA: Unha única matización ó que acaba de dicir a concelleira, que leu un borrador. E vostede mantén que eso foi o único que dixen eu na Comisión? Mantén aquí que é verdade o que di eso? Que eso foi todo o que dixen eu na Comisión? Bueno, pois vostede está faltando á verdade, porque eu falei bastante máis na Comisión que as tres ou catro palabras que me dedican na acta. Pero bueno, testigos hai suficientes.

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 27/2015, SUBEXPEDIENTE N° 3/2015 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO. Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di:

“En uso da competencia delegada (Decreto de 29/06/2015) e de conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, ordeouse a incoación de expediente para concesión de suplemento de crédito/credito extraordinario n° 3/2015 para incrementar o crédito das partidas de gasto relacionadas a

continuación e para as que non existe crédito adecuado e suficiente no nivel de vinculación xurídica para poder facer fronte os mesmos:

03106-4412-22799	Préstamos bicicletas (Medio Ambiente)	10.861,08
030041511-60000	Expropiacións Lasanta e Espiño	55.000,00
03004-1501-61900	Reparacións na cuberta da SGHN	50.000,00
03004-1512-62700	Equipamento cafetería/comedor maiores de Canido	60.138,92
02104-9202-22706	Asesoría técnica para o diagnóstico da implantación da norma ISO 18091:2014	4.000,00
	TOTAL	180.000,00

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito, ou sexan insuficientes as dotacións previstas no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar a concesión dun crédito extraordinario no primeiro dos casos, e dun suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Tal modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do Orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderá financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Esta Concellería estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito/credito extraordinario, financiandose con baixas nas aplicacións que a continuación se relacionan:

02104-2411-22706	Estudios e traballos técnicos	30.000,00
02104-2413-48000	Axudas a emprendedores	150.000,00
	TOTAL	180.000,00

Polo exposto, propóñolle ó Concello Pleno que adopte a seguinte resolución:

Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 27/2015, subexpediente 3/2015 de crédito extraordinario/suplemento de crédito segundo o seguinte detalle:

<b>Aplicación</b>	<b>Destino</b>	<b>importe</b>
03106-4412-22799	Préstamos bicicletas (Medio Ambiente)	10.861,08
030041511-60000	Expropiacións Lasanta e Espiño	55.000,00
03004-1501-61900	Reparacións na cuberta da SGHN	50.000,00
03004-1512-62700	Equipamento cafetería/comedor maiores de Canido	60.138,92

02104-9202-22706	Asesoría técnica para o diagnóstico da implantación da norma ISO 18091:2014	4.000,00
	TOTAL	180.000,00

Financiación: con baixas nas aplicacións que a continuación se relacionan:

02104-2411-22706	Estudios e traballos técnicos	30.000,00
02104-2413-48000	Axudas a emprendedores	150.000,00
	TOTAL	180.000,00

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos de Ferrol en Común, Socialista e Ciudadanos, acordou REXEITAR a anterior proposta.

#### DELIBERACIÓN

A deliberación deste punto fíxose conxuntamente coa do punto nº 2, no que aparece recollida.

4. PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DA APLICACIÓN E INICIO DO EXPEDIENTE DE DEROGACIÓN DA TAXA REGULADORA DA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di:

"No BOP de data 3 de setembro de 2014 publicouse o acordo de imposición e ordenación dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola depuración de augas residuais.

Esta ordenanza, xa desde o seu proceso de elaboración causou unha importante alarma social que se veu reflectida tanto nos centenares de alegacións coma nos máis de 2500 recursos presentados contra as liquidacións derivadas desta ordenanza.

Ao antes mencionado, hai que engadir o informe emitido polo enxeñeiro industrial de Urbanismo con data 27 de agosto de 2015. Neste informe, como conclusión, recóllese textualmente "... que a empresa *EMAFESA* non está a xestionar e explotar o sistema de saneamento e de depuración da estación depuradora de augas residuais, EDAR de Cabo Prioriño, xa que as augas residuais saen da pranta sen depurar...".

A inexistencia de feito impoñible fai inxustificable o mantemento no ordenamento xurídico dunha taxa reguladora da prestación dun servizo que non están recibindo os cidadáns. Por outra parte, no período de tempo transcorrido desde a súa publicación no BOP, tamén fixo ver que algúns aspectos en canto á relación de custos e ingresos diferiron da realidade.

Polo tanto, parece necesario clarificar e solventar as causas que determinaron a falta de prestación do servizo, e unha vez resolta esta cuestión, procederá un novo plantexamento en canto ao contido e estrutura da taxa, sen que -como queda dito- non poida xustificarse -mentres tanto- manter en vigor a ordenanza en cuestión.

Atendendo ao informe emitido polo responsable da área, así coma ao interventor en funcións, propónselle a adopción da seguinte resolución:

**Primeiro.-** Suspender a aplicación da ordenanza reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, suspensión que terá carácter automático e se manterá durante todo o periodo temporal que implique o procedemento de derogación.

**Segundo.-** Aprobar provisionalmente a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

**Terceiro.-** Abrir un prazo de exposición ao público de 30 días, nos termos legalmente establecidos".

Previa deliberación, a Corporación, realizou dúas votacións:

PRIMEIRO: APROBOU a proposta coa rectificación in vocce, feita pola concelleira de Economía e Facenda, de substituír a parte dispositiva por un acordo único: "Suspender a aplicación da ordenanza reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, suspensión que terá carácter automático, dando conta deste acordo a entidade EMAFESA", por catorce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos, fronte a once votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular.

SEGUNDO: REXEITOU unha enmenda do Bloque Nacionalista Galego de someter a votación a proposta tal e como estaba inicialmente, por doce votos en contra, correspondentes ós sres./as. membros do grupo Popular e Ciudadanos, fronte dous votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego e once abstencións, correspondentes ós sres./as. membros de Ferrol en Común e Socialista.

#### DELIBERACIÓN

SRA. FREIRE FAJARDO: A proposta dictaminada pola Comisión de Facenda e Patrimonio, como é de todos coñecida, inclúe un acordo relativo á suspensión da aplicación da ordenanza fiscal e outros dous acordos relativos á tramitación dun expediente para derogar a dita ordenanza fiscal. Por outra parte, este goberno municipal adoptou decisións destinadas á clarificación da situación técnica e económica do servizo que financia dita taxa. Polo tanto, ante a alarma social que se produciu en relación con esta cuestión, resulta imprescindible actuar en dous ámbitos que, aínda que están intimamente ligados, son totalmente diferentes. O ámbito relativo á prestación do servizo e o ámbito relativo ó financiamento deste servizo. Isto, por outra parte, é totalmente coherente cos acordos plenarios que deron lugar á

situación na que agora nos encontramos. Un primeiro acordo de aceptación do servizo que se entregou á Xunta de Galicia e a súa posterior encomenda de xestión para Emafesa e un consecutivo acordo de imposición e ordenación da taxa pola depuración. Este goberno, polo tanto, avanza en ambas cuestións, pero en todo caso é necesario, co fin de garantir e de respectar os distintos intereses afectados, de forma que as distintas partes implicadas nesta situación poidan realizar actuacións que incidan en ambos aspectos, acadar unha decisión simultánea en ambos ámbitos. Neste sentido, o tempo necesario para a contratación e execución e entrega da referida auditoría, coa posterior audiencia ós interesados podería determinar que a resolución da cuestión fiscal concluíra. No seu caso moito antes que a clarificación e adopción de decisións no ámbito da prestación do servizo. É por iso que a proposta que se lle somete ó Pleno queda redactada da seguinte forma: Acordo único.- Suspender a aplicación da Ordenanza reguladora da taxa pola depuración de augas residuais, suspensión que terá carácter automático, dando conta deste acordo á entidade Emafesa".

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias, Sr. alcalde. Desde Ciudadanos tenemos muy claro cuál va a ser nuestro voto con respecto a la propuesta de suspender la tasa. La fijación de la tasa en la legislatura anterior fue ya origen de preocupación y descontento por entre los ferrolanos. Muchas fueron las voces que se alzaron en contra de la ordenanza y ciudadanos fue una de ellas. No resultaba lógico explicarles que se aplicara al cobro una tasa cuando las obras todavía estaban sin concluir. En estos días, la noticia de la inspección inesperada, realizada por el gobierno local a la Edar en el Cabo Prioriño y las conclusiones extraídas por el informe del técnico municipal tras esa visita, un informe reflejado con fecha de 25 de agosto, no deja lugar a dudas. No se ha producido la puesta en servicio de la planta. La fijación de un tributo, como la tasa, conlleva siempre el pago por el ciudadano de un importe por una prestación de un servicio. El artículo 2 de la Ordenanza en cuestión, municipal, dice que la tasa será exigible a partir de la recepción y puesta en servicio de las instalaciones de la Edar de Cabo Prioriño. Si esta puesta en servicio no se ha producido, evidentemente tampoco puede repercutirse ningún importe al ciudadano, puesto que no se ha producido el servicio y por tanto carece de fundamento la imposición de una tasa. Son todos así los informes de Hacienda y Patrimonio y de Intervención en ese sentido. Por tanto es urgente, de todas maneras, planificar y solventar las causas que determinaron la falta de puesta en funcionamiento de la planta depuradora y desde Ciudadanos estaremos atentos y exigiremos por muchos motivos que se depuren las oportunas responsabilidades una vez se conozcan cuáles han sido esas causas. Y, en todo caso, estamos a favor de la supresión de esta tasa. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Bueno, esto cada vez é máis sorprendente, por non chamalo doutra maneira. Vostedes non pretenden suprimir a taxa, é o que acabo de entender. Eliminan esa proposta da orde do día.

A correlación de feitos que están a acontecer respecto de todo esto eu creo que cando menos é incomprensible. Pretenden

exclusivamente suspender a aplicación da taxa. Non pretenden derogar a taxa. É obvio que o que acontece respecto do saneamento da ría é un despropósito e isto que traen hoxe aquí demostra que isto continúa a ser da mesma maneira. En todo caso, eu xa lle adianto que desde o Bloque Nacionalista Galego solicitamos que se someta a votación a orde do día tal e como está proposta, cos dous puntos que vostedes pretenden agora suprimir. A realidade é que o Estado declarou unha infraestrutura de saneamento para a ría de Ferrol, de interese xeral, no ano 1997 e desenvolveu esa infraestrutura como lle interesou. Como lle viña ben e sen ter en conta as necesidades nin a realidade dos veciños e veciñas desta cidade, que temos que pagar por unha infraestrutura coma os interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol sen poder decidir sobre o seu trazado, sobre o seu modelo de saneamento ou como desenvolver esas obras. Ante todo isto, ninguén do anterior goberno, pero ninguén do actual goberno di nada e os novos responsables, coma os anteriores, seguen a consentir, calan e asinten ata o punto de non preguntarse como é que quen construíu a depuradora, quen construíu o conxunto da infraestrutura, quen a entrega e quen é a responsable, ten esa competencia e este servizo básico para os veciños e veciñas desta cidade, non asume ningunha responsabilidade respecto á construción deficiente e obsoleta e tardía dunha obra de interese xeral. Entendo que non lles interese, porque o Estado é quen os financia, quen os sustenta e quen lles dá sentido á súa existencia no mundo. Non queren esixir explicacións de por que tardamos vinte anos en chegar ó punto de disparate no que nos atopamos hoxe, por que a estación de bombeo está donde está, por que a rede é unitaria ou por que está obsoleta. Isto suporía cuestionar a orde establecida e é evidente que non o pretenden facer.

En segundo lugar e posteriormente, o Estado decidiu que se tiña que desfacer do morto. Un morto en condicións de deterioro avanzado, non só a depuradora, da que vostedes xa teñen explicado cal é o seu estado, senón de todo o conxunto da rede, a estación de bombeo, os colectores, etc., e desde a Xunta de Galiza recepcionouse e asumíronse estas infraestructuras sen cuestionar nada, sen que existise unha previsión de que puidese funcionar sen ter un deseño para o desenvolvemento do saneamento da cidade, encamiñado cara á redución de custes medioambientais e económicos e a vostedes isto parece que tampouco lles preocupa. Vale.

En terceiro lugar. Pasando o tempo a Xunta decide que ten que pasar a pelota e pretende facerllo ó Concello de Ferrol. O anterior goberno, de maneira absolutamente sumisa e cómplice, asume mediante un convenio a xestión, o mantemento e a conservación e a posta en funcionamento dunha infraestrutura que, como xa teño dito, está obsoleta e que nada ten que ver coas necesidades da nosa realidade, cos beneficios que poderían repercutir nos veciños e veciñas e na ría de Ferrol, tanto económicos como medioambientalmente e manteñen un deseño de rede unitaria, insostible economicamente, medioambientalmente tamén e é sostible, e faino ademais sen facer unha soa pregunta, unha única advertencia, como podería ser, por exemplo, isto que vostedes nos pretenden transmitir, a súa xestión funciona. E eso tampouco lles preocupa máis aló dos comentarios mediáticos.

E, por último, o anterior goberno, este goberno e o anterior do Partido Popular, que asumiu a xestión desta infraestrutura sen ningún tipo de cuestionamento sobre ela, por último, como digo, o anterior goberno do Concello de Ferrol decide entregar á empresa Emafesa a xestión destes servizos, que nunca debimos asumir e moito menos nestas condicións e faino a cambio de que o concello lle pague por elo, concretándose todo isto nunha taxa a pagar polos veciños e veciñas ás que haberá que sumarlle as que nos veñen enriba a partir do ano 2016 por un convenio que vostedes tampouco cuestionan e que no seu momento asumiron.

O caso é que a empresa non prestou ese servizo e tal como vostedes mesmos afirman, e aquí si, vostedes pretendían facer algo, pretendían, digo, elevar esa taxa cando menos, parece que ata o día de hoxe.

Parece obvio que se non existe ese servizo non se pode pagar por el e o problema é que derogar a taxa non implica que non se vaia a pagar por un servizo inexistente, porque podería ter a posibilidade de facerse mediante os orzamentos municipais. Pero, en calquera caso, é evidente que nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, non podemos asumir que os veciños e veciñas da cidade paguen por un servizo inexistente mediante unha taxa. A cuestión é que agora se botan atrás e non queren facer isto, derogar unha taxa que non ten xustificación, que non ten un feito impoñible e propoñen simplemente a súa suspensión, polo que eu pregúntolles se cren que os veciños de Ferrol teñen que pagar a posta en funcionamento, mantemento e a conservación dunha infraestrutura de interese xeral e de competencia estatal e ademais, se pretenden aplicar esta taxa se en algún momento entra en funcionamento esa estación depuradora. A realidade e o que debería acontecer é, en primeiro lugar, derogar a taxa. Eso parece obvio. En segundo lugar, o coherente sería que rachasen o protocolo entre o concello de Ferrol e Emafesa, para desenvolver a xestión do servizo de saneamento por incumprimento do acordado e que rachasen o convenio coa Xunta e non o asumise unha infraestrutura obsoleta e que non pode entrar a funcionar e que esixise ó Estado que asuma o custe desa infraestrutura, que é da súa competencia, que asuma reparacións e que non se exima a responsabilidade de xestionar unha competencia que celosamente se reserva para si. Non piden explicacións ó Estado, asumen a recepción da infraestrutura por parte da Xunta e non cuestionan que teñamos que xestionar unha infraestrutura obsoleta. O único que pretendían era a derogación dunha taxa municipal inxusta e incomprensible, que agora pretende non asumir esa tampouco?

Eu afírmolles e sinalolles que a nosa posición vai ser sempre a de derogar esta taxa para acadar un saneamento para a ría de Ferrol e facelo de maneira sustentable, tanto económica como medioambientalmente, por eso lle solicito que someta a votación o feito de que se poida votar a proposta tal como a tiñan presentado ó Pleno e non como pretenden facelo agora nesta intervención por parte do goberno municipal. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Alégrome que fixera un resumo tan bo dos posicionamentos do goberno, que compartimos total e absolutamente, é o camiño que estamos a percorrer.

SR. REY VARELA: Mire, a verdade é que é sorprendente, non? Isto entra dentro do que xa lle dixen nalgún outro punto. Unha cousa é o que se di sobre as cousas e outra cousa é o que ve o Pleno, pero nesta ocasión están traspasando un punto máis. É que nos acabamos de enterar once membros desta Corporación, o grupo maioritario desta Corporación, nos acabamos de enterar que acaban de modificar a proposta que levan a Pleno. Claro, supoño que por eso virían as bromas de donde estaba o expediente e que nós nos acabamos de enterar de que están modificando o que estaba dictaminado en Comisión e o que temos diante de todos nós para votar neste Pleno. Quero que se nos explique, antes de entrar en debate, por que hai esa modificación sobre o que dictaminou a Comisión e sobre o que temos diante os concelleiros, que se vai votar no Pleno. Eu queredría ter esa explicación por parte da Presidencia.

SR. ALCALDE: A Sra. Freire fai mención a que se someta a votación o primeiro punto modificado e o segundo e terceiro punto aplázase a súa decisión ata ter os informes técnicos e xurídicos que avalíen o actual estado da Edar, que non supón en ningún caso renuncia ás posicións que vimos mantendo e defendendo e o que se vai someter a votación é ese punto primeiro modificado, que lle pido á Sra. Freire que repita para que todos teñamos claro e constancia do que vai ser sometido a votación.

SRA. FREIRE FAJARDO: Acordo único.- Suspender a aplicación da Ordenanza reguladora da taxa pola depuración de augas residuais. Suspensión que terá carácter automático. Dando conta deste acordo á entidade Emafesa.

SR. ALCALDE: Quedou claro? Si? Agora xa pode intervir, Sr. Rey.

SR. REY VARELA: Si, pois a verdade do que dicían ó que traen ó Pleno ben pouco traen. Ademais voulle dar outro dato máis, que incluso poderíamos corroborar tecnicamente. Este acordo nin sequera ten que vir a Pleno. Isto é un espectáculo, porque se vostede non aproba a liquidación, o goberno, non hai necesidade de ningunha suspensión. Polo tanto estamos aquí escenificando un pouco máis todo o espectáculo que desenvolveu, -como dixo moi ben a concelleira-, nunha alarma social xerada.

Polo tanto, xa digo, todo se quedou nunha mera suspensión, sobre a cal o Pleno non se tería nin que pronunciar, porque está dentro das facultades que ten o goberno.

Nós a verdade é que onte, por rexistro de entrada de documentos, solicitamos un informe da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral do concello sobre o que iban vostedes a aprobar. O que iban aprobar, que era ben diferente, xa digo, ó que definitivamente vén ó Pleno. O primeiro que preguntábamos, no que presentamos onte, era a posibilidade de que sen a imposición dunha taxa se puidesen poñer en funcionamento o servizo de recollida e depuración de augas residuais, de mantemento e explotación da Edar, de mantemento e explotación da Ebar, así como a encomenda da xestión asinada, de acordo co previsto no artigo 25 e 86 da Lei 7/1985 e das directivas correspondentes da Unión Europea que nos son de aplicación. Porque ese é o tema final no que vostedes levan politicamente explotando esta cuestión. É dicir, o goberno anterior era moi malo, porque para poñer en marcha un servizo quería



cobrarlle ós veciños pola posta en marcha dese servizo. Pois ben, vostedes saben perfectamente e por eso hoxe retiran a derogación do Pleno, que non se pode ter un servizo sen unha taxa. Incluso hai servizos municipais que se poden prestar, de recepción obrigatoria, sen a imposición dunha taxa, pero non o servizo de saneamento, porque sobre ese tamén, ademais da normativa de Facendas Locais, está a Directiva europea que esixe a repercusión do coste. Polo tanto, esa era a primeira pregunta que plantexábamos. Xa responden retirando esa intención deste Pleno.

A segunda, son as repercusións sobre a prestación do servizo. Claro, porque vostedes, igual que están descubriendo que nun concello os recursos non son ilimitados, estarán descubriendo agora tamén que isto é coma as herencias, que non se poden recibir herencias a beneficio de inventario.

E, miren, o tema do saneamento vén de bastante atrás, vén do ano 1997, cando se declara o saneamento da marxe norte da ría de Ferrol como de interese xeral do Estado. Nese momento se declara, se planifican unhas actuacións. Ningún dos que estamos aquí estaba nese momento no Pleno nin en ningún goberno municipal, a maioría estaríamos daquela na Facultade. Naquel momento, polo tanto, se planifican unhas actuacións que se desenvolveron como se desenvolveron. O que pasa en Ferrol, desgraciadamente, con temas relevantes para a cidade, que van cambiando os gobernos, van cambiando os proxectos, se empeza a casa polo tellado. Acabou no ano 2010, donde, por certo, non gobernaba nin no Estado nin no Concello de Ferrol o Partido Popular. Se acabou unha depuradora, 7 kilómetros costa arriba, desde donde se bombeaba. Non será responsable o goberno anterior nin a Corporación anterior daquilo. Pero volvemos o iter procedimental e vou a ser moi breve, eh?. No ano 1999, o Concello de Ferrol adxudica o servizo de abastecemento e saneamento. Aí se atopa tamén a segunda limitación do que podemos facer agora. E, xa digo, son herencias que non poden ser a beneficio de inventario. Naquel momento, naquel concurso deseñado, comezou no ano 98, se adxudicou no ano 99, se seleccionaba un socio privado para a prestación dun determinado servizo, no que se incluía, despois desa declaración de interese xeral, o saneamento da marxe norte da nosa ría. Esa foi a Corporación 95-99. Na Corporación seguinte, na 99-2003, se constituíu a empresa co seu obxecto social, no que se incluía o saneamento. Na seguinte Corporación se chega a un acordo interpretativo coa empresa. Polo tanto, tres acordos plenarios que condicionan as actuacións de sucesivas Corporacións. Polo tanto, que nos encontramos na Corporación anterior a esta. Pois nos encontramos unhas obras rematadas ás que lles faltaban os colectores, precisamente para que a auga puidese chegar á súa depuración plena na estación de tratamento de Cabo Priorio. Nos encontramos, eso si, uns colectores e nos encontramos un protocolo para a execución desas obras, de aproximadamente 40 millóns de euros cunha financiación do Estado, a través de fondos europeos do 70% e nos encontramos que o Concello de Ferrol e o Concello de Narón tiñan que poñer o 30% restante, unha cantidade de 13 millóns de euros. Nos encontramos afeccións importantes tamén nesas obras, como era unha das poucas prazas que temos en Ferrol Vello e, polo tanto, nos puxemos a traballar na

Corporación anterior en conseguir unhas mellores condicións financeiras e non afectar algúns entornos urbanos. Non afectar algúns entornos urbanos no que se podía, porque é evidente que abrir en canal a cidade, como tivemos que facer na Corporación pasada para facer realidade ese proxecto que heredamos, non foi, de verdade, nada fácil e foi obxecto de moita preocupación e de moito traballo do goberno anterior ó seu. Pero fixémoslo porque sabíamos que era imprescindible tomar decisións. Tomar decisións para que a historia non se repetise e tivésemos que seguir esperando ano tras ano para que alguén tomase unha decisión para poñer en marcha unhas inversións de máis de 100 millóns de euros. Non me vou olvidar tampouco das denuncias ante a Unión Europea que algúns puxeron para que nos enfrentáramos a importantísimas sancións económicas e a devolución precisamente deses fondos que deron orixe ás infraestructuras que temos hoxe diante de nós. E por iso, despois de solventar esas dúas cuestións, as cuestións das obras que faltaban e a cuestión das sancións europeas, había que tomar unha decisión importante e a decisión era: "Comezamos a poñer en marcha o saneamento ou seguimos esperando outros vinte anos?" A decisión que adoptou o goberno anterior foi: "Nestes temas é mellor desgastarse. Nestes temas, que están por riba dos intereses partidarios, hai que traballar en clave de cidade"

A verdade é que precisamente para dar cumprimento a eses acordos plenarios anteriores trouxemos unha encomenda de xestión, en base a eses acordos anteriores e ós compromisos que tiña asumido, non a Corporación anterior, senón Corporacións municipais anteriores, esa encomenda para ademais poder exercer unha competencia propia municipal que é a competencia do saneamento e nos encontramos que para poder traer ese tema a Pleno era imprescindible a posta en marcha dunha taxa; dunha taxa eu no seu estudo de custes xa determina que unha parte importante, máis de un millón de euros eran precisamente para a posta en marcha do sistema de depuración. É verdade que podíamos tamén, igual que podíamos facer o tema de "xa empezaremos máis adiante", podíamos dicir "xa pagarán os que veñan". Pero decidimos ser responsables nas dúas cousas. Vamos a cumprir cos acordos municipais anteriores, aínda que non estivésemos a favor e vamos tamén a dicirlle ós cidadáns que esto o temos que pagar entre todos. É verdade que se podía diferir e é verdade que non o fixemos, porque cremos que era o responsable para non seguir esperando. E por iso fixemos o que fixemos e por iso no verán do ano 2014 se puxo en marcha e lle dimos instrucións á empresa que xestiona o servizo de poñer en marcha o sistema de depuración. Se tiña que poñer en marcha porque era unha obrigaón europea, se tiña que poñer en marcha, porque o contrario sería unha gran irresponsabilidade para o futuro e, polo tanto, se puxo en marcha. Así o acreditan os informes que a empresa lle entregou ó goberno municipal anterior, cos bombeos e cos tratamentos que se estaban desenvolvendo. A posta en marcha dun sistema de depuración é un sistema que se pactou entre o xestor e Augas de Galicia, cuns protocolos de actuación que se teñen que cumprir e, dende logo, se non se cumpriron eses protocolos establecidos seremos nós os primeiros tamén en esixir responsabilidades a aquel que teña responsabilidade. A nosa

responsabilidade foi facultar, de acordo cos acordos plenarios, a unha empresa para poñer en marcha un servizo. Dicirlle ós cidadáns que ese servizo tiña que ter un coste e eso foi o que fixemos e como isto debería de estar...

SR. ALCALDE: Un momentíño. Temos o compromiso cos traballadores e traballadoras do concello de facer un minuto de silencio nas arcadas do concello por un novo asesinato de violencia machista, entón, se vos parece, facemos un receso de cinco minutos para acompañar.

SR. RIVAS RICO: En todo caso, eu o que quixera facerlle é outra proposta, rematar este debate cando haxa que rematalo e, pola mesma razón de que isto se está alongando un pouco, que a moción que están agardando os pais e nais, relativas ó Colexio de Recimil, se poida debatir xusto despois de que rematemos de debatir este punto.

SR. ALCALDE: Por min non hai inconveniente, se alguén ten algo que obxectar a que se anticipe o debate da moción.

SR. REY VARELA: Nós xa dixemos antes que non podemos compartir unha moción nun Pleno extraordinario, polo tanto, entendendo o asunto de forma nós non vamos a participar nese debate.

SR. ALCALDE: De acordo. Bueno, facemos un receso de cinco minutos.

SR. REY VARELA: Nós non estamos de acordo ...

#### RECESO

SR. ALCALDE: Ben, imos continuar co punto nº 4. O debate da moción imos tratalo a continuación de rematar este punto nº 4. Estaba falando, tiña a palabra o voceiro do Partido Popular, José Manuel Rey.

SR. REY VARELA: Moitas gracias. Retomarei entón as miñas palabras do que estábamos facendo por parte da Corporación anterior no ano 2014, na que se estaban articulando todos os procedementos para poñer en marcha o servizo de depuración. E nese acordo hai unha parte tamén moi importante, que seguramente vostedes descoñecen, porque é moito máis fácil resumilo moito que coñecer en profundidade ese acordo que ratificou o Pleno desta Corporación no ano 2014, e eran as contrapartidas que lle esixíamos ó socio privado da entidade Emafesa por esa xestión que tiña adxudicada do ano 1999. E non eran temas menores, porque hai que pensar no medio e no longo prazo. No medio prazo no seguinte, porque temos que afrontar agora novos problemas co tema do saneamento. Temos que afrontar dous proxectos que todavía están pendentes, o proxecto da Malata e o proxecto da zona rural da nosa cidade, que estaban incluídos precisamente nesa actuación concertada entre varias Administracións que viñeron a Pleno, ó obxecto de que o socio privado puxera a cofinanciación necesaria para que no ano 2019 todo o entorno de Ferrol estivese conectado ó saneamento. Redactamos tamén unha modificación sobre o Plan de infraestruturas de saneamento do ano 2009, porque así nolo demandou o grupo Socialista nese momento para que en lugar de minidepuradoras en toda a zona rural estivese todo conectado á depuración xeral e puidésemos aproveitar, con esas dúas obras complementarias, a financiación europea e de Augas de Galicia que se

abre precisamente neste período ata o ano 2019, pero na que o Concello de Ferrol ten que ter unha cofinanciación, que nós lle imponíamos a obriga ó socio privado. E facíamos outra cousa a longo prazo, tanto que lles gusta o tema da remunicipalización. Iba falar de nacionalización, pero é coma o da soberanía nacional. Aquí se pode remunicipalizar. Pois, mire, facíamos unha cousa moi novedosa. Foi a Corporación anterior a que o fixo. No acordo do ano 99 se establecía que ó final da vida da concesión, que remata no ano 2030, o concello, -os que estean no ano 2030-, estaría tendo que poñer un fondo de reposición do capital público polo 51% que lle toca na empresa pública Emafesa, a parte municipal. Pois a través deste acordo logrouse que o socio privado renunciase a ese fondo de reposición do capital público e, consecuentemente, no ano 2030 o 100% do capital será do concello. Non é unha remunicipalización tan rápida como a que pretenden vostedes, pero fíxense que hai un camiño emprendido pola Corporación anterior que nos permitirá non ter que devolver o nominal que desenvolveu parte da empresa privada para adquisición das accións. Por eso, xa digo, este é un tema que ten unha complexidade moi grande, se pode resumir moito, pero ten unha complexidade moi grande. E para estes temas tan complexos, de verdade, eu non me cansarei de ofrecerlle a colaboración ó alcalde do grupo municipal do Partido Popular. En temas coma este creo que é fundamental, porque hai outros intereses. Hai intereses de empresas privadas, hai intereses doutras Administracións Públicas, como a de Narón, que dende logo non facilitou para nada un acordo entre Ferrol e outras Administracións. E non nos vaia a pasar o que xa nos pasou co abastecemento. En moitas ocasións, desgraciadamente, cando chegábamos a un acordo con Narón pois a ventaxa non era precisamente para os ferroláns e así por exemplo eles fan bastante máis negocio coa auga do que o fai o Concello de Ferrol. Por que? Porque reciben a un prezo máis barato e a cobran máis caro do que lle cobramos ós ferroláns nós a auga servida nos domicilios. Claro, claro, así se rompen despois as relacións. Claro, se alguén o que quere é aproveitarse, pois eu penso que a obriga desta Corporación é defender os intereses dos ferroláns non deixando de cooperar, pero defendendo os intereses dos ferroláns por riba dos intereses doutras Administracións, que tamén teñen os seus intereses e na auga teñen intereses moi importantes. Polo tanto, reitérolle, Sr. alcalde, terá a nosa colaboración, terá a nosa colaboración para conseguir defender os intereses dos ferroláns. Defender os intereses dos ferroláns ante intereses de empresas, ante intereses doutras Administracións, cun obxectivo, que é contar nos próximos anos cunha ría absolutamente saneada, que é o obxectivo marcado nesa declaración de interese xeral do Estado do ano 1997. O que non podemos consentir é que se poña en dúbida o que fixo a Corporación anterior en base ós condicionantes que tivo a Corporación anterior e que se vai encontrar novos condicionantes esta Corporación. Nós puxemos en marcha ese sistema de depuración, comprobamos que estaba posto en marcha ese sistema de depuración. Segundo os informes técnicos do que ten encomendada a xestión, tratáronse 1,6 millóns de metros cúbicos, que foron bombeados e foron sometidos a algún proceso de depuración. Eu lle insto a este goberno a que de acordo co cronograma establecido no próximo trimestre

complete todos os sistemas de depuración, que reciba a totalidade das augas que chegarán á depuradora no mes de novembro, aproximadamente, para así completar o proceso que iniciou a Corporación anterior. E quero tamén preguntar ós servizos xurídicos e ós servizos económicos dúas cousas moi concretas:

Primeiro, preguntarlle a Secretaría Xeral se hoxe estamos derogando unha taxa e se o Pleno ten que pronunciarse sobre o que definitivamente traen ó Pleno.

E ó Interventor Xeral quería preguntarlle se é posible poñer en marcha un servizo de saneamento sen a imposición dunha taxa, aínda sendo, como di o BNG en numerosas ocasións, declarado de interese xeral do estado.

SR. ALCALDE: Antes de proceder, gustaríame que explicara se o que vai preguntar é sobre taxa de saneamento ou taxa de depuración.

SR. REY VARELA: Da taxa aprobada.

SR. ALCALDE: A taxa de depuración?

SR. REY VARELA: A taxa aprobada. É que non se chama taxa de depuración, Sr. alcalde. Teño aquí a taxa que ten dous obxectos diferenciados no seu artigo 2. -Non me gusta ler nos Plenos, porque queda mellor dominar os temas de memoria. Hai dous subapartados no obxecto da taxa e se é necesario impoñer esa taxa e se nos estudos de costes que levaron a cabo as auditorías pertinentes para a imposición da mesma estaban previstos gastos de arranque por un valor superior a un millón de euros.

SR. ALCALDE: Nese mesmo protocolo, donde se di que queda excluída da competencia do concello...?

SR. REY VARELA: Quería preguntarlle ó interventor e ó secretario, non a vostede.

SR. ALCALDE: Pregúntolle un momentinho...

SR. REY VARELA: Me pregunta a min? Moi ben.

Eu contéstolle o que vostede queira.

SR. ALCALDE: Como vostede está completando información e hai que falar de memoria, sen ler. Nese mesmo protocolo é donde se di que as obras de reparación non son competencia do Concello de Ferrol...

SR. REY VARELA: Efectivamente. Así di ese protocolo para salvaguardar precisamente os intereses do Concello de Ferrol. Obviamente obras de gran porte non teñen que ser asumidas pola entidade encomendante, que era neste caso o Concello de Ferrol, posto que non recepcionou nunca esas obras, senón que recepcionou a entidade Augas de Galicia, concretamente tres meses anteriores á encomenda e xestión ó Concello de Ferrol.

Se quere preguntarme algo máis?

SR. ALCALDE: Non, non, era simplemente para saber e aclarar.

SR. REY VARELA: Pero eu si que, como as palabras dos políticos valen pouco nestes tempos, prefiro que o secretario e o interventor nos orienten ós membros desta Corporación sobre esas dúas cuestións particulares.

SR. ALCALDE: Gustaríame tamén, no futuro, cando teña preguntas pois presentalas por escrito. Están por escrito?

Entón ímoslle facer a pregunta ó secretario e ó interventor sobre se realmente se pode cobrar unha taxa ou non pola depuración das augas.

SR. REY VARELA: -Sr. alcalde, a pregunta a fixen eu.

SR. ALCALDE: Vostede pregunta polo saneamento.

SR. REY VARELA: Vamos a ver. Fixen as preguntas con gran claridade. Non quererá reinterpretar vostede as preguntas que eu fixen.

SR. ALCALDE: Simplemente é para que quede claro que está preguntando se se pode cobrar unha taxa polo saneamento. Eses son os termos da pregunta?

SR. REY VARELA: Repito as preguntas se non lles quedaron claras ó secretario e ó interventor.

SR. ALCALDE: Repita, repita.

SR. REY VARELA: Pero serán eles os que me pregunten se lles quedaron claras ou non.

SR. ALCALDE: Moi ben, pois adiante.

SR. SECRETARIO: Se trata de que el secretario y el interventor intervengan lo menos posible en el Pleno. Eso ya para empezar. Sobre todo cuando se han pedido una serie de preguntas por escrito, que se formularán por escrito entre los plazos establecidos por escrito.

Pero con relación, y para agotar mi cupo anual de intervenciones, vamos a ver, la primera pregunta es si se va a derogar el inicio de expediente de tasa, creo que se ha modificado la propuesta, con lo cual hoy ese tema no se va a tratar.

Y con respecto a la pregunta si es necesario suspender la aplicación, yo creo que se podía haber suspendido de facto con non hacer la liquidación tributaria. Ahora, si el Pleno también quiere aprobar o suspender, lo que abunda no daña y todos contentos. ¿Vale?

SR. INTERVENTOR: ¿Me la puede repetir, si hace el favor?

SR. REY VARELA: Se é posible, sen a imposición dunha taxa poñer en funcionamento o servizo de recollida e depuración de augas residuais, asinar a encomenda e se estaban previstos os gastos de arranque e primeiro funcionamento no estudio de costes que deu lugar á taxa.

SR. INTERVENTOR: Lo que es imposible es poner en marcha cualquier prestación de un servicio sin financiarlo. Desconozco alguna de la normativa que ha citado antes en su intervención, porque lógicamente, como no venimos preparados para tomar parte en el Pleno, pues no tenemos todas las leyes en la cabeza. En cualquier caso, sí creo recordar que en el protocolo, en el estudio económico que sustentaba ese protocolo se preveían una serie de gastos, cuyo importe ahora no recuerdo, una parte de los cuales estaba destinada a la puesta en funcionamiento y arranque de la instalación.

SR. ALCALDE: Contestado queda.

SR. DÍAZ DOCE: En primeiro lugar, paréceme ben que despois de tres semanas o PP teña encontrado xa unha argumentación sobre o que ten acontecido. Levoulle un tempo pero, bueno, está ben que despois de tres semanas xa sexa capaz de dicir algo respecto da cuestión.

Tamén quería dicir, que non me quedou claro. Me quedou claro que lle incomoda que se traia a cuestión ó Pleno. O que non me quedou claro, despois da intervención breve do Sr. Rey Varela é que ten pensado facer respecto da cuestión que se trae aquí a votación, porque non o deixou claro.

Para deixar claro tamén o que aquí se dixo, en ningún momento se renuncia á derogación da taxa e precisamente porque non se renuncia á derogación da taxa, o que aquí se pretende facer é unicamente neste momento suspender inmediatamente a aplicación desa taxa para proceder á derogación desa taxa da mellor maneira posible, porque, evidentemente estamos ante unha cuestión complexa, hai informes solicitados que precisamente para o éxito dunha cuestión irrenunciábel para o noso goberno, como así se dixo e así se segue a dicir e así sigo dicindo hoxe, eu, precisamente para que esa cuestión irrenunciábel sexa plantexada e levada a cabo con éxito, pensamos que é convinte adiar o inicio do procedemento de derogación e por eso se retiran eses puntos da orde do día de hoxe.

En todo caso, nalgunha parte da intervención do Sr. Rivas dubidaba se lle estaba pedindo explicacións a este goberno ou ó goberno anterior, porque este goberno xa ten anunciado, así o dixo tamén, o seu rexeitamento, tanto ó protocolo de execución concertada e á encomenda de xestión que están detrás de toda esta cuestión. En todo caso reitero aquí que unha cousa é plantexar ese rexeitamento e outra cousa é o modo e o procedemento de levalo a cabo. Precisamente e porque estamos ante cuestións complexas para levalo a cabo con éxito alén do plantexamento político e da manifestación política.

En todo caso, teño aquí unha serie de anotacións respecto das diferentes intervencións que aquí se fixeron. Falaba o Sr. Rey Varela de herdanzas. Pois, home, a herdanza que nos deixaron con esto, bueno..., tamén sería cuestión de falar, outro día podemos falar de herdanzas respecto a esta cuestión ou doutras. Sei que o Partido Popular é moi dado a utilizar os primeiros cen días do seus gobernos para falar de herdanzas unicamente. Nós pretendemos, máis que falar de herdanzas, resolver herdanzas. En todo caso, tamén se falaba aquí, no primeiro punto da orde do día, da labor de fiscalización, que é obrigación e que pretende facer a oposición. Se a labor de fiscalización que vai facer é a mesma que fixo con Emafesa durante os catro anos anteriores podíamos estar ben tranquilos. Tamén se dicía aquí que non se recolle nas actas todo o que se di nas reunións. É certo e ó mellor nalgunha desas reunións do Consello de Administración de Emafesa non se recolleu todo o que se dixo nesa reunión, non se recolleu nas actas. E como se nos dixo na última reunión é que ó goberno anterior lle valía que non lle dixéramos nada. Pois bueno. Claro, eso non está recollido na acta, pero seguramente así se explican tamén algunhas das cuestións que hoxe nos traen aquí.

En todo caso, insisto, tamén hai reunións nas que non se recollen actas, ou encontros. Precisamente este verano había un en Cedeira no que estaba o Presidente do Goberno, o Presidente da Xunta e o Presidente dunha grande empresa do noso país. Creo que non se recolleu acta. E teño aquí entrecomillado unhas palabras do Sr. Rey Varela: "Hai outros intereses".

Sabíamos, éramos coñecedores todos, polo menos así o denunciábamos da insensibilidade política do Partido Popular. O que non tiñamos tan claro, polo menos ata que visitamos a Edar é que esa insensibilidade política se tiña convertido en insensibilidade nos sentidos da vista e do olfato, porque calquera persona que visite a

estación depuradora é perfectamente consciente dende o minuto un que esa estación depuradora non depura e do mesmo xeito que fomos conscientes todos os que a visitamos fai tres semanas, tiveron que ser conscientes todos os membros do goberno anterior, moitos deles sentados nesa bancada, que visitaron en diferentes ocasións esa estación depuradora. Polo tanto, sabían perfectamente a situación da estación depuradora e como sabían perfectamente a situación da estación depuradora, que non depuraba, resulta sumamente incomprensible as publireportaxes e declaracións nas que se pretendía dicir o contrario, ó mesmo tempo que se poñía en marcha unha taxa que falaba de depuración. Ó mellor o que se tiña que ter tido en conta, ó mellor habería que cambiarlle o nome á taxa e ó mellor dese nome, que ben busca as cosquillas para cubrirse todos os recunchos, poderíamos ter posto unha taxa que se chamara "taxa de case se depura un pouquiño", como dixo a Conselleira de Sanidade. Pero non se fixo eso.

Aquí tamén teño recollido "escenificación". Home, cando podemos ver aínda en You Tube unha publireportaxe de agosto de 2014, pagada polo concello, na que hai unha escenificación da posta en marcha da depuración, cando un ano despois eso segue sen funcionar e non funciona durante todo un ano, que se fale aquí de que nos gusta a escenificación..., ten tela a cousa. Ten tela a cousa. Pagado con recursos públicos, unha publireportaxe. E se fala tamén aquí, teño apuntado o tema do saneamento do rural, que está pendente. Curiosamente, ó mellor me equivoco, pero, bueno, curiosamente, un dos hitos da campaña do Partido Popular nesta última precampaña foi a presentación dun panel co saneamento do rural. Días despois xa das eleccións, un proxecto relacionado con eso chegou ó concello pola empresa Emafesa. Relato simplemente cuestións e cada un que faga a reflexión que proceda. En todo caso e como aquí do que se trata, neste punto, á marxe de toda a cuestión de depuración, da que se depurarán as responsabilidades nos diferentes canles, porque aquí estamos falando de Administracións, todas elas gobernadas por un mesmo partido, que no ano 2014 e no mes de maio-xuño transferiron unha responsabilidade, ata que en último término esa responsabilidade fose cargada ós veciños de Ferrol, dándose as grazas todos eles de maneira sucesiva, á marxe de toda esa cuestión e de que imos facer agora para resolver esa herdanza que nos deixaron, o que aquí se trae a votación é "suspendemos ou non a aplicación da taxa?". Evidentemente, así se dixo. Poderíamos telo feito de facto, pero a min me gustaría tamén saber que opina o Partido Popular, sei que lle incomoda a cuestión, pero que diga que pensa facer con esta cuestión. Do mesmo xeito que cando traigamos a derogación da taxa me gustará ver que é o que fai o Partido Popular con esa cuestión.

Máis alá de escenificacións, que di o Sr. Rey Varela que a palabra dos políticos vale pouco. Bueno, a de algúns máis que a doutros.

SR. MONTES CELEIRO: Ola, bo día a todos e a todas. Eu o primeiro que agardaba da intervención de Xosé Manuel Rey respecto a este tema eran as desculpas que debía presentar a todos os ferroláns e ferrolás sobre este tema. Porque ben é sabido que as hemerotecas son moi sabias e as palabras están aí. O papel moitas veces terma de



todo e agora trata de xustificar o dito, do dito ó feito, e hai unhas declaracións que son claras: "La Edar de Ferrol funciona desde agosto tratando y depurando toneladas y toneladas de augas contaminadas, que antes iban directas a la ría". Aí hai unha parte de verdade, non van directas á ría, van a cano libre a Prioriño, como ben poidemos ver, como ben pode ver calquera persoa que acceda á instalación, como dixo o compañeiro Bruno.

Tamén chama a atención, nesas pequenas notas que eu tomei e as que tomou tamén Bruno, onde a vostedes chámalles a atención o negocio da auga que fai o Concello de Narón. Non lle chama a atención o negocio da auga e doutros servizos públicos que fai Florentino Pérez, porque vostedes comparten mesa e mantel en Cedeira. Debe ser amigo del, porque eu cando vou a Cedeira así nese plan tamén vou cos meus amigos, eso é certo. Entón, a mentira nunca pode xustificarse e eso foi o que se fixo na cidade de Ferrol. Non lle importaron as 3.000, case, reclamacións que houbo, non lle importou, tiraron para diante, miraron para outro lado. E falaba de espectáculos. Espectáculo foi cando entramos alí e vimos como estaba aquela instalación, donde os propios operarios que estaban alí traballando, xente que vive do seu traballo, contaban que levaban alí meses, anos, tratando de arranxar unha instalación. Eso pódeo ver calquera persoa que vaia á instalación.

Falaban vostedes de alarma social, de que creábamos alarma social. Repito, non se poden xustificar as mentiras. Alarma social foi a que creou o seu portavoz en Santiago, cando foi a outra crise política da auga, chamando envenenador a este goberno.

E cando falen de tratamentos da estación depuradora asuman que o único tratamento que hai na estación depuradora é o que vulgarmente, e para que todo o mundo entenda, é un colador. Hai un colador e a parte sólida queda na Edar e a parte líquida, escura, negra, vai ó fondo do océano. Nada máis.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Eu, en primeiro lugar, quixera saber se a proposta, a emenda que lle fixen á súa proposta a vai someter a votación ou non.

SR. ALCALDE: É unha modificación da proposta, da nosa propia proposta, eu entendo que habería que votar primeiro entón a emenda e logo o texto tal e como está.

SR. RIVAS RICO: Evidentemente. Eu o que lle estou propoñendo é que inclúa a réxime de votación os puntos que pretenden eliminar. Se eso sae adiante teremos que votar eses puntos se non sae adiante pois xa non teremos que votar nada. Estou solicitando que someta a votación o feito de ter que votar eses puntos ou non.

SR. ALCALDE: Ben, rematado o debate votaremos en primeiro lugar a emenda, en segundo lugar o texto, como se fai normalmente.

SR. RIVAS RICO: Co cal non eliminamos os puntos.

SR. ALCALDE: Hai unha emenda na que se elimina o punto 2 e o punto 3 e se modifica o 1. Esa emenda se vota en primeiro lugar e, en segundo lugar, se vota o texto tal e como se presentou.

Vótase en primeiro lugar a modificación do goberno e se logo...

SR. RIVAS RICO: Sr. Suárez, eu...

SR. ALCALDE: O goberno modifica a súa proposta, é a que se somete a votación e logo, se hai unha emenda donde se pide que se

rectifique e se vote a proposta tal e como estaba, se vota en segundo lugar.

SR. RIVAS RICO: En todo caso, eu vou a ser breve. Se vostedes renuncian á derogación da taxa, o que non entendo é por que pretenden eliminar unha proposta que traen hoxe ó Pleno. Se vostedes non queren derogar esa taxa, da mesma maneira que tampouco quixeron derogar a ordenanza de animais perigosos, como pretendían facer e supostamente anunciaron no Pleno do mes de xullo, é evidente que a súa política se basa unicamente nas declaracións de intencións que despois non teñen ningunha plasmación práctica nas decisións que toman nos Plenos municipais, que é donde teñen que tomar vostedes as decisións.

E dicirlles, sobre todo ó Sr. Díaz, que é o que solicita que lle aclaremos se lle pedimos explicacións ó goberno actual ou ó anterior. Evidentemente ó goberno anterior non lle solicitamos explicacións porque non ten que dar explicacións de nada, se comportou dunha maneira absolutamente cómplice, sumisa, aceptou a xestión dunha infraestrutura que estaba obsoleta, que non tiña capacidade para funcionar e o fixo ademais en complicidade coa Xunta de Galiza. Asumiu que o Estado non tiña ningunha responsabilidade respecto desta infraestrutura de saneamento da ría de Ferrol e o que solicitamos é explicacións a se o novo goberno vai seguir actuando na mesma dinámica e parece que si porque, como lles dixen na miña primeira intervención, vostedes non piden ningún tipo de explicación ó Estado, máis que as súas declaracións nos medios de comunicación. Asumen a recepción da infraestrutura por parte da Xunta e non cuestionan que teñamos que xestionar unha infraestrutura obsoleta. O único que propoñen ou que propoñían e que pretendían era a derogación dunha taxa municipal inxusta e incomprensible e agora nin iso por, supostamente, un inconveniente xurídico. Eu o que non entendo e o que non acabo de comprender é que é o que vostedes agardaban. Se pretendían que quitándolle os ingresos da taxa á empresa esa empresa non iba a tomar ningún tipo de decisión. Non sei se pretendían que eso fora a acontecer. Pero eu o que si teño claro e o que deberían ter vostedes é que se cobrar por un servizo que non se presta é ilegal, cal é o problema de derogar esa taxa que está vinculada á prestación dese servizo? E ademais, cando vostedes durante os meses pasados, previo ás eleccións municipais, recolleron, coma nós, alegacións para que esa taxa fora derogada e que presentaron ós veciños e veciñas desta cidade. Vostedes que pretendían? Que esas alegacións serviran unicamente para que houbera un cambio de goberno e despois deixar isto sen efecto? Esa era a súa intención?

En todo caso, eu tamén lles quero facer outra pregunta. No momento en que poida chegar a funcionar, que xa cada vez teño máis dúbidas de que eso poida acontecer nalgún momento. No momento en que vaia a funcionar esa depuradora van a cobrar vostedes unha taxa? Pretenden vostedes impoñerlle unha taxa ós veciños e veciñas desta cidade pola posta en funcionamento e polo mantemento dunha infraestrutura que é competencia estatal? Pretenden facer eso? Gustaríame que nos respondese a eso. Se vostedes pretenden desenvolver unha nova taxa? Porque eso tamén é algo que os veciños e veciñas desta cidade seguramente terían dereito a saber. Porque circunscribirse á política de apariencias que vostedes están a

desenvolver en todo o tempo que levan xestionando este concello, parece que non é a mellor opción a escoller por un goberno municipal. Políticas que ó final non teñen ningún tipo de contido e cando a teñen as eliminan do debate político. Fume e castelos no aire. Eu o que si quero é que lle quede claro que con nós non conten para seguir desenvolvendo fraudes coma os que pretenden desenvolver no día de hoxe. Teñen vostedes un informe técnico no que se lles asegura que a depuradora non entrou en funcionamento. Eu non sei que é o que máis necesitan. En todo caso, dicirlle tamén ó Sr. Rey Varela que foi a Xunta de Galiza quen considerou que a imposición dunha taxa é unha consideración potestativa do Concello de Ferrol e que se pode facer a través doutras vías a xestión deste proceso.

Pouco máis. Esta situación está chegando a un punto de despropósito que para nós resulta xa case intolerable. Moitas grazas.

SR. REY VARELA: Muy brevemente. Lo primero, pues, en fin, como dentro del espectáculo metemos a Florentino. Miren, es muy fácil hacer demagogia. Yo lo que les digo es que la Corporación y el gobierno anterior veló por los intereses generales del Concello de Ferrol y de todos los ferrolanos y fue capaz de obtener unas condiciones más ventajosas de las que estaban adjudicadas previamente por un gobierno que no era del Partido Popular. También hay que decirlo.

En segundo lugar. -Sra. Sestayo, usted estaba en el gobierno municipal cuando se estaba construyendo la depuradora y ni una palabra nunca. Y el Plan Hidrológico Nacional fue hecho por el Partido Socialista. Y no voy a embarrarme en eso, ya bastante barro tenemos, porque tenemos un problema. Y el problema, lo que tenemos que hacer es solucionarlo. Y yo por eso quiero hacer un último llamamiento a la responsabilidad. Nosotros no le podemos acompañar en una propuesta que modifican cinco minutos antes de entrar en el Pleno. Algo que no es ni siquiera competencia del Pleno. No se lo podemos apoyar. Pero háganlo bien y es posible que tengan nuestro apoyo, sin engañar tampoco a nadie. Y lo digo porque en este trimestre va a llegar mucha más agua, con una alta carga contaminante a la estación de bombeo y, miren, como mínimo la luz tiene que funcionar y el 51% de esa empresa es del Ayuntamiento de Ferrol. Si dejamos sin recursos a esa empresa estamos paralizando el saneamiento de nuestra ría. Pueden decir lo que quieran, la realidad al final es esa. Y la realidad, Sr. Rivas, se lo contesto yo. Es que al final este gobierno va a cobrar una tasa por el saneamiento.

SRA. SESTAYO DOCE: Simplemente por alusión. Efectivamente formaba parte dun goberno que estaba construíndo unha depuradora. Unha depuradora para que depurara, non para enganar ós cidadáns e non depurara. Cando se recibiu esa depuradora e cando se anunciou que se estaban depurando toneladas de metros cúbicos, o fixo un alcalde do PP, Rey Varela; estaba un goberno do PP, Feijoo; estaba un goberno do PP no Estado, Mariano Rajoy. Os tres do Partido Popular. Vostedes, os que son cómplices de Florentino. Efectivamente.

SR. REY VARELA: -Sr. alcalde, o retira esa palabra de este Pleno o tendremos que tomar algún tipo de medida de carácter judicial.

SRA. SESTAYO DOCE: Non vou retirar nin unha sola palabra.

SR. ALCALDE: Eu quero tamén, como membro de Ferrol en Común, facer unhas consideracións, se se me permite.

Eu creo que, en primeiro lugar, a suspensión da aplicación implica que non se lle vai a cobrar ningunha taxa a ningún veciño nin veciña de Ferrol, que é o que nós levamos no noso programa, como levaban moitos grupos aquí presentes, e abrir un camiño, para chegar a un obxectivo final, que ten que vir avalado por informes técnicos e xurídicos tamén como protección para os intereses da cidadanía de Ferrol. Eso en primeiro lugar.

Aínda non rematei.

En segundo lugar, eu alégrome moito que o Partido Popular opte pola remunicipalización o que non me alegro tanto é que sexa pois como se dixo daquela vez, aínda que poidan acusarme de demagogia, pois como aqueles salarios en termos diferidos. Eu creo que se apostamos pola remunicipalización ten que ser agora, vendo que hai o que nós consideramos a falta deses informes, incumprimentos moi graves por parte do socio privado.

Tamén quero dicir que non existía a depuración porque ata hai cinco semanas non existía enerxía eléctrica. Vostede o sabe, que había un xenerador que funcionaba durante sete horas ó día. Había solo unha persoa contratada por Emafesa, directamente por Emafesa, e o resto era unha subcontrata cunha industria especializada en suministro, mantemento eléctrico, que era a que estaba levando adiante ese mantemento, pero non existía depuración e así nolo transmitiron os propios técnicos cando fomos a visitar Emafesa que, por outra parte, pois indo alí á zona donde está o emisario vese perfectamente o que hai. De todas as formas, xa que vostedes ofrecen a cooperación, agardo que esa cooperación sexa efectiva á hora de reclamar esas grandes reparacións que como vostede ratificou non lle corresponden ó Concello de Ferrol, senón a outra Administración ou a unha empresa constructora, que está por dilucidar.

E, por último, sen entrar tampouco en moito debate político, que creo que non me corresponde polo cargo que ocupo, pois tamén se é certo que Narón está facendo negocio coa auga a costa de Ferrol, que é o que se vén mantendo dende aquí, pois tamén cabe preguntarse que se fixo durante os últimos anos para tratar de paliar esa situación e que Narón non estivera a acometer ese tipo de negocio.

Por último, agora si que remato, xa non interveño máis. Que non entendo moi ben, froito dos acordos, a relación que hai entre depurar a auga da ría e construír unhas infraestructuras entre A Malata e a zona rural. Eso pode dar lugar a entender que se permitía que non funcionase a Edar porque a cambio non se iba construír ese saneamento. Non sei se é así o que pretendía transmitir ou non.

Procedemos á votación da proposta do goberno e, logo, se algún grupo está interesado en recuperar a proposta inicial pois tamén a sometemos a votación.

Tamén procedemos á votación, entón, da proposta inicial, que se converte nunha emenda do BNG, que é o que ten interés en sometela a votación.

SR. RIVAS RICO: Sometemos a votación a posibilidade de que se vote, entendo.

Votámola?

SR. ALCALDE: Si, si, que senón votamos dúas veces.

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DO XXIX CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO, QUE TERÁ LUGAR DO 20 Ó 27 DE NOVEMBRO DE 2015 E DAS BASES REGULADORAS DO MESMO. Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, Educación e Universidade, que textualmente di:

"O Concello de Ferrol organiza, a través da concellería de Cultura, a XXIX edición do Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol", aberto a pianistas de todo o mundo, con idade comprendida entre os 16 e 35 anos e que terá lugar do 20 ó 27 de novembro de 2015.

A estes efectos redactáronse as bases reguladoras deste concurso, sendo previamente informadas pola xefatura de Servizo do Negociado de Cultura e resultando acreditada a existencia de crédito orzamentario suficiente para sufragar os gastos inherentes a este premio, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a celebración do XXIX Concurso Internacional de Piano, que terá lugar do 20 ao 27 de novembro de 2015 e as bases reguladoras do mesmo, que se achegan como anexo a esta proposta.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 24.500 € con cargo á partida 05101-3301-480.00 (Núm. de operación RC 215100481, Ref: 356) en concepto de premios en metálico, de conformidade co establecido nas bases".

Previa deliberación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta transcrita.

#### DELIBERACIÓN

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: O que traigo aquí, dado que o día de hoxe foi bastante suave, non?, entramos con Cultura polo menos. Se trae a aprobación a celebración do Concurso de Piano e as bases, que simplemente é a edición vinte e nove e é un premio que leva un importe do concello de 78.900 euros, dos cales 17.000 euros son dun convenio coa Deputación e tendo en conta a tradición pois espero o respaldo de todo o mundo. É todo igual, no único que hai unha modificación é na tradución en inglés. A modificación da tradución en inglés pon que parecía que non quedaba claro, de resultados doutro concurso, de se había a obriga ou a oportunidade de celebrar un concurso coa sinfónica para o gañador e eso dou algún que outro problema no pasado. É unha modificación do texto en inglés. Unicamente. O resto é exactamente como sempre, seguindo a tradición. Así que pido o apoio de todo o mundo para este, que é un dos premios máis importantes, máis tradicionais da cidade. E nada máis. Moitas grazas.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE FERROL PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS DEZ CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DO CONCELLO. Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, Ensino e Universidade, que textualmente di:

“Nos últimos catro cursos escolares veuse prestando o servizo de comedor escolar en oito CEIP do Concello, incorporándose a partir do mes de decembro do pasado curso o CEIP Ponzos, mediante a subscripción de convenios de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol.

Considerando que se manteñen as mesmas circunstancias do pasado curso escolar e visto o convenio remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para os cursos 2015-2016 e 2016-2017, no que se inclúe o CEIP A Laxe que está prevista a súa implantación proximamente e visto o informe emitido pola xefatura do servizo, esta concellería delegada de Cultura, Ensino e Universidade, ó abeiro do establecido no art. 22.2.g) da Lei 7/85, propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar, previo informe da Secretaría Xeral e da Intervención Municipal, o convenio de colaboración anexo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar nos dez centros de ensino público do Concello, polo que se establece unha aportación de 137.772,00 euros por parte da Consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 09.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, divida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2015: 21.285,00 €  
Ano 2016: 68.886,00 €  
Ano 2017: 47.601,00 €”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e tres votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Popular e Ciudadanos e dúas abstencións, dos sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou a aprobación da proposta transcrita.

#### DELIBERACIÓN

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: O que traemos aquí é o convenio para manter o servizo de comedor escolar, tal e como se leva prestando nos últimos anos. Supoño que vai haber un debate político intenso e importante con isto e eu teño que facer aquí tres ou catro consideracións importantes.

En primeiro lugar, sinalar que este convenio foi levado á xuntanza cos directores de todos os centros escolares e foi levado tamén á xuntanza, da que falaba anteriormente, coa FEANPA e con todas as ANPAS de Ferrolterra. Todo o mundo recoñece na práctica e na praxis que o sistema que agora mesmo se leva dende o concello é o

mellor e o máis práctico que agora mesmo hai posiblemente no conxunto de Galicia, pero dende logo no entorno. Porque inclúe aspectos que, tal como xestiona a Xunta non se levan adiante, como pode ser o servizo de almorzos. Eu lembro que o ano pasado nun mes se prestaban ó redor de 4.000 almorzos.

Eu quero clarificar tamén que é un acordo por dous cursos escolares, porque o que se nos pide para manter unha certa continuidade, porque falamos de tres anos, falamos en varias ocasións de tres anos, son dous cursos escolares e eu penso que tamén cumpre aquí unha reflexión e eu dende logo a levo adiante, e ademais na xuntanza coa FEANPA saíu ese tema e se debateu e eu estou de acordo. Eu o que tamén penso é que este servizo lentamente ten que ir camiñando hacia a consideración, non como de ser un, que non sexa un carácter extraescolar, senón que sexa integrado dalgunha maneira no que é o propio servizo ou a propia Consellería de Educación, porque é verdade que é un servizo que cada vez ten máis importancia e que ademais, e eu que son profesor, si que é verdade que no conxunto do día a día dos colexios todos son servizos moi profesionalizados. É dicir, en xeral todos os profesores, todos os mestres e demais é xente cunha titulación, cunhas oposicións e nos cargos da pública e demais e un servizo que está collendo cada día maior importancia, coma o servizo de comedor, dalgunha maneira non deixa de ter un compoñente, vamos a dicir amateur, ou non ten uns requisitos ou unhas esixencias tales coma outras partes da educación.

A min me parece que politicamente traballar para que eso sexa recoñecido como parte do día a día do servizo de educación é xusto, da mesma maneira que tamén é xusto sinalar, como o fago aquí, que tal como se presta a día de hoxe o servizo e que ademais se nos mantén dende case todas as instancias, o servizo como se presta a día de hoxe no Concello de Ferrol é mellor, dende logo, que nos contornos. E nada máis.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias. Simplemente para decir y seré muy breve, que creo que lo que funciona bien tiene que mantenerse y por tanto si ese servicio funciona bien, como se está diciendo, y, efectivamente, no hay descontento con el, sino al contrario, con el servicio de desayunos, es lógico entonces que se mantenga. Simplemente decir eso y que mi voto será favorable, por supuesto.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Teño que dicir primeiro que non comparto a opinión do concelleiro, porque o que se está falando é que o servizo que se ofrece dende a xestión municipal para os comedores, que é de moita calidade, que incluso, falámolo na Comisión esta semana, fálase de que é de mellor calidade do que se ofrece nos comedores escolares xestionados pola Xunta. Ben, eu penso que o que se debería facer, en calquera caso é esixir que a Xunta preste ese servizo que lle corresponde, que é competencia súa coa maior das calidades, incluíndo almorzos ou o que sexa necesario. Penso que o que se debe facer desde os gobernos municipais é esixir que esa competencia a asuma quen ten que asumila, que é a Consellería de Educación, coa máxima das calidades. Nós, dende o BNG, seguimos demandando, como fixemos sempre, que a Xunta de Galicia asuma esta competencia, simplemente porque lle corresponde. Repito. E

simplemente porque o servizo de comedor non é, como ben dicía o concelleiro, un servizo asistencial, senón que tamén ten unha función educativa e unha función que lle correspondería prestar á Xunta, miremos por donde o miremos.

Nós defendemos que o Concello de Ferrol non debe asumir esta xestión e censuramos, por tanto, a actual postura do goberno, que comparte e continúa cos criterios que xa tiña o anterior goberno municipal, por outro lado. E o certo é que o actual concelleiro expresou nestes últimos días o seu cambio de postura ó ter reunións coa comunidade educativa de que o servizo funcionaba moi ben. Nós tamén sabemos que é certo que as ANPAS están contentas con este servizo pero si que prefiren que a xestión volva a ser autonómica; é dicir que a xestione a Xunta. Non é certo que haxa un consenso en que os comedores..., non somos os únicos que pensamos iso, deban ser xestionados pola Xunta.

En calquera caso, insistimos en que o labor do goberno municipal debe ser en esixir que este servizo sexa de calidade e reivindicamos que debe esixir todas as melloras precisas, pero non gastar os escasos recursos, como ben se dicía en Comisión esta semana, dos que dispón o concello en competencias que non lle son propias.

Pensamos, ademais, que en lugar de asumir estas competencias que non lle corresponden, o que se debería facer é prestar en boas condicións as competencias que xa e teñen adquiridas. Imos facer unha crítica a unha cuestión que é o tema das bolsas e dos comedores escolares que, como todos ben sabedes, as clases comezaron o día 10 e o certo é que as listaxes de Benestar, como comentamos en Comisión, coas persoas beneficiarias, cos nenos e nenas beneficiarios das bolsas, non estaban nos centros. A explicación que se nos deu en Comisión é que se xustificou pois porque a persoa ou funcionario-funcionaria neste caso, que fai ese traballo non puido facelo antes porque, bueno, hai uns prazos. Nós o que queremos dicir con isto é que entendemos todas as problemáticas, pero pensamos que eso que si que é competencia do concello debe ter unha previsión e unha mellor xestión para que non pase. E que un neno, que ten dereito a unha bolsa de comedor, non quede nin un día, nin medio día, sen poder acceder a ese servizo. Ademais pensamos que tamén se deberían cambiar cousas como, por exemplo, que se segan a dar bolsas ó alumnado de centros que non son públicos. Entón, esas cousas si que pensamos que son competencia, un traballo que se podería facer dende o concello e que, en definitiva, o que esperamos é que no futuro o goberno reconsidere e cambie esta súa postura e volva á postura que tiña anteriormente da xestión da Xunta dos comedores escolares. Grazas.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Muchas gracias, Sr. alcalde. Quiero empezar mi intervención leyendo unas manifestaciones vertidas en el Pleno del 29 de enero del 2015, por los portavoces de los diferentes partidos políticos que en ese momento conformaban la oposición al anterior gobierno municipal. Concretamente el Sr. Rivas Rico por el BNG manifestó y leo entrecomillado: "Únicamente dicir que compre que a Consellería asuma a competencia que lle corresponde, de xestionar estes comedores escolares dunha vez por todas e que non continuemos a desenvolver convenios".



Acabo de escuchar que el BNG mantiene esa postura, si bien el otro día, en la Comisión Informativa de Cultura del viernes pasado, la concelleira, Sra. Espiñeira, votó que estaba a favor de conveniar. Yo sé que las votaciones en Comisión son preceptivas no vinculantes o también incluso todos somos humanos y podemos cometer un error. Yo veo que hay una coherencia en lo que mantenían el 29 de enero del 2015 con lo que está manifestando ahora.

Por parte del PSOE, el portavoz en ese momento, el Sr. López Castrillón, dijo textualmente: "Y recordarle al Sr. Alcalde-Presidente de la FEGAM que los ayuntamientos estamos sufriendo estas competencias impropias de la gestión de los comedores escolares, que se interceda ante la Xunta para que pronto Ferrol deje de tener esa competencia impropia".

Y dejo para último lugar al Sr. Basterrecha, por Izquierda Unida en ese momento. Explica su voto en contra a conveniar con la Xunta, diciendo textualmente, en el mes de enero del 2015, de este año: "É certo que nós non compartimos o modelo de xestión, cando é a Xunta a que ten que asumir esa competencia". Podría leerles otras manifestaciones vertidas en diferentes Plenos, pero todas van en el mismo sentido, por lo que prefiero simplemente hacer una pequeña reflexión. Hace unos meses, el actual Concelleiro de Educación, desde la oposición, defendía una gestión directa de la Xunta, de los comedores escolares de los CEIPS de Ferrol, acompañado en ese momento por el Bloque Nacionalista Galego y por el PSOE. Ahora, que forma parte del gobierno, con una falta total de coherencia, nos pide el voto para llevar a cabo una firma de un convenio con la Xunta de Galicia, para así poder seguir gestionando, al igual que en los cuatro años precedentes, los comedores escolares a través de una encomienda de la Xunta al Concello de Ferrol.

Desde el grupo del Partido Popular, tanto gobernando como ahora en la oposición, siempre mantuvimos la misma postura, que los comedores escolares pueden ser gestionados a través de una encomienda por Administraciones públicas diferentes a la Xunta de Galicia, y así aparece recogido en el Decreto de Comedores, en el artículo 2, apartado 1º, letra d). Por eso, por lo dicho hasta ahora, indicarles que les vamos a acompañar con nuestro voto, con la satisfacción de que los comedores escolares de los CEIP de Ferrol se seguirán gestionando como se hizo en los últimos cuatro años. Últimos cuatro años de trabajo, que han permitido que a día de hoy podamos afirmar que el 100% de los colegios públicos de Ferrol cuentan con comedor escolar.

-Sr. Basterrecha, me vuelvo a dirigir a usted. Le vamos a dejar trabajar, no vamos a llevarle la contra o criticarle en este supuesto. No sé yo en el futuro, pero por el mero hecho de estar en la oposición no debemos mudar nunca nuestra postura. Y les acompañamos también con nuestro voto, también muy importante, por la coherencia que debe regir en las actuaciones de todo cargo público. Nos congratulamos que hayan tenido en cuenta el parecer de la comunidad educativa de Ferrol y sobre todo que hayan cambiado de opinión y sigan la estela que marcamos en los cuatro años anteriores. Gracias.

SRA. SESTAYO DOCE: Simplemente unha apreciación, porque ó abeiro da cuestión dos comedores de Educación, saíu o tema das bolsas dos comedores propia de Benestar e quero clarexar sobre todo en aras á xustiza, respecto das funcionarias e dos funcionarios de Servizos Sociais, onte mesmo, efectivamente, se facía a pregunta por parte do BNG, por que se retrasara durante catro días a listaxe dos comedores de Benestar, das becas-comedor. Se clarexou claramente por parte da funcionaria xefa de negociado, que actúa como secretaria nesa acta, que non foron catro días, senón que foi só un día e que, bueno, é certo que durante anos pasa isto porque existen algunhas familias que sen que exista nin que se queira, dende logo, xustificar as familias, é cuestión de que exista un prazo e que ás veces se presenta o último día de prazo e ademais non presentan a documentación e o criterio que ten Servizos Sociais non é excluír ningunha familia que teña falta de recursos aínda que lle falte unha documentación e ós centros educativos hai que enviarlle a listaxe completa. Tamén se experimentaron e se dixo por parte, ademais doutros grupos, do Partido Popular, que mesmo un ano se adiantou o prazo e exactamente, é certo que todas as familias en xeral están acostumbradas a un prazo de matrícula que se vén mantendo durante anos e é cando acuden a información e polo tanto cando se adianta pois non se matriculan. Polo tanto, non foron catro días, foi un día e, sen prexuízo de que para o ano que vén intentaremos, loxicamente, que estea, ese día non quedou ningún neno sen acudir ós comedores. E ademais este ano, como xa antes expliquei, existen máis nenos e máis nenas que é unha preocupación e con necesidade de becas de comedor, polo tanto tamén a previsión inicial se superou con creces respecto a outros anos e, polo tanto, bueno, teño que deixalo claro, porque ademais o traballo dos Sevizos Sociais, das traballadoras e da xefa do negociado dos Servizos Sociais foi increíble e, bueno, exactamente haberá que dar lugar a outra reflexión, que é a necesidade de incrementar plantilla nos Servizos Sociais, pero ese é outro tema.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Brevemente. En ningún momento a miña crítica era contra as persoas que traballan, ás funcionarias do concello. A miña crítica é contra a burocracia, a miña crítica é que penso que se debe xestionar e prever este tipo de situacións para que non pasen. Simplemente é a nosa postura.

Despois gustaríame tamén matizar unha cousa respecto á intervención da concelleira, porque o certo é que o outro día, na Comisión do venres tratamos esta cuestión, hai dúas semanas penso, xa, e o certo é que no BNG seguimos mantendo a mesma postura, como vostede ben relatou. Se imos apoiar este convenio é porque pensamos que agora si que non hai tempo para modificalo. Agora este convenio debe seguir adiante, non imos empezar agora a revisar o modelo de xestión, pero si facemos unha crítica e avisamos de que a nosa postura é distinta. Nós defendemos que a xestión debe volver a ser da Xunta, porque é a quen lle compete. Non é ningún tipo de contradicción. Certo é que tampouco hai ningún problema por equivocarse. Cando nos equivoquemos rectificaremos. Pero non compartimos este modelo. Si apoiamos o convenio.

E, si me gustaría matizar unha última cousa. Que o outro día na Comisión falábase da opinión da comunidade educativa respecto ó

servizo dos comedores escolares e o certo é que, os nosos datos, a opinión é boa, non é certo que a comunidade educativa en xeral e que as ANPAS en xeral prefieran unha xestión municipal. Están contentos coa xestión que teñen hoxe en día, o que non quere dicir que non entendan que as competencias, ou que non compartan que as competencias deben ser da Xunta. Grazas.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Maldita hemeroteca, non? Pero, vamos a ver, e teño unha explicación tamén en todo esto.

En primeiro lugar, vamos a ver. Eu creo que hai unha certa lóxica en todo isto e ademais agradecer primeiro o voto favorable. Non vou a recurrir a que non tiña outro remedio, porque o certo é que é verdade, e ademais o falamos con anterioridade, é un tema que abordei con todos os ámbitos educativos e é verdade que a xente está contenta e eso desde logo é importante e á hora de xestionar é moi importante, pero que a xestión sexa correcta. Con respecto a outras localidades, donde por exemplo non hai almorzo ou hai dificultades como acontece no veciño Narón, por certo, non implica, que ademais creo que é algo que vai a ser así finalmente, tarde ou temprano, que deixe de considerarse finalmente o servizo de comedor como unha actividade complementaria, porque o certo é que cada día é unha das partes máis importante do día a día educativo e que ademais vai esixir, e como vemos que hai pequenos problemas ou incidentes de vez en cando nos comedores, que teñen moito que ver precisamente en ese non estar considerado como parte do servizo educativo, que esixiría pois moita máis titulación, profesionalidade e demais e todo eso, eu dende logo creo na participación, ademais é un tema que levamos tempo debatindo, que incluso na intimidade, se me permites, de cal é o mellor sistema ou non e dende logo non teño ningún problema en mudar puntualmente, polo menos para sacar este convenio, porque parece que é a petición da comunidade escolar e me parece lóxico e razoable, polo tanto, responder a eso.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Muy brevemente. Quiero decir, a modo de resumen, que sí había tiempo para cambiar la forma de gestión de los comedores escolares. Era tan fácil como acudir a una reunión a la Xunta a Santiago, porque se podía hacer de forma automática. Incorporar este año los diez CEIPS de Ferrol para que la gestión fuese directamente por la Xunta. No había ningún tipo de problema. Porque se nos planteó este tema el curso anterior, la opción de cambiar en el mes de mayo la gestión de los comedores, para que fuese la Xunta quien lo gestionase directamente y fue una decisión del gobierno anterior, porque así decidimos continuar, como venían dirigiéndose o gestionándose los comedores hasta ahora. Por eso quiero decir que no es cierto que no pudiesen gestionarse directamente por la Xunta, sí había tiempo. Por eso llego a una conclusión: Que es una promesa incumplida. Si ustedes llevaban en su programa, en las elecciones pasadas, el cambiar la forma de gestión de los comedores, sí pudieron haberlo hecho. Y también quiero decir, pero ya a modo de cierre, que nos alegramos que se haya aprobado por unanimidad la posibilidad de conveniar con la Xunta, pero también me da mucha tristeza que durante cuatro años -el Bloque me estáis diciendo que no-, bueno, por mayoría si no por unanimidad, -el Bloque entonces supongo que se va abstener-, pero que es una pena que

durante cuatro años nos hemos encontrado con todos los partidos políticos en contra y el único, pues bueno, le devuelvo la razón ahora al Bloque Nacionalista Galego, es el único que mantiene una postura coherente y yo desde esta bancada lo aplaudo. Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Simplemente, antes de proceder á votación un matiz tamén que quero engadir eu. Se ben é certo que o ano pasado tiveron esa posibilidade en maio de 2014, nós en maio de 2015 aínda non estábamos aquí. Polo tanto, a nosa posibilidade non era a mesma. Simplemente era unha cuestión de matiz.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Volvo a dicir que o que dixen, que tampouco ía a escudarme neso, pero a verdade é que por calendario practicamente é imposible, pero xa dixen que non me ía escudar neso. Non, porque é de convencemento do tratado pola comunidade escolar, vamos.

SR. ALCALDE: Ben, sometemos a proposta a votación.

SR. SECRETARIO: Se requiere quórum de mayoría absoluta legal.

7. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE ENSINO DO NOSO TÉRMINO MUNICIPAL PARA O MANDATO 2015-2019. Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, Ensino e Universidade, que textualmente di:

“A representación municipal nos consellos escolares de todos os centros educativos públicos de ensino do noso termo municipal, teñen unha duración igual á lexislatura da Corporación.

Por iso, unha vez rematado o proceso das eleccións municipais é preciso nomear ós concelleiros e concelleiras para a representación municipal nos ditos consellos.

En consecuencia propónse ó Pleno municipal o nomeamento dos seguintes concelleiros/as como representantes municipais nos centros que se sinalan.

<b>CENTRO</b>	<b>REPRESENTANTE</b>
CEIP A Laxe Valón	José Tomé López (PP)
CEIP Esteiro	Ana M <sup>a</sup> Rodríguez Masafret (C's)
CEIP Recimil	Jesús Basterrechea López (FeC)
CEIP Isaac Peral	Alejandro Langtry Caínzos (PP)
CEIP Manuel Masdías	María Esther Leira Penabad (FeC)
CEIP Pazos	José Tomé López (PP)
CEIP Ponzos	Eva Espiñeira González (BNG)
CEIP Cruceiro de Canido	Iván Rivas Rico (BNG)
CEIP San Xoán de Filgueira	Alvaro Montes Celeiro (FeC)
CEIP Almirante Juan de	Susana Martínez Galdós (PP)

Lángara y Huarte	
IES Canido	Felipe Sas Río (PSdG-PSOE)
IES Concepción Arenal	Bruno José Díaz Doce (PSdG-PSOE)
IES Catabois	Martina Aneiros Barros (PP)
IES Ferrol Vello	M <sup>a</sup> Teresa Riveira Roca (FeC)
IES Leixa	Verónica Casal Míguez (PP)
IES Ricardo Carvalho Calero	Francisco Javier Breijo Devesa (PP)
IES San Saturnino Montojo	María Fernández Lemos (PSdG-PSOE)
IES Sofía Casanova	Eugenia Freire Fajardo (FeC)
CEE Terra de Ferrol	Verónica Casal Míguez (PP)
Escola Náutico Pesquera	Martina Aneiros Barros (PP)
EPA Santa María de Caranza	Rosa Martínez Beceiro (PP)
EOI Ferrol	José M. Rey Varela (PP)
Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño	Rosa M <sup>a</sup> de las Nieves Méndez Fonte (PSdG-PSOE)
Escola Infantil de Ferrol-Caranza	Beatriz Sestayo Doce (PSdG-PSOE)
Escola Infantil Ferrol-Esteiro	Beatriz Sestayo Doce (PSdG-PSOE)

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta transcrita.

#### DELIBERACIÓN

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Simplemente, na relación que se pasou hai un erro, que figuran repetidas dúas veces a mesma concelleira de Ferrol en Común e sen embargo non está presente outra compañeira. Donde pon CEIP Manuel Masdías, en vez de Teresa Riveira Roca sería Esther Leira Penabad. De acordo? Foi un erro e non hai máis historia.

8. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO BARRIO DE FERROL VELLO, RATIFICANDO A APROBACIÓN PROVISIONAL DO 30.12.2014, LOGO DA APERTURA DE NOVO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA ABERTO DESPOIS DE DITA APROBACIÓN PROVISIONAL. Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Medio Ambiente e Servizos, que textualmente di:

“Visto o informe-proposta da Xefatura de Servizo de Urbanismo e Infraestruturas emitido con data de 11.09.2015 que literalmente di:

"I.- Con data do 10.09.2015, o arquitecto municipal emitiu o seguinte informe en relación á resolución de alegacións e aprobación provisional do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello logo do novo período de exposición pública:

"Con data de 16/05/2014 aprobouse inicialmente o Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello. Tras a dita aprobación solicitáronse os informes sectoriais preceptivos que correspondían á fase de aprobación inicial co resultado da constancia de todos eles no expediente administrativo emitidos en sentido favorable á aprobación provisional do documento. Asemade, trala aprobación inicial expúxose o expediente á información pública e achegáronse 18 alegacións en prazo e unha fóra de prazo.

Os informes sectoriais que foron remitidos en sentido favorable e que son os preceptivos nesta fase procedimental son os seguintes: Administración competente en materia de Patrimonio do Estado; Administración competente en materia de Patrimonio da Xunta; Consellería competente en materia de patrimonio cultural; Ministerio de Cultura; Ministerio de Defensa; Portos do Estado (Ministerio de Fomento); Administración autonómica en materia de costas; Administración estatal de costas; Ministerio de Industria para emitir informe en materia de telecomunicacións. Igualmente solicitouse e achegouse o informe da Administración competente en materia de afeccións aeronáuticas. Con data de 11/01/2013 a Consellería de Medio Ambiente emitiu a decisión de non someter o documento ao Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

Con data de 23/12/2014 o equipo redactor do Plan Especial achegou o documento de Plan especial cara a súa aprobación provisional de Decembro de 2014 acompañado do informe de resolución das alegacións achegadas na fase de información pública e dos informes en relación aos emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por Portos do Estado e pola Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

O Excelentísimo Concello Pleno, en sesión celebrada con data 30/12/2014 procedeu a aprobación da proposta de resolución de alegacións e á aprobación provisional do documento do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello.

Posteriormente, solicitáronse os seguintes informes sectoriais: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente (Dirección General de Sostenibilidad de La costa y el Mar); Autoridade Portuaria Ferrol - San Cibrao; Ministerio de Fomento (Portos do Estado); Consellería de Mediambiente, Territorio e Infraestructuras (Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo); Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Sobre o texto aprobado provisionalmente, recibíronse, ata ao momento, os informes favorables do IGVS, Autoridade Portuaria, Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección General de Sostenibilidade de La Costa y el Mar e de Puertos del Estado. Unicamente resta o informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Con data 16/03/2015, aínda que o documento aprobado provisionalmente non contén modificacións substanciais respecto ao aprobado inicialmente (polo que non sería necesario reiterar o trámite de información pública logo da aprobación provisional), logo do informe do servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27-02-2015, e en aras a garantir unha maior participación cidadá no procedemento, someteuse o contido íntegro do documento do Plan Especial a unha nova información pública durante o prazo dun mes contado a partires do 25/03/2015 (data na que se realiza a última publicación no DOGA, no BOP e en dous diarios). Unha vez transcorrido o devandito prazo, achegáronse dúas alegacións que non foron estimadas. Detectáronse no documento, por parte dos servizos técnicos municipais, a necesidade de realizar unha serie de subsanacións da redacción que non provocan modificación algunha no Plan.

Con data 10/09/2015, o equipo redactor do Plan Especial achegou o documento de Plan Especial de setembro de 2015 acompañado do informe de resolución das alegacións achegadas na nova fase de exposición pública e cos informes en relación aos emitidos por IGVS, Autoridade Portuaria, Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección General de Sostenibilidade de La Costa y el Mar y de Puertos del Estado cara á unha nova aprobación provisional.

Visto o documento achegado para a devandita aprobación provisional de setembro de 2015, así como o informe de resolución de alegacións e os informes en relación aos sectoriais emitidos; infórmase que cumpre con todas as prescricións normativas da lexislación de patrimonio cultural e sectorial aplicable e contén os documentos propios dos plans de protección, dando cumprimento ao disposto nos artigos 68 e 69 da LOUG e contendo o catálogo previsto no artigo 75 da citada lei. Igualmente dá cumprimento ao art 78 do Regulamento de Planeamento. O dito documento achegado non contén modificacións que impliquen cambio substancial do documento aprobado inicialmente (aos efectos do artigo 86 LOUG), así como tampouco contén modificacións substanciais con respecto ao texto aprobado polo Pleno o 30/12/2014, polo que os informes sectoriais emitidos logo da aprobación provisional do 30/12/2014 se consideran xa aplicables ao texto achegado pola equipa redactora en setembro 2015.

O artigo 69.4 da LOUG esixe o trámite do informe preceptivo e vinculante da consellería competente en materia de urbanismo previo a súa aprobación definitiva nos termos do artigo 86, que regula a remisión do expediente á Consellería tras a aprobación provisional do documento. Procede, por tanto, a solicitude de informe á Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas (Dirección Xeral de

Ordenación do Territorio e Urbanismo) de informe, previo á aprobación definitiva do Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello.”

**II.-** Con data do 11.09.2015, o Xefe do Servizo de Urbanismo e Infraestruturas emitiu o seguinte informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, en relación á resolución de alegacións e aprobación provisional do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello:

“O Concello encomendou a redacción do Plan especial de protección e rehabilitación para o conxunto histórico do Barrio da Magdalena declarado ben de interese cultural na súa categoría de conxunto histórico por Decreto da Xunta 33/2011, de 10 de febreiro en cumprimento do artigo 45 da Lei 8/1995, de 30 de outubro de Patrimonio Cultural de Galicia, polo cal se obriga a redactar un Plan especial de protección para o conxunto declarado B.I.C. Por acordo do Pleno do Concello de data de 30 de setembro de 2010 a Corporación municipal por unanimidade acordou a redacción do Plan especial de protección para o caso de que o Barrio de Ferrol Vello fose declarado B.I.C.

A regulación normativa dos plans de protección atópase nos artigos 68 e 69 da LOUG en relación ao artigo 75 da mesma no relativo ao Catálogo que debe conter, e no artigo 78 do Regulamento de Planeamento. A súa tramitación regúlase no artigo 86 da LOUG.

En relación a esta figura do Planeamento, o artigo 70 do PXOM vixente remite a súa ordenación detallada á redacción dun plan especial de protección, aínda que a dita remisión non pode entenderse referida ao específico plan especial da lexislación de patrimonio cultural dado que a declaración de BIC na súa categoría de conxunto histórico é posterior á entrada en vigor do propio PXOM. O dito artigo 70 contempla unha ordenación provisional coa ordenanza 2 en tanto non se aprobe o plan de protección que regula.

Como consecuencia co exposto, estamos perante un plan especial que debe tramitarse de conformidade co artigo 69.4 da LOUG que expresamente remite ao artigo 86.1.d) da mesma Lei. Polo tanto o procedemento aprobatorio do plan rexeráse polos trámites do artigo 86 da LOUG, séndolle de aplicación a letra d) do número 1 do dito artigo, de tal xeito que o documento debe ser aprobado de forma provisional coas modificacións que foran pertinentes tralo resultado da exposición pública e do contido dos informes sectoriais recabados.

Con data do 30.12.2014, o Concello en Pleno aprobou provisionalmente o documento do Plan Especial de decembro de 2014 xunto cos informes de decembro de 2014 achegados pola equipa redactora ao respecto dos sectoriais remitidos (Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Portos do Estado), e realizar os trámites legais cara a



súa aprobación definitiva con mantemento da suspensión do outorgamento de licencias no conxunto do ámbito do Plan Especial, nos termos do acordo da aprobación inicial do Pleno de 16.05.2014.

Logo do informe achegado polo servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27-02-2015, no que se require a remisión do anuncios de aprobación inicial en dous diarios de maior difusión da Provincia, emítese informe xurídico con data do 05.03.2015, e procédese á apertura dun novo período de información pública (que non resulta obrigatoria por non existir modificacións substanciais no documento aprobado inicialmente, aínda que vén a proporcionar unha maior participación cidadá no proceso de planeamento dotándoo de maiores mecanismos participativos e de enriquecemento en sí, sempre desexable no proceso de elaboración do planeamento), producíndose publicación no BOP, DOG, dous edictos nos diarios de maior difusión ("La Voz de Galicia" e "Diario de Ferrol") do 17.03.2015, taboleiro edictos e no páxina web do Concello.

Con data do 05.05.2015 expediuse certificado das alegacións achegadas no trámite de información pública, constando que se achegaron alegacións por parte de JERPU,SA (o 09.04.2015) e por Antonio Sánchez Ramos (o 24.04.2015).

En abril de 2015, a equipa redactora do Plan achega informe das alegacións achegadas no novo trámite de información pública, informando a súa desestimación.

Con data do 10.09.2015, a equipa redactora do Plan achega o Documento de Aprobación Provisional do Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello, incorporando as subsanacións e incidencias dende o acordo plenario do 30.12.2014.

En relación ao documento de Plan Especial de data setembro 2015, o informe de alegacións e os informes ao respecto dos organismos sectoriais achegados pola equipa redactora dende a aprobación provisional do 30.12.2014, o arquitecto municipal emitiu informe favorable en data do 10.09.2015 tanto respecto aos seus respectivos contidos coma respecto á aprobación provisional do documento do plan especial achegado, por cumprir coa normativa vixente. Tamén se manifesta no informe que non se producen modificacións substanciais no documento aprobado inicialmente.

Consta no expediente que con data de 23.01.2013 tivo entrada no Rexistro Xeral a decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a non necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica o documento do Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello, polo que non resulta de aplicación o apartado g) do núm.1 do artigo 86 da LOUG.

Tal como dispón o artigo 86.1.d) da LOUG, unha vez aprobado provisionalmente o contido do Plan, someterase, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da Consellería de Urbanismo e Ordenación do Territorio e máis concretamente á Secretaría Xeral de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas segundo o establecido na letra a) do núm. 1 do apartado 9 da Orde de 9 de xullo de 2009, que deberá emitirse no prazo de dous meses a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería. Transcorrido o devandito prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do Plan cara a súa aprobación definitiva .

Con respecto á aprobación provisional do Plan Especial levada a cabo polo Pleno do 30.12.2014, procede a súa ratificación, logo da desestimación das alegacións achegadas no novo período de información pública aberto logo do informe do servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 27-02-2015.

As aprobacións provisional e definitiva corresponden ao Concello en Pleno.

Por todo o exposto, infórmase favorablemente a aprobación do informe de alegacións achegadas durante a nova información pública redactado pola equipa redactora do Plan Especial xunto cos informes achegados pola equipa redactora dende a aprobación provisional do 30.12.2014 ao respecto dos sectoriais remitidos ao Concello sobre a aprobación provisional do 30.12.2014 polo IGVS, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Autoridade Portuaria, Dirección General de Sostenibilidade de La Costa y el Mar y de Puertos del Estado, e infórmase favorablemente a aprobación do Documento de Aprobación Provisional do Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello, incorporando as subsanacións dende o acordo plenario do 30.12.2014, e a ratificación da aprobación provisional de data 30.12.2014, todo informado favorablemente polo Arquitecto municipal con data de 10.09.2015."

Polo exposto, previo ditame da Comisión Informativa, **proponse ao Concello en Pleno o seguinte acordo:**

**ÚNICO.-** En relación ao Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello:

1. Aprobar o informe das alegacións achegadas pola equipa redactora do citado Plan Especial, "Oficina de Planeamento,S.A." logo do novo período de información pública aberto despois da aprobación provisional do 30.12.2014, que consta informado favorablemente polo Arquitecto municipal o 10.09.2015 e, na súa consecuencia, desestimar as dúas alegacións achegadas respecto ao documento de Plan Especial

aprobado inicialmente, na forma e no senso que obra no dito informe de alegacións da equipa redactora e pola motivación nel exposta.

2. Ratificar a aprobación provisional do Plan Especial acordada polo Pleno do 30.12.2014, á vista do punto anterior.

3. Aprobar provisionalmente o documento de setembro 2015 de Plan Especial de Protección e Rehabilitación de Ferrol Vello, incorporando as subsanacións dende o acordo plenario do 30.12.2014, xunto cos informes achegados pola equipa redactora dende a aprobación provisional do 30.12.2014 ao respecto dos sectoriais remitidos ao Concello polo IGVS, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Autoridade Portuaria, Dirección General de Sostenibilidade de La Costa y el Mar y de Puertos del Estado, e realizar os trámites legais cara a súa aprobación definitiva con mantemento da suspensión do outorgamento de licencias no conxunto do ámbito do Plan Especial, nos termos do acordo da aprobación inicial do Pleno de 16.05.2014".

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e tres votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Popular e Ciudadanos fronte a dous votos en contra, dos sres./as. membros do Bloque Nacionalista Galego, acordou a aprobación da proposta transcrita.

#### DELIBERACIÓN

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Bo día. Traemos hoxe o Plan Especial de Ferrol Vello a aprobación. Un Plan Especial como ferramenta necesaria para reconstruír o noso Ferrol, que queremos e que traemos por sentido común.

Sentido común e responsabilidade deste equipo de goberno. Digo isto porque a ninguén se nos escapa que no seu día, tanto o PSOE como Esquerda Unida, cando estaban na oposición, fixeron as alegacións oportunas ó Plan Especial, alegacións que en parte foron estimadas e en parte, como a tan discutida agregación parcelaria, non foron estimadas. Por eso estamos decididos a que este plan é unha ferramenta correcta, como ferramenta de planeamento e de desenrolo de Ferrol Vello a consensuar e modificar, no caso de que o vexadas necesario e se hai risco na súa aplicación, a modificación dalgún artigo. É por tanto apelo a ese sentido común. Non podemos retrasar máis un plan que é indispensable para lograr o novo Plan Urban da nosa cidade, que se basea na recuperación do conxunto histórico en gran parte, que retrasaría obras importantes, que están previstas pola Autoridade Portuaria e, en definitiva, que levaría á morte a un barrio en parada cardíaca, que como sabemos está en lista de espera.

Polo tanto, pido ós grupos políticos a aprobación deste plan.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias, Sr. alcalde. Decir que Ciudadanos quiere garantizar también la recuperación de Ferrol protegiendo su patrimonio histórico de innegable valor cultural, que entiende que además es muy urgente, efectivamente, el garantizar la rehabilitación de Ferrol Vello. No hemos participado hasta la fecha en ninguna de las decisiones tomadas en los Plenos de mayo y diciembre de 2014, ni se aportaron alegaciones por este grupo, porque no existíamos siquiera como grupo, pero somos conscientes y conocemos, efectivamente, las problemática y las alegaciones

existentes en su día. Conocemos así la polémica sobre la dotación de aparcamiento, también existían problemas y discrepancias sobre el plan de movilidad, también, y ya por este gobierno, la valoración de modificación del artículo 87 del plan, sobre la agregación parcial de las parcelas.

En este último caso, del artículo 87, esa posible modificación que se barajó ahí a última hora, sí están pues muy expectantes y muy preocupados, debido que considerábamos que al reducir la agrupación a dos parcelas en vez de a tres conllevaba más problemas y restricciones a la hora de realizar obras, cosa que en ningún modo hubiéramos apoyado, pues entendemos que los ferrolanos no necesitan llamar restricciones ni impedimentos para la rehabilitación.

Creemos que quizá en todo caso el plan no ha sido suficientemente explicado al ciudadano y que por ello también han sido escasas la participación y las alegaciones realizadas hasta la fecha. Debiera de haberse hecho mayor esfuerzo, entendemos, para explicar y para implicar a los propios ferrolanos sobre este plan.

En todo caso, desde Ciudadanos, creemos que demorar por mucho más tiempo la aprobación de un plan sobre un barrio que, bueno, tratado como bien de interés cultural y que ahora mismo está en situación límite, efectivamente está en la UVI, es contrario a los intereses de la ciudad y de los ferrolanos. Por eso, y aún a pesar de que este plan pudiera ser objeto de matizaciones, entendemos que es una actitud positiva y constructiva, debemos apoyar también, efectivamente, y no demorar más, porque perjudicaría a Ferrol. Así que apoyamos también con nuestro voto la aprobación del Plan Especial. Gracias.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. O 13 de setembro de 2014, a responsable de Organización da executiva dos Socialistas, aquí presente, acusou de vivir nunha auténtica esquizofrenia, entre o antigo e o actual, ó Partido Popular, en alusión ás actuacións como o Plan Especial de Ferrol Vello, cun absoluto desleixo do antigo. Este Plan Especial para Ferrol Vello contempla a posibilidade de crear aquí mesmo un centro comercial. Se creamos un centro comercial aquí como vai a sobrevivir o comercio local? Se creamos vivendas novas na fábrica de lápices, como imos rehabilitar vivenda creando vivenda nova aí ó lado?

E, outra cousa, "abrir Ferrol ó mar". Que concepto de "abrir Ferrol ó mar" é facer un ascensor panorámico que hai que subir a el para ver Ferrol ó mar.

Estes comentarios fíxoos vostede, Sr. Suárez, o 14 de maio deste ano 2015. Non hai tanto. Nun vídeo que publicou en plena campaña electoral e despois de escoitar estes comentarios, como quere que o consideremos se non é como un hipócrita, sabendo o que ten pensado facer hoxe aquí. Por certo, elimine o vídeo, aínda que só sexa por decencia persoal, por asumir as súas propias contradicións e por un mínimo de decencia. Fágao, porque eso tampouco é tan complicado.

Consideramos que vostede, e dígollo, non o tome desde un punto de vista persoal, tómeo sempre desde unha perspectiva política, consideramos que vostede é un hipócrita, porque foi vostede mesmo quen cuestionou en campaña electoral este plan por especulativo e

perjudicial, ó permitir o desenvolvemento de novas e grandes áreas comerciais e para o que a súa organización política, Esquerda Unida, tiña reclamado neste mesmo lugar, neste Pleno, ó Partido Popular, un proceso participativo dos veciños e veciñas que agora esquecen impondo os seus intereses políticos ós da cidade. Máis o grave non é o seu comportamento, o grave é que pretenden dar continuidade á política urbanística do Partido Popular, coa aprobación deste Plan de Ferrol Vello, sen ningún tipo de modificación respecto ó proposto polo anterior goberno. O grave é que asumen ademais de maneira íntegra un documento que é contradictorio, propagandístico e que destrúe a base de identidade dun barrio como Ferrol Vello, que non obriga a desenvolver ningún tipo de política destinada a iniciar un proceso de rehabilitación e renovación urbana do barrio, sen que por parte das Administracións se asuma ningún compromiso de recuperación de inmobles abandonados da súa propiedade, obviando que moitos deles son de titularidade municipal. Un documento no que non se prevé ningún tipo de investimentos públicos, nin aportación económica no barrio máis aló das reurbanizacións, nin equipamentos de vivendas, nin adquisición de inmobles, nin axudas á rehabilitación e que a súa ausencia vai facer moi difícil a recuperación deste conxunto. Un documento contradictorio que esixe o desenvolvemento dunha rede separativa ós veciños do barrio cando se está a desenvolver unha rede mixta para o conxunto da cidade, que admite ademais que existe un déficit de prazas de aparcadoiro no barrio ás que non se lles dá solución ou que a estrutura do barrio non ten as condicións para acoller o tráfico rodado con facilidade sen que exista unha potenciación dos recorridos peonís, nin a eliminación do tráfico rodado conflictivo e sen dar solución á rede de transporte público do barrio e conexión co resto da cidade. Porque o aumento que hoxe traen aquí a debate, o que si pon de manifesto en relación ó barrio e extensible ó resto da cidade é unha cousa e pon de manifesto que o barrio está nunha situación límite. Por tanto, que este documento non vaia acompañado de actuacións concretas na cidade e no barrio non ten máis valor que o de certificar o estado de abandono e risco e deterioro definitivo do barrio. Unha operación cosmética, propagandística e que non pode maquillar a intención de desenvolver a mesma política urbanística que fixo o anterior goberno do Partido Popular. O que traen aquí hoxe caracterízase por dúas ideas. Por unha parte, o que pretenden é facer vagas declaracións de intencións sen compromisos reais e, por outra, desenvolven un documento que ademais é ríxido e restrictivo, desde o punto de vista estético e flexible desde a perspectiva funcional e de contido, desfigurando e destruindo a configuración do barrio, símbolo do que xa estamos a ser conscientes de cal vai ser a súa política, unha política na que o que importan son as apariencias, a estética, as formas, non os contidos. Como senón explica que neste Plan Especial propoñan unha rede separativa de saneamento, cando están a asumir o deseño dunha rede unitaria proxectada en virtude do gravoso convenio con ACUAES? E isto é simplemente un exemplo. O mesmo documento admite no desenvolvemento deste plan un déficit de prazas de aparcadoiro neste barrio. Admite que a estrutura do barrio non ten condicións para acoller o tráfico rodado con facilidade e, en cambio, é que ademais non se planifica

ese desenvolvemento do tráfico peonil nin alternativas a ese tráfico rodado, sen contemplar ningunha potenciación das alternativas ós vehículos, ós coches fundamentalmente, nin á bicicleta nin outra alternativa ó transporte público, non presta servizo operativo, non o presta no momento actual e con este plan non existe tampouco ningunha planificación para que o poida facer. Se limita a facer referencia a un plan de mobilidade, que o resultado que nos deu cada vez é máis evidente e menos nun barrio no que ademais este plan está a contemplar máis servizos dos que existen na realidade, porque se suprimiron paradas ó longo do anterior mandato. Un plan que asume que no Paseo da Mariña se poidan seguir instalando terrazas, como noutros espazos públicos do concello que impiden a percepción dese eixo peonil e a súa utilización. Pero que vostedes, como anterior goberno municipal do Partido Popular, seguen a desenvolver a mesma dinámica respecto a este e permitir a ocupación do espazo público do Concello de Ferrol de forma caótica e discrecional, en función da decisión que poida tomar neste caso o alcalde actual, como fixo o anterior. Un plan que ademais non establece ningunha actuación sobre as infraestructuras, senón que se remite á elaboración dun novo documento, algo que pode provocar e provocará un grave prexuízo respecto do espazo público, un plan no que as propiedades públicas están absolutamente abandonadas e nós non entendemos como se lles pode pedir ós propietarios privados que actúen sobre as súas edificacións, cando vostedes son absolutamente pasivos ó respecto das súas e non asumen ningún compromiso neste plan. Teñen oito propiedades municipais sen edificar ou desocupadas. Sete parcelas de propiedade municipal, un edificio de propiedade municipal e seguen sen definir que van facer coa casa de Carvalho Calero nin especifican ningún obxectivo a incluír neste plan, un Plan Especial que debería recoller todas estas cuestións, por non falar de que o Instituto Galego de Vivenda e Solo posúe seis edificios, unha parcela e un colexio e que a metade destas edificacións están baleiras ou que o Estado, que posúe sete edificacións neste conxunto, a maioría sen uso, como é habitual, tampouco se lle esixe que desenvolva ningún tipo de actuación sobre elas. Bueno, nesto se cadra teño que facer un inciso, porque creo que xa lle pediu ó Sr. De Mesa, nese acto tan protocolario, que lle entregase o edificio xa á propiedade do concello. Entón creo que xa debe estar todo resolto. O caso é que debe ser unha resolución parecida á que fixo o Sr. Rey Varela no seu mandato, cando falaba de usos turísticos ou dependencias para a Garda Civil, que é evidente que non se formalizaron nin se concretaron en nada. Incluso chegou a falar no seu momento dunha dotación económica nos orzamentos do Estado para rehabilitación desa edificación, que parece ser que non se executou. A súa postura parece que vai no mesmo camiño. Agardo que o compromiso que adquirira co Sr. De Mesa non sexa neste sentido. En todo caso, é un plan que asume cuestións como a relación de Ferrol, a relación deste barrio co mar, que vostede mesmo cuestionaba nesas declaracións e que non supón ningún tipo de actuación respecto desa muralla, máis que o famoso ascensor panorámico e que vostedes agora asumen con total normalidade. Un plan no que se fala de axudas á rehabilitación, cando carecen vostedes do menor compromiso ó respecto neste documento. Vostedes pretenden

aprobar o plan sen iniciar o proceso de adecuación dos novos solares ós valores catastrais e á modificación das ordenanzas fiscais, que debería acompañar a aprobación do plan e non o fai. E a vostedes esto tampouco lles preocupa. Tampouco lles preocupou aprobar a inspección técnica de edificios sen ter ningún tipo de subvención que permitira que os veciños e veciñas da cidade poidan afrontar este coste de carácter obrigatorio. Ou que falen da dotación de equipamentos sociais, adecuados ás esixencias destes tempos, sen que haxa unha soa proposta concreta ou da recuperación de actividades comerciais no barrio, que preservan o principal valor de competitividade fronte ós novos espazos comerciais, cando asumen este plan dunha maneira absolutamente íntegra.

E xa para falar da cuestión tan manida á tipoloxía e agrupación de parcelar, dicirlle que a pesar de que neste documento se recolle a tipoloxía común á base para a organización e a definición dese barrio, no documento que hoxe traen aquí a aprobar, pretenden e van a permitir que con este plan se poida desenvolver a alteración tipolóxica mediante a agregación de parcelas. E non só nos edificios catalogados, senón tamén en parte daqueles que se encontran catalogados. Non só nos edificios non catalogados, senón en parte daqueles que están catalogados. Un plan que, como a mesma Lei do solo, é ríxido e restrictivo desde un punto de vista estético e flexible desde a perspectiva funcional. Permitir a anexión de parcelas de modo xeneralizado, sen concretar especificamente cales son os predios do barrio que poden ter esa necesidade e máis facelo sen determinar especificamente como facelo, supón a destrución tipolóxica do barrio, á que tantas veces se fai referencia no documento, pero é que na práctica se reduce a unha cuestión estética. O artigo 87 permite esa agregación e ademais nas construcións catalogadas levarase a cabo se o nivel de produción e de grao 3.

En relación con outras cuestións, que tamén son fundamentais neste plan, fan vostedes caso omiso, coma o que ten que ver coas bolsas de solo baleiras, as ARU, e o método en que pretenden desenvolverlas a través de estudos de detalles. Permitir que as grandes bolsas de chan que existen no barrio estean sometidas unicamente a unha reestructuración de carácter estético, definida de modo xenérico na normativa do barrio, eu creo que cando menos é discutible e que sexa exclusivamente unha definición de volume, sen condicionar a súa definición funcional, a súa definición tipolóxica, vai no mesmo sentido e que ademais o instrumento de control destas construcións sexa a través dun estudio de detalle, cando unicamente suporá redefinir alineacións e rasantes, eu cando menos considero que é cínico. Isto o único que vai permitir é unha función de control e de supervisión superficial respecto dun desenvolvemento urbanístico que xa está definido neste plan. Que ademais propoñan para a ARU unha ordenación volumétrica, que como pouco podemos calificar de caprichosa e que ademais o plan admite que se descoñece o estado da estrutura horizontal, que os materiais e as escaleiras, así como as instalacións da edificación tampouco se coñecen, pois non creo que sexa a mellor mostra do rigor e análise pormenorizado do barrio, que ademais na mesma rúa se permita a construción dunha edificación diante dunha vivenda illada, que califican como edificio

característico e por tanto salientable no conxunto edificado, é a mostra de que vostedes o que pretenden aprobar hoxe aquí é un plan con graves prexuízos para o barrio e o patrimonio construído. Que asuman a ordenación de propostas para o espazo que antes ocupaba a fábrica de lápices, demostra que non teñen a máis mínima vergoña, porque desde o Bloque Nacionalista Galego podemos asumir o argumento do equipo redactor, que escurre o vulto e afirma que a ordenación vén determinada por unha edificación do Plan Xeral, pero que o fago un goberno municipal constituído por organizacións supostamente críticas con esta ordenación, sen que pretenda facer ningún tipo de modificación, é, como lle dicía ó principio da miña intervención, hipócrita e sobre todo porque tal e como aparece reflectido no mesmo documento, a situación de abandono de vivendas no barrio nada ten que ver coas características do parcelario ou coa tipoloxía deste. Isto queda evidenciado no feito que desde o ano 2001 ata hoxe, a porcentaxe de vivendas baleiras e edificacións novas incrementouse en relación coas vellas e se pasou do 2,4% ó 9%. Por tanto non ten ningún sustento basear esta flexibilidade tipolóxica na falla de adecuacións ás necesidades de vida actual e menos facelo de modo tan xenérico e discrecional como aquí aparece reflectido. O principal atranco para a rehabilitación é de natureza económica e así o expresan o 80% dos propietarios e a falla de actuación política mediante a inversión e as inexistentes axudas públicas. A normativa que propoñen é ademais contradictoria. Non me quero estender moitísimo máis porque realmente o plan que vostedes pretenden aprobar é caótico, desastroso, contradictorio e complexo. Pretenden desenvolver unha Comisión asesora que realmente non é vinculante. Establecen os criterios para definir eses estudos de detalle que non estamos de acordo e o que si é evidente é que nestes tres meses de goberno teñen amosado que a súa política urbanística se vai a caracterizar por dar continuidade á desenvolvida polo Partido Popular no anterior mandato. Isto demostran os feitos, seguir permitindo a ocupación do espazo público de modo discrecional ó longo dos meses de verán e mediante as terrazas en función do seu arbitrio. A aprobación desa Ordenanza desa inspección técnica de edificios e agora a aprobación deste Plan Especial así o demostran. Parece obvio que con estes comportamentos nós non podemos acompañalos na aprobación deste documento e nos vamos a opoñer, evidentemente, á aprobación, de maneira coherente, de algo que levamos cuestionando desde o seu inicio. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Despois desta pequena introducción a modo de tratado. -Sr. Evia.

SR. EVIA PÉREZ: Grazas, Sr. alcalde. A ver si rematamos bien y pronto el que ya es el Pleno de la incoherencia del gobierno.

La verdad, Iván, que te lo pusieron fácil. Solo fue repetir la intervención anterior y añadir el video de Ferrol en Común, ¿no?, en tu intervención. Aunque llegué a dudar si ibas a votar a favor.

Pero como lo nombró María, lo nombraste tu, incluso lo nombró Ana Masafret, lo de las parcelas, la agrupación de las parcelas. Traemos el mismo plan que ya había redactado, con las observaciones que ya dejamos redactadas para que incluyese el equipo redactor. ¿Es así?



El artículo que voy a leer dice: "Así, de conformidad co establecido no artigo 46.2 da Lei de protección cultural de Galicia permitirá as emparcelacións e agregación de ata o máximo de tres parcelas, cando contribúan á conservación xeral do conxunto, por implicar unha mellora das relacións co contorno ou das condicións de habitabilidade ou por evitar usos degradantes. Á fronte da parcela resultante desta agregación non será superior ós 12 metros e nos supostos de edificacións catalogadas só poderá levarse a cabo se o nivel de protección é tres".

Quiero decir, que estamos vanalizando también, yo creo, la discusión. Pero bueno. De todas formas a mí lo que me extraña es que traigan a un Pleno extraordinario esta aprobación provisional cuando dentro de seis días vamos a tener el Pleno ordinario. Para eso además hubo que forzar la máquina. ¿No, María? Tuvisteis que convocar una Comisión extraordinaria, no teníamos la documentación, pero, bueno, yo me fío de tu palabra. Pero, claro, aquí coherente es el Bloque y el Partido Popular, por mucho que duela, por lo menos en este tema. No, no, porque yo creí que por lo menos ibais a pedir disculpas, porque vosotros cinco, junto con algún otro que anda por ahí perdido, llegasteis a decir que este plan ni protege ni rehabilita, que es más permisivo que el Plan Xeral de Ordenación Municipal, que abre las puertas a la especulación. Eso es no entender nada, porque lo único que puede salvar Ferrol Vello es la autopromoción. Y que contempla un centro comercial en la calle Breogán. Mecago en la leche, es que yo no lo encontré todavía. Es que cuando lo leí creí que me había metido a mí un gol el equipo redactor. No, no, es que no se puede mentir y no se puede mentir tanto, porque basándose en estas mentiras presentasteis una veintena de alegaciones al plan que sometemos hoy a aprobación provisional. Que lo sometéis vosotros. Que algunas demostraban mentiras o que no habéis entendido nada de nada. Alegaciones, por cierto, que el anterior grupo municipal del PSOE, tengo que decirlo, liderado por Natividad González Laso, en una muestra de honestidad, de coherencia y de anteponer los intereses de la ciudad o del barrio al partido, se negaron a defender.

Respecto al gobierno, Sr. alcalde, yo creo que ya lo dijo todo Ivan. Sólo repetir lo dicho en su momento por los Sres. Galán y Basterrechea al acusar al gobierno del Partido Popular de falsedad por haber abordado la aprobación inicial del Plan Especial en un Pleno extraordinario y no en una sesión ordinaria. Claro, estamos hablando de que dentro de seis días hay el Pleno. Lo dicho. Esto es una coña marinera. Y ahora vienen intentando justificar, no sé, la falta de criterio. Pero, bueno, al final lo digo claramente. Si no lo tuviese tan claro no lo diría tan claro. Estoy orgulloso de este plan. Este Plan Especial es mucho más que un buen plan, es el plan que a día de hoy Ferrol Vello necesita. Es el plan que fija las directrices que supondrán la regeneración y rehabilitación del barrio. Es, en definitiva, la herramienta urbanística que nos va a permitir construir una perspectiva de futuro para el barrio. Aprobemos este plan, redactado por uno de los equipos de planeamiento con más prestigio y reconocimiento y que cuenta con todos los informes sectoriales favorables, incluido, como no puede ser, el de Patrimonio. Que entre en vigor y cuando empiece a aplicarse entre

todos veremos si procede modificarse puntualmente para facilitar la recuperación del barrio. De ustedes, de todos nosotros depende el no retrasar ni un solo día la recuperación de Ferrol Vello.

SR. ALCALDE: Moi ben, simplemente unha consideración. Aínda que hai tanta hemeroteca, tanto vídeo, eu quero dicir que eu manteño o que dixen nese vídeo e tamén quero engadir que hai cidades como Coruña ou Santiago que levan desde xaneiro deste mesmo ano traballando para o vindeiro Plan Urban. Lamentablemente aquí en Ferrol non é así e por eso precisamos un Plan Especial que vincule directamente esas axudas con Ferrol Vello. Eso non quere dicir que renunciemos ós nosos posicionamentos políticos. Non implica que renunciemos ós nosos posicionamentos políticos e que nun futuro, valorando, con participación, pois os nosos postulados, que sigo defendendo, se materialicen neste Plan Especial de Ferrol Vello.

SR. REY VARELA: Sí, mire, no está la de la especulación. La campeona de la especulación ahora, antes acusaba de connivencia. Sería bueno que también nos dieran la opinión de si lo que hoy traen a Pleno creen que es una operación especulativa. Porque lo han dicho por activa y por pasiva y lo han repetido por activa y por pasiva. Por lo tanto creo que un respeto, ¿no? Yo creo a los miembros de la Corporación. Del partido del que sean.

Y, Sr. Suárez, sobre lo que usted está diciendo, en el documento de transvase de poderes tiene precisamente el instrumento de que el Plan Especial de Ferrol Vello puede presentarse a las Líneas de Regeneración Europea. Por tanto, que ahora presente usted como gran idea suya eso... En fin, hasta ahí podíamos llegar. Y tendrá siempre nuestro apoyo para que desde luego eso se pueda plasmar y el tiempo además da la razón

SR. ALCALDE: Creo que interpretou mal as miñas palabras e o Plan Urban, sabe vostede, o documento non chega con presentar un Plan Especial, hai que presentar un proxecto estratéxico de cidade. E donde está ese proxecto estratéxico? Non sei. Trabajando en ello.

SRA. MÉNDEZ FONTE: Primeiramente eu esperaba outros adxectivos por parte de Iván: Sumisos, cómplices, incoherentes, políticos de apariencia, fume e castelos no aire. Menos mal que esta vez foron simplemente cínicos e hipócritas. Sigamos sumando adxectivos. Eu penso que non vai a cousa nin por cínicos nin por hipócritas.

Efectivamente, ó Partido Socialista non lle gusta este plan. Non lle gusta -iba dicir absolutamente nada- algo ten de bo, que temos un plan e o que non se pode permitir esta cidade é aparecer aquí un novo goberno e como ten un gusto diferente cambiar o convenio de Defensa, darlle outra volta á Praza de España, e enterrar diñeiro por todo canto sitio hai, que non nolo podemos permitir. Tanto non nolo podemos permitir que vimos aquí a este Pleno e resulta que tamén nos vamos sen esa ampliación de crédito que queríamos; é dicir, non temos diñeiro e supoño que os que gobernaron na vez anterior deberían sabelo. Sabelo moito mellor que nós que acabamos de chegar, polo menos moito mellor ca min. Non hai. Entón aquí temos un plan. Temos un Plan Urban que non podemos perdelo de ningunha maneira e temos un Ferrol Vello que está morto, esmorecendo e non podemos perder tampouco nin un minuto máis en intervir en Ferrol Vello. Efectivamente, dicía que a nós non nos gusta especialmente este plan,

fixemos as alegacións que fixemos e poderíamos facer moitísimas máis, pero tamén somos conscientes que estamos nun momento en que hai que poñerse a traballar por Ferrol Vello e que se insisten, fisuras que poidan ocorrer, intervencións que por suposto estaríamos en contra delas, estaremos moi atentos para que todo isto non ocorra, pero o que si que temos moi claro tamén é que se temos unha serie de edificios de carácter municipal nese plano de Ferrol Vello, por suposto que temos moi claro que temos que intervir neses edificios, por suposto que sabemos o que vamos facer na casa de Carvallo Calero e por suposto que sabemos moitísimas máis cousas. Pero o primeiro que sabemos é que temos que intervir nun barrio que está esmorecendo e temos un plan que nolo vai a permitir e ademais temos un Plan Urban que temos que apoiar. Que hai plans mellores? Por suposto que si. Moitísimo mellores que este plan. Noutras cidades. Pero aquí temos este plan. Entonces non vamos a cometer a irresponsabilidade de parar a Ferrol Vello durante dous anos, esperando por outro plan, que despois o que pase polo medio nos dá igual. Temos o Camiño de Santiago pechado no kilómetro cero, que é unha vergonza. Temos casas que se están caendo, pois non podemos permitírnos e dicir "non me gusta o plan". Non. Mira, o plan non é bo, pero nos vai servir para empezar a intervir. Sobre o da marcha pois iremos vendo o que temos que facer, que é o que hai e non hai outra cousa. Pero desde logo o que non vamos a facer é paralizar o tema en Ferrol Vello.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Simplemente engadir que si que o Plan Especial ten que vir acompañado doutro tipo de medidas, como financiamento e outras actuacións que dependen tanto do concello como doutras organizacións, como da Xunta ou como do Estado, pero que non dependen de nós. É un primeiro paso que había que dar. Eu estou convencida de dar este paso.

Por outra banda, tamén dicírlle a Iván que eu lle tendín a man para facer algunhas modificacións, que se podían facer antes de presentalo e que non estaba de acordo porque non as veía suficientes e me parece ben. Tamén busquei as súas alegacións para intentar saber que era, ata donde quería chegar e non as atopei. Entón, pois simplemente dicir que está moi ben votar que non, pero hai que pensar no futuro da nosa cidade e a veces se nos esquece que está Ferrol por diante de todo. Nada máis.

SR. RIVAS RICO: Unha cuestión. Eu, non é por nada, eu é por saber como son as ordes de intervención, porque eu non me acabo de enterar.

SR. ALCALDE: -Sr. Rivas, creo recordar que os que empezaron a falar, dous por cada, foron vostedes, que falaron.

SR. RIVAS RICO: A min me dá igual que a fagan como queiran, pero estableza un criterio.

Primeiro dicir que gustaríame que por parte do goberno se nos amose a primeira acta da Comisión de Urbanismo ou de calquera outra na que presentaron vostedes a primeira proposta de modificación do Plan Especial de Ferrol Vello. Certo é que non poden facelo porque non existe e a pesar de terllo solicitado explicitamente nunha desas Comisións extraordinarias por parte do Bloque Nacionalista Galego. Solicitámoslles que presentaran algún tipo de modificación concreta, específica, respecto para este plan e vostedes non o fixeron. Levaron

a debate a Comisión extraordinaria de Urbanismo este plan tal e como estaba presentado polo Partido Popular. Esto o único que demostra é que realmente non teñen ningún tipo de intención de mudar este plan e que como dixen xa noutras intervencións a súa política se basea nas apariencias. Dicir que se quere modificar e non facer ningún tipo de modificación é a ratificación de que este vai ser o seu criterio, parece, ó longo de todo o seu mandato. Que con esto que hoxe pretenden aprobar están permitindo e legalizando todo isto que polo menos dende o Bloque Nacionalista Galego teño manifestado na miña primeira intervención e as posicións que vostedes poidan manter respecto a este plan, vostedes saberán cal é a súa decisión respecto delas, pero desde a posición do Bloque Nacionalista Galego o que pretenden vostedes facer hoxe aquí é legalizar todas estas cuestións. Permitir que se poidan desenvolver actuacións como as que lles comentaba, referido ás ARU, permitir que se poidan desenvolver anexións de parcelas, que ademais se faga sen que haxa ningún compromiso explícito en ningunha Administración Pública. Permitir, por tanto, que se poidan seguir mantendo abandonadas todas esas edificacións, que non se promova a peonalización do barrio, que non exista ningunha planificación do seu transporte público, que se sigan a asumir criterios fundamentalmente estéticos e que nada teñen que ver con posibles alternativas e solucións que poderían dar viabilidade a moitas das construcións que existen no barrio, unicamente por desenvolver criterios asumidos polas ordenanzas que aparecen neste plan, nas que nós estamos fondamente en desacordo. Xa me dirá que sentido ten o criterio do mantemento das cornisas ou o feito que as cubertas neste plan teñan que ser todas continuas e non poida haber ningún tipo de alteración e menos que asuman esto nun contorno que ten a posibilidade de desenvolverse dunha maneira pormenorizada, que se poida analizar cada unha das parcelas e que se poden facer análisis pormenorizados de cada unha das formalizacións que queiramos conseguir. Os estudos de detalle que pretenden desenvolver nesas ARUS son absurdos. A planificación e o desenvolvemento desas áreas urbanas non ten ningún tipo de argumentación e non se xustifica máis que por criterios vagos, sen ningún sentido e co cal nós non podemos estar de acordo. Se vostedes están de acordo asúmano, admítano, pero non nos veñan dicindo que pretenden facer unha modificación dun plan, que o único que están facendo hoxe aquí é asumir o seu deseño e legalizalo. A partir do día de hoxe este plan entra en vigor e vostedes serán responsables de que as actuacións que aquí se contemplan se poidan desenvolver ou non. Quédanme algunhas dúbidas. Por exemplo se vostedes nos están a dicir hoxe aquí que están asumindo o Convenio con Defensa que asinou o grupo do Partido Popular no anterior mandato. É o que nos están... Non, falo pola intervención da Sra. Méndez. Claro, pero se vostedes nos están dicindo eso aquí tamén sería bo que nos informaran desto nalgún debate nalgunha Comisión. E o certo é que vostedes non están asumindo este plan exclusivamente por diñeiro. Porque non o asumen nin por diñeiro. O están asumindo exclusivamente para poder facer unha solicitude dunha subvención, que non sabemos se se vai a conceder ou non se vai a conceder e tampouco sabemos cal é a cantidade. Se vostedes queren invertir no barrio de Ferrol Vello explíqueno,

definan, digan como, de que maneira e consignen ese diñeiro nos orzamentos municipais. O Plan de Ferrol Vello depende da súa vontade, de ninguén máis, de ningunha Administración Pública. Aquí non hai responsables fóra. Aquí os responsables estamos dentro e vostedes están asumindo o plan que o Partido Popular desenvolveu no seu mandato, un plan que vostedes cuestionaron. Lle poden dar al voltas que queiran, asumen os mesmos criterios urbanísticos que o Partido Popular. Moitas grazas.

SR. EVIA PÉREZ: Gracias. Yo quiero creer que no están diciendo toda la verdad, eh?, porque si no me voy a calentar y voy a votar que no. Así de claro. No voy a ser responsable, porque se va a votar que si, se va a votar y se va a aprobar el plan por dos cosas. Porque nosotros votamos que si y porque tenéis el plan que hemos dejado nosotros.

Lo que sí me quedo también con lo que tú dijiste, María. Hablas sobre modificaciones con Ivan y con el grupo Popular.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Hablé con los dos la misma modificación.

SR. ALCALDE: Por favor, vamos manter a orde da sesión.

SRA. MÉNDEZ FONTE: Verdadeiramente, Iván, eu non sei se é que falas moitísimo tempo e entonces eu xa me empezo a perder, pero se a capacidade de síntese que podo ter eu é a que fixeches ti ó final de que aprobamos un plan a razón dunha subvención, verdadeiramente eso é darlle a volta a todo e desde logo un xuízo de intencións imperdonable pola túa banda. Dixen desde o principio, Ferrol Vello non se pode permitir nin un día máis sen intervir nel porque está morrendo. Non é un plan que nos guste, pero si que é un plan que temos enriba da mesa e a alternativa para ese plan que ti nos estás dicindo son tres anos e non nolo podemos permitir. Por eso puxen o exemplo da Praza de España. Non vamos chegar aquí "vamos a cambiar", "vamos a facer isto", "vamos a enterrar os cartos", "vamos a facer algo novo". Eso foi o que dixeron. E entendo moito máis que é unha postura de responsabilidade que non porque nos vaian a dar unha subvención. E esto ten que quedar claro, eh?.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE OS RECORTES EDUCATIVOS NO CEIP RECIMIL. Examinada a moción que eleva o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que textualmente di:

"O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do vindeiro Pleno extraordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

A Consellería de Educación decidiu suprimir, para este curso 2015-2016, o número de unidades educativas no CEIP de Recimil, en Ferrol, sen existir ningún argumento que o xustifique.

Concretamente decidiu a supresión dunha unidade neste centro, que afecta aos nenos e ás nenas de tres anos, e que supón a supresión de dous postos de traballo, xa que con seis unidades serían precisos dous profesores de apoio, e coas cinco unidades de infantil actuais pasa a ter só unha persoa de apoio.

Segundo denuncia a comunidade escolar desde a administración informouse a principios deste mes de setembro que lles ían suprimir unha unidade en 4 anos xa que a Consellería non vai cubrir dúas prazas. Tras as queixas da comunidade escolar a Consellería finalmente decide manter as unidades de 4 anos e suprimir unha de 3 anos.

A intención inicial de suprimir esta unidade en 4 anos e que agora se pretenda facer en 3 anos demostra que non existe máis motivo para esta decisión que a de eliminar unha unidade, co fin de deteriorar e precarizar aínda máis o ensino público na cidade, máis se temos en conta que a Consellería de Educación no trata a todos os centros iguais xa que temos o caso na nosa cidade onde un centro concertado conta con menos matrícula e ao que a Consellería lle mantén as 2 unidades.

Os datos de escolarización demostran esta intención de redución de unidades como obxectivo político nos centros públicos, xa que no ano 2014 existían 22 solicitudes de matrícula e neste 2015 seguen a ser as mesmas 22, pero con 2 solicitudes para nenos con necesidades educativas especiais, o que debería ser un argumento máis para cando menos manter o número de unidades e profesorado.

O feito de que a intención inicial fose a supresión dunha unidade de 4 anos cando este ano 2015 hai 39 solicitudes e os anos pasados existían 29 demostra que non existe ningún argumento para levar a cabo esta redución neste curso escolar.

O centro de Recimil, tanto pola súa ubicación como pola súa flexibilidade, é o único que permite a acollida de alumnos e alumnas que non teñen cabida noutros centros públicos e que ademais non só desenvolve unha función educativa senón que dá cobertura a moitas necesidades sociais do alumnado que a el acode.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG somete para a toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1- O Pleno do Concello de Ferrol expresa o seu rexeitamento a decisión da Consellería de Educación de suprimir unha unidade de infantil no CEIP Recimil.

2.- O Pleno do Concello de Ferrol esixe à Consellería de Educación o mantemento das dúas unidades en todos os cursos do CEIP

Recimil e a dotación de persoal necesaria para a súa atención mantendo, igualmente, o profesorado de apoio.

3.- O Pleno do Concello de Ferrol manifesta o seu apoio as demandas e mobilizacións da comunidade educativa do CEIP Recimil.

4.- O Pleno do Concello de Ferrol insta ao goberno local a demandar unha xuntanza entre os representantes da corporación e a Consellería de Educación para resolver o conflito do CEIP Recimil”.

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós sres./as. membros dos grupos Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos (o grupo Popular non votou), acordou aprobar a moción transcrita.

#### DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Hai pedida unha intervención da Asociación de Nais e Pais, Dna. Lorena Dapena Merlán.

SRA. DAPENA MERLÁN: Bos días, señor alcalde, señores e señoras concelleiras.

En primeiro lugar queremos lamentar a decisión dos membros do Partido Popular, de non participar neste debate, entendemos que representan a un número importante de familias desta cidade ás que tamén lles preocupa a educación dos seus fillos.

Os pais de alumnos do CEIP de Recimil queremos agradecerlles a oportunidade que nos brindan para expoñer neste foro as nosas inquedanzas con respecto á educación dos nosos fillos, por mor das recentes decisións adoptadas pola Consellería de Educación e que afectan ó noso centro.

Como xa saberán a poucos días do inicio do curso fomos alertados da supresión dunha unidade de educación infantil e da non cobertura de dúas prazas de mestre neste mesmo ciclo. A pesares dos requerimentos por parte dos pais dunha explicación dos motivos destas medidas adoptadas, non recibimos máis xustificación que o cumprimento das ratios legalmente establecidas. Entendemos que estas decisións son incongruentes e arbitrarias por varios motivos.

No curso pasado, co mesmo número de matrículas permitiuse a existencia de dúas unidades no curso de tres anos, así como en cursos con matrículas similares. A decisión de unificar dous grupos afectaba, nunha primeira decisión, ós nenos de catro anos. Esa decisión foi revocada ante a presión exercida polos pais dos nenos afectados, o que supuxo automaticamente o agrupamento da unidade de tres anos. Isto evidencia a carencia absoluta de argumentos pedagóxicos, educativos ou de calquera outra natureza que non sexa económica.

Temos constancia da existencia no noso concello dalgún colexio concertado ó que se lle permite o mantemento das dúas unidades de tres anos, tendo o número de matrículas por debaixo desas ratios e que con toda seguridade non sufren as problemáticas que podemos atopar no noso colexio.

A limitación de prazas nos grupos dificulta a capacidade de incorporación de novo alumnado, que sistematicamente se produce todos

os anos no CEIP de Recimil, o que pode chegar a ocasionar un perxuízo a máis nenos dos agora implicados.

Por outra banda, temos que lembrar que o CEIP de Recimil é referente na nosa cidade pola súa labor social de integración cultural e promoción da convivencia, que lle fixo merecedor do recoñecemento como Ferrolán do Ano 2014. É lóxico pensar que a súa localización nun barrio, cun importante número de familias con diversas problemáticas deste tipo, das que se nutre en boa medida o alumnado do centro, determina que esta labor seguirá sendo necesaria no futuro, polo que será imprescindible poder contar cos recursos humanos axeitados e suficientes.

A un nivel de maior concreción encontrámonos coas seguintes situacións:

As dúas unidades de cinco anos deste curso contaban no anterior coa dedicación case exclusiva de dúas profesoras de apoio de educación infantil, debido ás importantes problemáticas habidas no grupo e que continúan existindo a día de hoxe. Neste curso contaremos cunha soa profesora de apoio para as cinco unidades do ciclo. É dicir, unha profesora de apoio para oitenta alumnos a día de hoxe. Entre estes alumnos atopámonos con varios casos de nenos con discapacidades recoñecidas, que non poderán contar coa atención especializada que merecen. Especialmente significativo é o caso dos nenos de tres anos, agrupados nunha única unidade dous días antes do inicio do curso, que xa conta coas dificultades propias dun grupo de vinte e dous nenos destas idades e no que está presente algún destes casos.

Temos que pensar tamén nas implicacións que estes recortes terán para as mestras de educación infantil á hora de exercer o seu labor, obrigadas a unha sobrecarga de traballo dificilmente asumible e aínda que confiamos plenamente na súa profesionalidade e non dubidamos de que farán o maior esforzo posible para tentar que os nosos nenos estean atendidos da mellor maneira, entendemos que as carencias e os problemas serán inevitables. Situacións deste tipo provocan sentimentos de estrés, frustración, desánimo e desencanto, ante a imposibilidade de acadar os obxectivos marcados, ós que nós somos sensibles.

Para rematar, quixera aproveitar esta ocasión para felicitar ós pais e nais do CEIP de Recimil pola súa actitude loitadora e valente e pola súa capacidade de manterse unidos nunha situación tan difícil como esta.

Quixera tamén agradecer ás institucións e medios de comunicación que están a apoiarnos nesta complicada tarefa e solicitar ó Concello de Ferrol que se sume tamén á nosa causa, brindando o seu apoio institucional a estas reclamacións, que consideramos de xustiza, por unha ensinanza pública de calidade e polos nenos e nenas de Recimil. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Moitas grazas señora Dapena e a toda a Asociación de Nais e Pais do Colexio de Recimil.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Bo día. A presentación que acaba de facer Lorena, a Presidenta das ANPAS, é a mellor da moción que hoxe presentamos. Vou intentar facer mención dalgúns aspectos que dende o



BNG consideramos fundamentais aínda que, repito, que ela recolleu a problemática perfectamente, pero primeiro, antes de comezar, gustaríame censurar absolutamente a actitude do Partido Popular ó criticar que se engada nun Pleno extraordinario unha moción deste tipo, por dous motivos, fundamentalmente porque nun Pleno extraordinario se deben tratar asuntos extraordinarios, este é un asunto moi urxente e nós consideramos que xa esperou demasiado, non pode esperar unha semana máis a traerse ó Pleno; ademais porque casualmente coincide que o Partido Popular, -volvemos a sacar a palabra cómplice-, pero é a que mellor define estes recortes que continuamente padece o ensino público na nosa cidade e no noso país. Coincidencia? Non o creo, pero dende logo censuramos a súa actitude de non participar neste debate e non apoiar a presentación desta moción.

Nos hoxe decidimos traer esta moción sobre os recortes educativos no Centro de Educación de Recimil, porque pretendemos, seguimos o obxectivo de acadar que entre todos e todas axudemos, o goberno principalmente, a revertir e solucionar canto antes unha situación que consideramos urxente. Consideramos que o que pasou, os recortes que se deron neste centro público son intolerables e inxustificables polos datos que explicaba Lorena. Fixéronse a principio de curso sen previo aviso e ó final vou dar tres datos que van demostrar un pouco que o obxectivo simplemente da Consellería é recortar profesorado, porque non se teñen en conta as necesidades reais do centro en canto a criterios pedagóxicos e educativos, simplemente cuestións laborais. Vanse dous profesores, un por xubilación, outro por unha Comisión e non se cobren esas prazas, pero non se teñen en conta os criterios pedagóxicos e educativos. Ademais, outra cuestión que tamén comentaba Lorena, que nós consideramos fundamental e que se debe de ter en conta que hai centros na nosa cidade, tamén noutras cidades, pero na nosa cidade, centros concertados que teñen unha matrícula incluso inferior, nun alumno, pero incluso inferior á do centro de Recimil e se manteñen as dúas liñas. Non entendemos esta decisión. Pensamos que isto é algo que tamén se debería de solucionar xa mesmo. Ademais, tendo en conta que no CEIP Recimil temos dúas liñas de nenos de tres anos, que ó final son os que sofren os recortes desta profesora, recordamos tamén, como ben dicía Lorena, entre estes vinte e dous alumnos e alumnas hai dous nenos que requiren unha atención especial, porque teñen necesidades educativas especiais, co cal entendemos que isto non é unha cuestión de números. Os nenos non se poden cuantificar. O tema das ratios non é unha desculpa, porque nin se modificaron as situacións nin aínda que se modificasen, entendemos que hai necesidades que se deben cubrir de forma inmediata. Nós presentamos hoxe esta moción para esixirlle ó goberno municipal que tome medidas para resolver este conflito e que interveña ante a Consellería de Educación para demandar que se cubran estas dúas prazas de profesorado, porque, como ben dicía Lorena, ademais dunha profesora de nenos de tres anos perdeuse unha persoa de profesorado de apoio; é dicir, perdéronse dúas prazas. Entón, o que nós pedimos é que se demande desde o concello, desde o goberno municipal, que se cubran estas dúas prazas, imprescindibles para que os nenos e nenas reciban unha atención

necesaria porque, como dicía Lorena, non se pode depender sempre da boa vontade do profesorado que queda nas aulas.

Consideramos ademais fundamental que se teña en conta o que comentaba tamén a Presidenta das ANPAS, que Recimil é un centro con grande diversidade de alumnado. Isto quere dicir que xa os recursos dos que dispuña ata agora non eran suficientes para cubrir todas as necesidades, agora con estes recortes vai ser ben difícil cubrilas. E ademais, tanto pola súa ubicación como pola súa flexibilidade, debemos ter en conta que o centro de Recimil permite a acollida durante o curso de alumnos e alumnas que xa non van ter cabida noutros centros. Pensamos que todas estas cuestións agravan aínda máis estes recortes. O que nos gustaría, a modo de debate, imaxino, é formular algunhas preguntas ó goberno sobre os pasos que se van dar ou os pasos que se teñen dado para apoiar e facer que se reverta esta situación no Centro de ensino de Recimil. Queríamos preguntarlle ó concelleiro por que non asistiu ó Consello Escolar que se celebrou o pasado luns 7 de setembro, tendo en conta que cando menos dende o día 4 esta era unha cuestión que xa se coñecía e tendo en conta a extrema gravidade dos datos que acabamos de compartir. E tamén pedimos que se concreten un pouco máis cales van ser as medidas de apoio que dende o goberno se está dicindo nos medios que se van dar e que se concrete un pouco que previsións se teñen, porque imaxino que dada a urxencia do tema xa saberá.

Na pasada Comisión Informativa de Ensino, penso que foi o venres pasado, pregunteille eu personalmente ó concelleiro sobre esta cuestión. O certo é que a súa resposta foi que se ía reunir coa Concelleira de Ensino da Coruña. Eu hoxe, imaxino que foi un cruce de información, pero quero preguntarlle se vai ter algunha outra reunión un pouco máis productiva. Quero dicir, deberíamos estar a ter contactos coa Xunta, coa Xefatura Territorial. En calquera caso, gustaríame que se nos facilitase esa información para ver o que se ten previsto facer. Grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Muchas gracias. Simplemente para decir que nuestros hijos, efectivamente, son el futuro y por eso tienen que tener la mejor educación y esa educación tiene que ser un derecho fundamental para que se desarrolle su personalidad de una manera adecuada.

Hemos escuchado aquí, efectivamente, las quejas en el sentido de dejar problemáticas específicas sin atender y eso resulta intolerable. En ese sentido Ciudadanos apoya al Colegio de Recimil y a su ANPA y a su Junta de padres y profesorado. Nada más.

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: O primeiro que teño que dicir dende o goberno, como xa transmitín á ANPA, é o apoio completo á reivindicación, por varias cuestións. A primeira é fundamental é que calquera recorte do ensino, aínda que estea avalado por unha ratio, é un profundo erro. É un centro ademais que todos recoñecemos, como recoñecemos o pasado ano como Ferrolano do Ano. Porque o que se está a facer é unha labor inxente no que ten que ver coa integración no conxunto, igual que pasaba co Colexio Masdías ou o mesmo Colexio San Xoán. Ademais todos sabemos que incluso dende o anterior goberno municipal do Partido Popular se estableceu un plan sociocomunitario para o barrio de Recimil, o cal dende logo implica que o ensino é

unha parte fundamental de calquera plan posible de integración ou de calquera plan posible de integración ou calquera plan posible sociocomunitario, desde logo entendemos que o ensino é a parte fundamental. Calquera apoio, polo tanto, a esa labor que se está a facer é absolutamente imprescindible. Absolutamente imprescindible e, polo tanto, como xa transmitimos á ANPA, apoiamos plenamente a reivindicación. Ademais é certo que ninguén o pode facer mellor que a presentación feita. Dito isto, eu non entendín moi ben á representante do BNG, que tiña que ver coa concelleira da Coruña. É verdade que eu me reunín coa concelleira da Coruña, o que ten que ver con todo para ter unha posición conxunta de determinados recortes. O certo é que como xa informei á ANPA tamén, daquela non houbo Comisión, eu asistín ó segundo día da concentración, o primeiro día non fun informado, non asistín ó Consello Escolar porque non estou nomeado no Consello Escolar e non teño consciencia de que a min se me chamara a ese Consello Escolar, a verdade, dende logo entendo que non fun convocado porque a día de hoxe non son representante dese Consello Escolar. Fun no pasado, pero non teño constancia de ser convocado. Falei coa Dirección do centro, falei coa ANPA, estiven na concentración e ese mesmo día pola tarde tivemos unha xuntanza coa Federación de ANPAS e con todas as ANPAS de Ferrolterra, donde mostramos todas conxuntamente o noso apoio á demanda da ANPA de Recimil. A partir dese día nos puxemos a traballar. Eu lle solicitei ó alcalde que pedira unha xuntanza coa Consellería de Educación, que está solicitada, e eu automaticamente transmitín a queixa ó Delegado Territorial de zona da situación e pedín unha entrevista. Seguimos toda esta semana pelexando pola entrevista e antonte pola tarde chegou a entrevista para o vindeiro día 23, cuestión que transmitín tamén á ANPA transmitín a necesidade e o punto específico, -hai dous puntos, puxemos outro punto- pero o punto específico é "situación do CEIP Recimil". A partir dese momento me poño en contacto coa ANPA e solicito, antes de ir aí, solicitei tamén ó Delegado Territorial de zona poder ser acompañado polas ANPAS e pola ANPA en concreto. Non fun autorizado. Xa transmitín tamén á ANPA que polo menos iba eu.

Tamén é certo que hai unha petición desde a FEANPA a la que me piden a mí que me sumen e eu acompañeino á FEANPA ou ás ANPAS a esa xuntanza. Eso é o que se me transmite a min desde a FEANPA. O 23 eu vou ter esa xuntanza co Delegado Territorial de zona e antes de proceder a ese encontro vou ter, como xa solicitei, unha xuntanza coa ANPA de Recimil para poder levar o mellor preparado posible esa demanda. Dito eso, hai unha reclamación tamén á Xunta e entendemos que estamos poñendo aí un esforzo para responder. Volvo a dicir, desde o luns nos puxemos a traballar para conseguir esa xuntanza, que esperemos sexa productiva. Todos estes argumentos vamos a poñelos enriba da mesa e ademais todo sos datos que se nos poidan aportar aínda mellor. Nada máis.

E desde logo, por suposto, apoiar a moción.

SRA. SESTAYO DOCE: Dende o grupo municipal Socialista, obviamente o apoio sen fisuras é inequívoco a estas xustas e lexítimas reivindicacións, magnificamente expostas, pola Presidenta da ANPA e desde logo, como xa explicou ademais o concelleiro de

gobierno, pois o apoio a todas as xestións que se poidan facer en todos os frentes.

Unha vez máis estamos ante a hipocresía do Partido Popular. É un Partido Popular ausente. Eso si, hoxe, a pesar dunha realidade virtual, a pesar de estar sentados non teñen nada que dicir respecto ós recortes nun centro da súa cidade e que non lles importa, bueno, lles gusta saír nesas fotos de recoñecemento, recoñecemento xusto a un centro, pero logo, cando se producen os recortes quedan impasibles ante os mesmos.

Efectivamente, esto se produce no contexto doutra herdanza, unha herdanza de 3.000 prazas docentes, eliminadas dende que está o goberno de Núñez Feijoo na Xunta de Galicia e 400 millóns de euros de recortes nos centros públicos, non así, efectivamente, noutros centros. Os mesmos que falan dos apoios ás familias e non lles doen prendas quedarse calados mentras familias con nenos e nenas de tres anos resulta que ven recortado o seu dereito á educación e o seu dereito á conciliación laboral, persoal e familiar porque a Xunta, o Sr. Feijoo, manda; e mesmo algún portavoz, viceportavoz e portavoz da Diputación, se ausentan en medio deste debate ante a petición que fan aquí as familias. Dende logo a falla de respecto do Partido Popular está chegando a límites certamente insospeitados neste concello.

Polo tanto rectificar e apoiar, desde logo, esta moción e sen dúbida contén con todo o noso apoio para a ANPA de Recimil. Gracias.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Un par de puntualizacións. Antes, cando comentaba, falaba do Consello Escolar, o certo é que neste ano, neste curso escolar non estamos aínda nomeados os representantes dos Consellos Escolares. Pero, se non estamos nomeados é porque este goberno aínda non levou a proposta, que se vai levar penso que a semana que vén a Pleno.

Está hoxe? Perdón, ben.

O caso é que non estamos nomeados, pero o ano pasado vostede estaba nese mesmo centro. Consideramos que é importante asistir a ese Consello Escolar, aínda que haxa un problema burocrático, porque é donde realmente podemos ter a información, sobre todo cando é un lugar que ten un conflito destas características. Simplemente isto. Xa sei que formalmente non estamos nomeados aínda.

Despois, cando eu falaba da concelleira da Coruña, simplemente era porque cando eu preguntei na Comisión, o venres pasado, sobre que medidas se ían tomar, que postura tiña o concello respecto a isto que se ía facer, non se me contestou. En principio, supoño, porque aínda non había previsto nada, simplemente se me falou de que había unha reunión prevista coa concelleira da Coruña, que imaxino que non ten nada que ver con isto. Compartimos o pensamento do concelleiro en canto á oposición a calquera tipo de recortes no ensino, a defensa do ensino público, pero o que esperamos do concelleiro e do goberno é que se actúe rapidamente e que se comprometa a reverter estas situacións fronte ós recortes da Xunta. Temos que conseguir que a Xunta rectifique e solucione inmediatamente este novo ataque ó ensino público e que cambie de inmediato esta decisión para deixar de precarizar o ensino.

Desde o BNG, por suposto, manifestamos tamén, por eso presentamos esta moción, pero presentamos o noso apoio para calquera

necesidade da comunidade educativa de Recimil e o noso compromiso firme coa defensa dun ensino público de calidade e o que nos gustaría é que o concelleiro, xa que ten unha entrevista coa Xefatura para o día 23, nós o que lle pedimos é que a esa reunión vaia acompañado das ANPAS, porque realmente a comunidade educativa é a que coñece este conflito, coñece os problemas, coñece a situación real do centro. Entón, nós pensamos que vostede debería insistir neste punto para ir acompañado á reunión polas ANPAS. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Votamos?

SR. BASTERRECHEA LÓPEZ: Prefería contestar e puntualizar. A ANPA sabe que foi unha cuestión..., eu levei todo o dato do ano pasado e asistín ó Consello Escolar de Recimil e a verdade é que non se prevía esta situación en ningún momento do pasado ano. Este ano non fun o 7 de setembro, porque, non é que non quixera ir por non estar nomeado, é que non estaba informado de que había ese Consello Escolar de Recimil. Entón non podía acudir donde non sei que hai unha xuntanza.

O venres na Comisión, ese mesmo venres pola mañá estiven na concentración que había. Estiven na concentración coa ANPA de Recimil. Ó mellor penso que hai un erro e que ese mesmo venres pola tarde tiña unha xuntanza coa ANPA de Recimil e con outras ANPAS de Ferrol. Tamén tiña ese mesmo venres unha xuntanza coa concelleira de Coruña, pero é posible que aí haxa un erro de información, que ese mesmo venres estaba convocado a unha xuntanza coa ANPA de Recimil.

A min me gustaría loxicamente que fora a ANPA e se solicitou e non teño problema en volver a solicitado. De feito, o acordo que se acordou coa FEANPA e coas ANPAS, que iban ser as FEANPAS e as ANPAS ás que iba adxudicada a xuntanza. Pero á espera de que eso chegara, eu tamén fixen o traballo que creo que teño que facer como concelleiro, que é solicitar esa xuntanza. E solicitei que a ANPA de Recimil acudira comigo. A día de hoxe foi negada esa posibilidade. En calquera caso, como vou a ter unha xuntanza coa ANPA de Recimil, eu entendo que podemos volver a solicitar e en caso de que sexa novamente denegada esa solicitude, penso que é mellor que vaíamos, pero é unha cuestión que someterei á consideración da ANPA de Recimil e ademais está convocada tamén a FEANPA para ver cal é a mellor medida. Dende logo, volvo a insistir, estou totalmente de acordo coa moción e estamos movéndonos, na medida das nosas posibilidades, para conquistar que nunha Administración distinta ter a maior presión posible. Xa se mandou tamén dende a Alcaldía un escrito á Consellería solicitando esa xuntanza e creo que estamos sendo bastante dilixentes. Saben ademais cal é o motivo da nosa protesta e vamos a tratar de facer a maior presión posible. Simplemente. O sea, é dicir, estando totalmente de acordo coa moción, loxicamente. Supoño que habería aí unha confusión. Ese mesmo venres estiven na concentración e pola tarde tiver unha xuntanza coa concelleira de Coruña, porque non ten nada que ver, efectivamente.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as catorce horas e vinte e tres minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e prace,  
O Alcalde-Presidente

O Secretario Xeral,

Don Jorge Juan Suárez Fernández

Don Leopoldo Moure García